



SESION ORDINARIA DE 26 DE MAIO DE 2020

(Acta número 05)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

Sendo as once horas do día **vinde e seis de maio de dous mil vinte**, a través de sistemas tecnolóxicos de vídeoconferencia, e baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Bo día, e benvidos a todos a este Pleno. Antes de comezar coa Orde do Día quería pedirilles a todos os Deputados e Deputadas, na posición en que estea cadaún para que non haxa desencadres, que gardemos un minuto de silencio por tódalas vítimas que levou por diante esta pandemia do coronavirus, e que, sen movernos de como estamos para que non nos desencadremos, pedirialle ós Servizos da Deputación que poñan un minuto de silencio”.

Unha vez rematado o minuto de silencio, continúa o Sr. Presidente na súa intervención, no seguinte sentido:

“Tamén comentarlles que, polas noticias que temos, no día de hoxe se van aprobar dez días de loito nacional; por tanto, tan pronto como se publique no Boletín Oficial do Estado esa aprobación, como non podía ser doutro xeito, as bandeiras desta Deputación Provincial ondearán a media asta durante eses dez días”.

A continuación, de acordo co sinalado na lexislación vixente, e a requirimento da Sra. Secretaria Xeral, os señores Deputados que asisten telematicamente ao Pleno sinalado no encabezamento desta Acta, manifestan que se encontran en territorio español.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE FEBREIRO, DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA O DÍA DOUS DE MARZO, E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOUS DE ABRIL DE 2020.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación ás actas da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de febreiro, da sesión extraordinaria urgente celebrada o día dous de marzo, e da sesión extraordinaria celebrada o día dous de abril de 2020, e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.



2.- TOMA DE POSESIÓN DO SR. DEPUTADO PROVINCIAL D. JOSÉ MANUEL GÓMEZ PUENTE.

Dáse conta de que con data dez de marzo de dous mil vinte, e número de Rexistro de Entrada 2020RPE004913, recíbese escrito da Xunta Electoral Central, designando a D. José Manuel Gómez Puente como Deputado Provincial. Ó dito escrito acompáñase a credencial correspondente.

A continuación, unha vez comprobada a credencial de D. José Manuel Gómez Puente, e tendo en conta que o señor Deputado presentou a declaración de bens patrimoniais e de actividades, así como toda a documentación necesaria e suficiente en cumprimento da lexislación vixente, polo que se procede a darlle posesión do cargo.

Seguidamente polo Presidente da Deputación procédese á toma de xuramento ou promesa do cargo de Deputado Provincial, baixo a fórmula: "*xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial, con lealdade a El Rey, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*", ao que o Deputado D. José Manuel Gómez Puente responde "si prometo".

A continuación o Sr. Presidente dá a benvida ao novo Deputado e comunícalle que ten dereiro ó Diploma acreditativo do cargo, á Insignia de ouro da Deputación, e á Medalla de ouro, todos eles atributos recoñecidos polo Regulamento de Honras e Distincións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sinalándolle que estes atributos lle serán entregados na Deputación tan pronto como sexa posible.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL, SOLICITANDO

MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVERTEMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de FOLGOSO DO COUREL, no que solicita unha modificación/substitución de investimentos incluídos no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019, infórmase o seguinte:

- 1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.*
- 2. O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluído o investimento e a actuación que se sinalan e se pretenden modificar:*

I.- CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL

O Concello de FOLGOSO DO COUREL, incluíu no programa de investimentos do Plan único 2019, entre outros o seguinte investimento:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOLGOSO DO COUREL	98	EXECUCIÓN DE MURO DE MAMPOSTERÍA NO NÚCLEO DE SECEDA E PRAZA NO ALTO DE VILELA, INCLUÍDO HONORARIOS	2.000,00€	33.782,29€	35.782,29€

- a) *Por acordos da Xunta de Goberno, de datas 25/10/2019 e 13/03/2020, concedeuselle prórrogas ao amantado Concello para a adxudicación do investimento indicado, ata o 30/06/2020.*
- b) *A Alcaldía do Concello de FOLGOSO DO COUREL, solicita a través de escrito con RE nº 2020RT001271, de data 18/03/2020; modificación/substitución de investimento incluído no PLAN ÚNICO, concretamente afecta ao investimento nº 98 do plan único 2019, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... non nos foi concedida autorización sectorial ...” polo que solicita a modificación do Plan, no sentido de modificar o investimento indicado, co orzamento que se sinala. Acompaña o novo proxecto e documentación relativa á nova actuación solicitada, que de ser aprobado polo Pleno dita modificación, quedaría incluída no Plan único 2019 da maneira que se indica:*

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOLGOSO DO COUREL	98	EXECUCIÓN DE PAVIMENTO DE CHAPACUÑA NO NÚCLEO DE SECEDA E MURO EN PRAZA ALTO DE VILELA, INCLUÍDO HONORARIOS	2.000,00€	33.635,67€	35.635,67€

3. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

- 4. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2019.*

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Folgoso do Courel, que se sinala, e que quedan incluídos no Plan Único 2019.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado ”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de FOLGOSO DO COUREL, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2019 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOLGOSO DO COUREL	98	EXECUCIÓN DE PAVIMENTO DE CHAPACUÑA NO NÚCLEO DE SECEDA E MURO EN PRAZA ALTO DE VILELA, INCLUÍDO HONORARIOS	2.000,00€	33.635,67€	35.635,67€

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.



3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Javier Jorge Castiñeira, D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Nós, por respecto á autonomía local dos nosos concellos, imos votar a favor nestas dúas propostas”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“No mesmo sentido que o voceiro do Grupo do Partido Popular, manifestar o noso voto favorable nestas dúas propostas, como non pode ser doutro xeito por respecto á autonomía local e ás necesidades dos concellos”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE CHANTADA, SOLICITANDO MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVERSIONES INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de CHANTADA, no que solicita unha modificación/substitución de investimentos incluídos no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019, infórmase o seguinte:

- 1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.*
- 2. O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluído o investimento e a actuación que se sinalan e se pretenden modificar:*

I.- CONCELLO DE CHANTADA

O Concello de CHANTADA, incluíu no programa de investimentos do Plan único 2019, entre outros o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	78	REHABILITACIÓN INTERIOR DA CASA ESCOLA DE MUNDÍN, INCLUÍDO HONORARIOS	--	46.919,98€	46.919,98€

- b) A Alcaldía do Concello de CHANTADA, solicita a través de escrito con RE nº 2020RPE005415, de data 20/04/2020; modificación/substitución de investimento incluído no PLAN ÚNICO, concretamente afecta ao investimento nº 78 do plan único 2019, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... non se ter obtido a día de hoxe os informes sectoriais doutras administracións ...” polo que solicita a modificación do Plan, no sentido de modificar*



o investimento indicado, co orzamento que se sinala. Acompaña o novo proxecto e documentación relativa á nova actuación solicitada, que de ser aprobado polo Pleno dita modificación, quedaría incluída no Plan único 2019 da maneira que se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	78	SUSTITUCIÓN DE CUBERTA E ACONDICIONAMENTO DE PLANTA BAIXA DA CASA ESCOLA DE SANTIAGO DE ARRIBA, INCLUÍDO HONORARIOS	--	46.919,98€	46.919,98€

Así mesmo, superado o prazo fixado nas bases para adxudicar o investimento inicialmente incluído, non téndose producido, por falta de autorizacións sectoriais, procede fixar un novo prazo para a adxudicación do novo investimento, entendéndose axeitado fixar na data do 31 de xullo de 2020, data límite para adxudicar dito investimento, e sendo de aplicación os prazos fixados nas bases para a execución e xustificación do mesmo.

3. *A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.*

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derrogada), “... Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se produce antes ou dentro do día que se

notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo”.. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite da adxudicación das obras incluídas no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN 2019, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de modificar os investimentos indicados, incluídos no Plan único 2019, do Concello indicado, e a achega a esta Deputación, debe entenderse presentadas e realizadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

En relación coa adxudicación dos investimentos fora do prazo inicialmente fixado; de acordo co establecido no artigo 28 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no paragrafo n) do apartado III do artigo 17 da lei ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención, tendo en conta o grao de intencionalidade, a contía e a gravidade do incumprimento, os prexuízos que se podan causar a terceiros e o prexuízo para os intereses públicos.

O aludido artigo 17.3.n) da LXS establece que a norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, entre outros, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente vaia percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

O Servizo de Contratación e Fomento ven aplicando en casos precedentes e semellantes ao exposto o principio de proporcionalidade e considera que procede aceptar a modificación do investimento, fora do prazo inicialmente establecido para adxudicar, con base no establecido no artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 28 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo ao amosarse unha actividade tendente ao cumprimento dos fins e obxectivos da subvención, polo beneficiario. A este respecto, cabe destacar o indicado no Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid, de 12 de marzo de 2013 que, en relación coa presentación fóra do prazo establecido dos documentos xustificativos polo beneficiario, establece que: “ ... acreditado como queda el



cumplimiento de la finalidad de la subvención dentro del plazo establecido en la orden reguladora de la subvención objeto de discrepancia, y teniendo en cuenta lo anteriormente expuesto, a juicio de esta Intervención General, no procede imponer el reintegro de las cantidades abonadas al beneficiario por la aportación extemporánea de los documentos justificativos de dicho cumplimiento, en tanto que, la inobservancia de un requisito de carácter formal no puede implicar una sanción de consecuencias patrimoniales desproporcionadas para aquel, como sería el caso del reintegro de la totalidad de la ayuda. En este sentido se ha pronunciado la jurisprudencia más reciente, como es el caso de la sentencia de 29 de febrero de 2000 del Tribunal Superior de Justicia de Asturias, que confirma la no aplicabilidad del reintegro de la subvención por el beneficiario que incumple sus deberes formales de justificación (...)”.

Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que “non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestímato” ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Neste sentido, cabe mencionar que as bases do Plan único non indican consecuencias “fatales” ou de exclusión á circunstancia de non presentar en prazo as adxudicacións dos investimentos ou non modificar estes dentro do prazo establecido para adxudicación, toda vez que se aceptan adxudicacións mais alo do prazo inicialmente establecido. Debe terse en conta o principio de “proporcionalidade” e a boa fe, xunto coa lealdade institucional, unido ao efecto útil do procedemento administrativo.

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2020, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2020, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

4. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2019.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de CHANTADA, que se sinala, así como a nova data fixada para a adxudicación do mesmo, establecida no 31/07/2020, e que queda incluído no PLAN ÚNICO 2019.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de CHANTADA, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2019 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	78	SUSTITUCIÓN DE CUBERTA E ACONDICIONAMENTO DE PLANTA BAIXA DA CASA ESCOLA DE SANTIAGO DE ARRIBA, INCLUÍDO HONORARIOS	--	46.919,98€	46.919,98€

2º.- Establecer como data límite para adxudicación deste investimento o 31/07/2020, e séndolle de aplicación os prazos establecidos nas bases do plan único 2019 no relativo á execución e xustificación.

3º.- Someter esta modificación do Plan único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

4º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento e efectos expresados no acordo".



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Javier Jorge Castiñeira, D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que os puntos cinco e seis da Orde do Día debateranse conxuntamente aínda que a votación realizárase de xeito separado.

5.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITO EN 2020.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

En relación co seguimento do PEF 2019-2020, e vistos os informes seguintes:

- Informe de Intervención de seguimento do PEF 2019-2020 de 18 de abril de 2020.
- Informe de Intervención de avaliación de cumprimento dos obxectivos da LOE a 31/03/2020 e previsións a 31/12/2020, de 6 de maio de 2020.
- Informe de seguimento do PEF 2019-2020. 2º semestre de 2019, emitido pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, da Consellería de Facenda, de 6 de maio de 2020.

Conclúese dos mesmos que á vista dos datos da liquidación do exercicio 2019, a Deputación de Lugo incumpre coa estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto con respecto ao obxectivo previsto no PEF, polo que se atopa no ámbito de aplicación do artigo 25 da LOEOSF, polo que deberán adoptarse acordos de non dispoñibilidade de créditos e medidas adicionais no orzamento de 2020 que permitan recuperar a senda de estabilidade e crecemento marcada polo PEF 2019-2020.

Polo exposto, proponse ao Pleno adoptar o seguinte acordo:

Primeiro: Declaración de Non Dispoñibilidade como fonte de financiamento do Remanente de tesourería para gastos xerais polo importe de 3.776.352,93 €.

Segundo: Declaración de Non Dispoñibilidade de Créditos nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicacións orzamentarias		Importe
9120.22706	Órganos de Goberno, Estudos e traballos técnicos	10.000,00
9200.120	Admón. Xeral, Retrib. básicas persoal funcionario	200.000,00
9200.121	Admón. Xeral, Retrib. Complem. persoal funcionario	400.000,00
9200.22201	Admón. Xeral, Comunicacóns postais	50.000,00
9320.22706	Recadación, Estudos e traballos técnicos	40.000,00
0100.310	Débeda Pública, Xuros de ptmos. e outras op. fin.	50.000,00
TOTAL		750.000,00

Abre a quenda de intervencións o Sr. Presidente e pídelle a Interventora que explique asunto. Toma a palabra a Interventora e explica sucintamente a proposta de non dispoñibilidade.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Popular D. José Jesús Novo Martínez para dicir que o seu grupo vaise abster.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sr. Deputados D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.



**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2020,
VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Toma a palabra o Sr. Presidente e explica que hai un cambio na Proposta de Acordo que se somete a aprobación xa que hai un cambio de importes entre algunha das aplicacións orzamentarias que aparecen na proposta, que pasa a ser a seguinte:

Vista a proposta inicial de Presidencia así como o informe de Intervención sobre a modificación de crédito e demais documentación, é preciso dotar os correspondentes créditos mediante unha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo consta na Memoria, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 13.623.709,93 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias		Importe
1531.76201	Acceso ós núcleos de poboación, PU	5.800.000,00 €
2314.46201	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social, PU	1.800.000,00 €
2410.46201	Fomento do Emprego, PU	2.671.617,15 €
2413.632	CENTRAD, Investimento de reposición e edificios e outras construcións	20.000,00 €
3340.76200	Promoción cultural, Transferencias de Capital a Concellos	120.000,00 €
3340.789	Promoción cultural, Transferencias de capital a entidades sen fins de lucro	55.000,00 €
3410.46200	Promoción e fomento do deporte, Transferencias correntes a Concellos	150.000,00 €
3410.76200	Promoción e fomento do deporte, Transferencias de Capital a Concellos	30.000,00 €
3420.632	Pazo Provincial dos Deportes, Investimento de reposición e edificios e outras construcións	10.000,00 €

3421.632	Escola de Piragüismo, Investimento de reposición e edificios e outras construcións	40.000,00 €
4190.46200	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca, Transferencias correntes a Concellos	40.000,00 €
4190.76200	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca, Transferencias de capital a Concellos	540.600,00 €
4590.789	Outras infraestruturas de interese ve-ciñal, Subv. Capital a fam. Inst. sen fins de lucro	220.435,87 €
9250.48900	Atención aos cidadáns, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	550.427,58 €
9420.46200	Transferencias Correntes a Entidades Locais Territoriais	180.000,00 €
9420.76200	Transferencias de Capital a Entidades Locais Territoriais	1.395.629,33 €
TOTAL		13.623.709,93 €

FINANCIAMENTO:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	13.623.709,93 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Pídelle o Sr. Presidente á Interventora que explique os cambios realizados en relación á proposta inicial, e esta explica que son os seguintes:

-Desaparece a aplicación 3340.48900, e os 25.000,00 € que nela aparecían súmanse na 3340.789 que agora pasa a ter 55.000,00 €.

-A aplicación 4190.46200 redúcese en 20.000,00 € co que pasa a ter 40.000,00 €. E desaparece a aplicación 4190.48900. Os 20 mil reducidos da primeira e os 40.600,00 € da segunda súmanse na aplicación 4190.76200 que agora pasa a ter 540.600,00 €.

Estes cambios non supoñen cambios no resto das cifras do suplemento xa que non afectan aos subtotais das áreas de gasto nin ao total do suplemento.

Toma a palabra o portavoz do Bloque D. Efrén Castro Caloto para incidir en que son cambios menores que non afectan á distribución por áreas de gasto do suplemento nin ao seu total.



Toma a palabra o portavoz do Grupo Popular D. José Jesús Novo Martínez para dicir que o seu grupo vaise abster, pero manifesta que o seu grupo propuxo incrementar no seu día a cantidade do Plan Único 2020 para atender as necesidades dos Concellos relacionadas coa crise do Covid19 e entende que neste momento iso era máis importante. Pregunta se se pode utilizar o remanente para cumprir coa regra de gasto. O Sr. Presidente traslada a pregunta á Interventora e esta di que a Lei permite un acordo de non dispoñibilidade, tanto no orzamento como no remanente líquido de tesourería que na práctica producen o mesmo efecto, e así parece recollido nos informes que figuran no anterior asunto da Comisión.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sr. Deputados D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Traemos a este Pleno a proposta para a declaración de non dispoñibilidade de crédito en 2020, co fin de poder avanzar na senda do cumprimento do plan económico financeiro que temos en aplicación por ter superado no exercicio 2018 a regra de gasto establecida pola lei, debido a diversos motivos pero principalmente polo plan extraordinario de rehabilitación de firmes, financiado cunha operación de crédito de quince millóns de euros.

Esta proposta está baseada nun informe do Servizo de Intervención de seguimento do plan económico financeiro de data 18 de abril, que establece a necesidade dun acordo de non dispoñibilidade de crédito.

Tamén a Xunta de Galicia no informe de 6 de maio de seguimento deste plan, indica que a Deputación de Lugo se atopa no ámbito de aplicación do artigo 25 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, polo que deberá adoptar acordos de non

dispoñibilidade de créditos e as medidas adicionais que considere precisas no orzamento de 2020, que lle permitan recuperar dese xeito a senda de estabilidade e crecemento marcada por dito PEF.

Deste xeito o acordo a adoptar vai consistir en primeiro lugar na declaración de non dispoñibilidade como fonte de financiamento do remanente de tesouraría para gastos xerais por un importe de 3.776.352,93 euros. E en segundo lugar a declaración de non dispoñibilidade de créditos en aplicacións orzamentarias do 2020 por un importe que ascende a 750.000 euros. Polo tanto a cantidade reservada é de 4.526.352,93 euros.

A declaración de non dispoñibilidade non significa a anulación deste crédito, aínda que con cargo a este saldo non se van poder acordar outras autorizacións de gastos nin transferencias, e tampouco vai poder ser incorporado ao Orzamento do exercicio seguinte.

É importante destacar que o cumprimento do PEF se avalía cada tres meses, polo tanto as decisións que tomamos neste momento para axustarse, como é esta conxelación de recursos que hoxe propoñemos, iranse tamén avaliando en función da evolución dos gastos e ingresos da Institución co fin de determinar se as medidas son suficientes, se hai que tomar máis, ou mesmo se as adoptadas xa non son precisas. Se en condicións normais hai que ter en conta esta evolución, moito máis na situación excepcional que estamos a vivir derivada da crise sanitaria do Covid-19 que altera calquera previsión.

Quero lembrar tamén que superar a regra de gasto en 2018 foi un desaxuste conxuntural entre gastos e ingresos non financeiros, un dato importante xa que significa que se trata dunha desviación puntual e non de carácter estrutural, o que pon de relevo que a situación económica da Deputación é saneada e estable.

E tamén quero destacar que se considerará cumprido o Plan Económico Financeiro sempre e cando na aplicación deste ano 2020 se respecte a estabilidade e a regra de gasto.

Isto no relativo ó primeiro asunto.



En canto ó asunto seguinte, o número seis, trátase dunha modificación do Orzamento de 2020, na que imos propoñer incorporar remanentes por un importe total de máis de 13,6 millóns de euros, co fin de destinalos a cumprir coa función esencial da Deputación que é a cooperación cos concellos e co tecido social e económico da nosa provincia.

Destes 13,6 millóns de euros de remanentes, máis de 3,3 millóns dedicaranse a reforzar a colaboración cos concellos e coas asociacións, co fin de que poidan impulsar medidas que melloren o benestar social e que tamén favorezan a reactivación económica e o emprego, algo que é moi importante no momento actual.

E por outra banda os 10,2 millóns que se van incluír directamente no Plan Único, tal e como xa estaba previsto na memoria dos Orzamentos deste ano nos que se incorporan ata acadar eses 21,3 millóns de euros cos que está dotado este plan de investimentos, a través do que a Deputación reparte os fondos con criterios públicos e obxectivos entre os 67 concellos da provincia.

O importe total de remanentes de tesouraría para gastos xerais da Deputación resultado da liquidación do exercicio económico de 2019 foi de 64,5 millóns de euros, dos que xa se incorporaron ó Orzamento deste ano 47,1 millóns de euros para facer fronte a compromisos adquiridos como por exemplo as obrigas derivadas do Plan Único de exercicios anteriores, de convenios asinados con concellos da provincia de tódalas cores políticas, tamén derivado da xestión dos centros de atención a maiores, ou o encargo á empresa pública Tragsa do mantemento das zonas verdes provinciais, o que permite garantir a continuidade de tódolos traballadores de Suplusa que realizaban estas tarefas nas mesmas condicións laborais e salariais.

Deste xeito, coa nova incorporación que propoñemos agora de 13,6 millóns de euros para reforzar a cooperación cos concellos e asociacións e para completar o crédito do Plan Único 2020, e cos 3,7 millóns de euros que se conxelan para cumprir co plan económico financeiro, a Deputación non ten máis remanentes dispoñibles.

E isto ven ser o que traemos nestes dous asuntos”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“En canto a estes dous asuntos que imos tratar xuntos, aínda que son cuestións un pouco distintas, si que teñen un claro matiz económico, o Grupo Provincial do Partido Popular queremos manifestar varias cousas.

En primeiro lugar, con respecto ó punto cinco, dicir que efectivamente a declaración de non dispoñibilidade ó fin e ó cabo o que revela é que por parte da Deputación non se están facendo as cousas ortodoxamente. Hai lóxicamente un incremento fóra da regra de gasto limitado, que nos leva a este tipo de declaracións que a lei matiza, e matiza o que iso significa.

Polo tanto, con independencia da gravidade ou non deste asunto, si que é certo que o que pretendemos e o que pedimos é que se mellore a xestión e se respecte a lexislación vixente en materia económica por parte da Deputación, para que non teñamos que chegar a estas declaracións de non dispoñibilidade de crédito, porque ó fin e ó cabo o que estamos a facer é non cumprindo o plan económico financeiro que tivemos que tomar no seu momento na Deputación precisamente por non cumprir esa regra de gasto.

En canto ó punto seguinte nós o que temos que dicir é que nos parece un pouco triste e desanxelado o papel da Deputación Provincial de Lugo en toda esta situación na que estamos. Cremos, e así o dixemos, que efectivamente estabamos nun momento excepcional que conleva que moitas familias, moitas persoas, moitas empresas, moitos traballadores da provincia de Lugo, igual que no resto da Comunidade Autónoma, e do país, e do mundo, están nunha situación verdadeiramente de moita vulnerabilidade.

Todo iso debería levar a que a Deputación tivera outro protagonismo, que non está tendo. Cremos, señor Tomé, que a Deputación de Lugo non está á altura do que requirían as circunstancias, non está cerca da xente, non está cerca dos concellos, e pon en dúbida precisamente ese motor que puidera ser nesta provincia.



Nós hai dous meses solicitamos que se incluíra unha partida a maiores no Plan Único, porque realmente é unha situación excepcional, negouse o Goberno aducindo certas dificultades legais e económicas para levalo adiante; e dous meses despois, é dicir moi arrastro, moi tarde, anuncian agora unha modificación de crédito, vía suplemento, anunciamos 3,3 millóns de euros para concellos e tecido social, pero realmente porque o facemos dous meses despois e fóra dun marco que nos demos todos de axuda como era o Plan Único?; pois nós temémonos, e iso é o que agardamos que se nos explique, e do que estaremos pendentes, é como se van repartir estes 3,3 millóns de euros; no Plan Único temos unhas bases consensuadas por todos para non deixar atrás a ningún concello e a ningún veciño da provincia; temos o que son criterios obxectivos que todos nos demos para que ningún veciño da provincia de Lugo, estea onde estea, se sinta discriminado.

Sen embargo sobre este implemto de crédito nada se nos di, nós non sabemos onde se van gastar os 3,3 millóns de euros, nin con que criterios. Gustaríanos, porque ademáis creo que sería bo para todos, apoiar clara e expresamente esta medida, porque lóxicamente non temos nada en contra de que se repartan 3,3 millóns, porque xa o pedimos hai dous meses e non se nos fixo caso; pero o que si queremos é saber como, non queremos que se trate coma unha negociación con convenios vía Presidente coma se fora unha situación ordinaria porque non o é.

Absolutamente tódolos veciños desta provincia están na mesma situación de vulnerabilidade na que nos atopamos todos, queremos criterios claros, queremos que non haxa discriminación a ningún, queremos saber como se van repartir, queremos saber cal é a aposta decidida polo tecido produtivo desta provincia; estamos vendo a xente que está en ERTE, empresas cunhas dificultades tremendas, que se une á xa crise industrial que hai neste momento.

Polo tanto a Deputación tiña que ter outro papel, tiña que ser unha administración próxima, cercana ós concellos, ós alcaldes e ás alcaldesas, e ós veciños; tiña que levar dous meses tomando medidas como nós pedimos no seu momento; e tiña que, ou ben aplicar os criterios do Plan Único que son obxectivos e que estamos todos de acordo en que é un reparto xusto, ou ben negociando con todos uns novos criterios adaptados á situación do Covid, pero lóxicamente respectando a autonomía local de cada concello, porque quen mellor que os Alcaldes e as Corporacións Locais saben cales son as necesidades?, ou senón alo menos telo claro todos.

Vimos aquí cun cheque en branco de 3,3 millóns, e dende logo nós imos facer un seguimento de onde van eses cartos, e non imos permitir discriminacións, non podemos deixar a ningún concello fóra porque todos teñen as súas necesidades, non imos permitir deixar a asociacións fóra, e sobre todo non imos permitir que o tecido industrial, empresarial, e de traballo desta provincia se desmorone, e a Deputación que é unha administración que debería nestes momentos xustificar para que estamos aquí, tiñamos que telo todos moi claro; está a xente esperando, estamos todos agardando. Agardamos que na segunda parte deste debate se nos vaia clarificando cal vai ser o criterio de reparto deste suplemento de crédito”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Para comezar quería unirme ás palabras da compañeira Mayra, isto é unha proposta de goberno e ela explicouno perfectamente; polo tanto nesa parte eu non vou entrar.

Tiña pensado unha intervención breve pero, como nos ten acostumados o Grupo Popular e cos seus voceiros, hai algunhas cousas que me deixan un pouco abraiado.

En primeiro lugar en canto á crítica pola ruptura da regra de gasto dicir que o Grupo Popular tamén tivo a súa incidencia na lexislatura pasada, e parte de que iso se rompera son acordos dos que eles formaron parte e estiveron a favor, polo tanto se hai que facelo mellor tamén o teñen que facer eles.

Con respecto ás dúbidas de como se reparten os cartos, que unha crítica así veña do Partido Popular onde xa temos falado moitas veces que a única Deputación que non ten un Plan Único, e que non se reparten a maioría dos fondos con criterios obxectivos, é a que goberna o Partido Popular; e a Xunta de Galicia é especialmente escura repartindo os seus fondos, que máis do 60% dos fondos faino con convenios cos concellos que consideran, pois este tipo de leccións a min deixanme un pouco abraiado.

Despois tamén me deixa un pouco abraiado, e haberá tempo no debate pero como tamén introduciu esa parte o señor García, que fale do tecido empresarial e de autónomos cando a Xunta



de Galicia creo que só quedan dúas Comunidades Autónomas en todo o Estado español que non aprobaron axudas directas a autónomos e pequenas empresas. Polo tanto, vén aquí cun discurso que se vén alguén que non estea no mundo ó mellor se lle pode comprar, pero sinceramente, vendo o que fai o Partido Popular nas administracións que goberna, a verdade é que me causa abraio, por non dicir outra cousa máis grave.

Polo tanto a Deputación de Lugo reparte a maioría dos seus fondos a través do Plan Único, do que xa temos debatido moitas veces a paternidade, pero o que está claro é que onde o Partido Popular non ten o goberno existe e onde goberna non existe Plan Único; polo tanto que cadaún saque as súas conclusións; e o que se apoia aquí é unha serie de fondos que forman parte da autonomía de goberno, e que, coma sempre, se van adicar a proxectos que son necesarios en concellos.

Falaba o Sr. García de que ían estar vixiantes, coma se isto fora un contubernio, e calquera axuda a concellos ou calquera convenio que se asine evidentemente é publico, con luz e taquígrafos, e sobre a legalidade. Polo tanto a min deixoume un pouco abraiado porque parece que só defenden certas cousas cando están na oposición, e cando gobernan esquecen o discurso. Eu pediríalles que alí onde gobernen que repartan os fondos obxectivamente como se fai nesta Deputación, e que en sitios como a Xunta de Galicia que teñen as competencias que se poñan a traballar en axudar ós autónomos e ás pequenas empresas, que nós tamén o estamos facendo; pero eles son os que teñen as competencias e o diñeiro.

Polo tanto eu pediría un pouco máis de seriedade no debate, e un pouco menos de demagoxias, porque a realidade é clara e concisa do que fai cadaún no seu goberno”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“En canto á falta de concreción no destino dos remanentes, indicarlle que teñen todo concretado na memoria de Intervención e na proposta da Presidencia, e a qué partida se vai destinar e en qué contía económica.

Con respecto ó que di do uso inadecuado dos remanentes que se podían destinar ou non para un plan, como piden, do Covid, eu preguntolle de que partida ía prescindir vostede, con que diñeiro vai financiar e asumir este gasto; porque eu creo que é importante que os nosos veciños e veciñas saiban de que ía prescindir o Partido Popular para adicar determinada contía económica a ese plan, porque obviamente os recursos son limitados e dende logo seguramente teríamos que renunciar a facer diferentes actuacións; ó mellor teríamos que deixar de atender ós maiores que están nas residencias, aqueles que ó mellor non poden pagar o custe da praza igual tiñamos que deixar de atendelos e prescindir dese gasto; ou tamén tiñamos que prescindir de recursos para os concellos; porque a iso si que nos ten acostumados o Partido Popular, que aínda no DOGA do 19 de maio sae publicada unha liña de axudas que deixan sen efecto, máis de catro millóns que deixan sen efecto señor García, e que ían ser destinados para os concellos, e moitas delas con tramitación anticipada, co cal os concellos xa teñen feito ese gasto.

Entonces nós dende logo non imos facer iso, porque obviamente hai que establecer prioridades, aínda así este goberno estivo sempre ó carón de a quen máis lle fixo falta, por iso inxectou once millóns de euros anticipando a recadación ata xuño ós concellos da provincia de Lugo. Pero ademáis diso, sabe vostede e saben tódolos Alcalde, tamén os do Partido Popular, que poden dispoñer do 50% do orzamento do Plan Único para destinalos a asumir calquera gasto derivado desta crise sanitaria.

Polo tanto paréceme un atravesamento pola súa parte que veña aquí pedir un plan poscovid, cando podemos destinar dez millóns de euros do Plan Único ós concellos a gastos derivados desta crise, e cando se nos anticipou ós concellos once millóns de euros para ter liquidez, porque hai moitos concellos da provincia que tamén teñen problemas de liquidez, e foron moitos os gastos que tivemos que asumir precisamente froito desta crise que ninguén pensaba que fosemos vivir.

Entonces dende logo eu creo que queda demostrado que a Deputación estivo sempre a carón dos concellos e a carón dos veciños e das veciñas”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“O certo é que produce moita tristeza oír falar ós representantes do Grupo de Goberno. Queda claro que non teñen ningún criterio obxectivo de reparto destes 3,3 millóns; queda claro que non son capaces de dicirnos como se van repartir; queda claro que poden deixar fóra a quen queiran; queda claro que non existe ningún tipo de colaboración coa oposición neste sentido; queda claro que no Plan Único non foron capaces de activar ningún suplemento dende hai dous meses para pelexar contra a situación na que estamos; e queda claro que este Grupo de goberno o único argumentario que ten sempre e ó que recorren é atacar e falar de Ourense e da Xunta de Galicia, se queren imos todos para Ourense para ver se o fai mal a Deputación de Ourense; o Partido Popular en Ourense goberna cunha maioría das máis amplas do Estado e co apoio dos veciños de Ourense, non sei que fan vostedes se tan mal o fan os de Ourense.

E o mesmo en canto á Xunta de Galicia, sempre atacar á Xunta e ó Sr. Feijóo, e preguntaránse os cidadáns para que serven estes Deputados?, para falar mal da Xunta de Galicia?, non teñen os seus representantes no Parlamento de Galicia?, pois mire dentro de pouco tempo van ser os galegos os que falen, e os lucenses, nós estamos aquí para Lugo, e debemos ter un papel que non temos, a Deputación de Lugo non lidera nada na provincia de Lugo.

Agora mesmo imos sacar isto adiante, non co noso voto a favor, pero tampouco en contra, porque dende logo non imos ser nós quen esteamos en contra de que se repartan a concellos e tecido produtivo desta provincia 3,3 millóns, e cremos que farían falta máis, pero é que xa o pedimos hai dous meses e non fixeron nada.

E agora dinnos que non teñen porque dar explicacións de nada porque en Ourense e na Xunta non o fan; pois isto non é o que espera a provincia de Lugo desta Deputación; e deberíamos vir cun paquete claramente definido para non deixar fóra a ninguén, para que cada concello, dentro da autonomía local do seu goberno, do seu Alcalde ou Alcaldesa, sexa da cor que sexa, soubera con canto podía contar da Deputación, cal era o apoio para esta situación da Deputación, porque non en tódolos concellos se dan as mesmas necesidades, e quen mellor cós Alcaldes e as Alcaldesas para sabelo, para que servimos?.

Imos habilitar 3,3 millóns de euros, e o Sr. Tomé articulará os convenios que el estime, pero veremos se son partidistas, veremos se non deixa fóra a moitos concellos e a moitas persoas

desta provincia; ademáis tendo xa o marco, porque nin sequera teríamos porque debatelo, porque o marco obxectivo de reparto na provincia é o Plan Único; estamos restando a autonomía local; ademáis estamos creando desigualdades; estamos non afrontando o que é unha situación especial como é o Covid que non admite este tipo de discriminacións. Veremos en que os reparten e veremos a quen deixan fóra, esperemos que a ninguén porque estaremos aí para denunciálo. E por suposto, aposten polo sector produtivo, polas empresas e os traballadores desta provincia que están nunha situación absolutamente ó límite”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sigo un pouco abraiado, eu non sei se ten problemas de conexión o señor José Antonio ou é que non entende as miñas palabras, ou incluso as da compañeira Mayra.

Dicirlle tamén que ás veces ten os datos confusos porque ata onde eu sei na provincia de Ourense nesta lexislatura a Deputación non a gobernan con maioría absoluta senón cun pacto que vostedes estarán contentos, pero está aí ó público.

Facemos a comparativa con onde gobernan vostedes porque teñen dous libros, un para onde gobernan e outro para onde fan oposición; nós estamos de acordo co reparto obxectivo, de feito aí están os Plans Únicos en tódalas Deputacións que gobernan o BNG e PSOE, e onde gobernan vostedes non o fan. E a Xunta non reparte obxectivamente, aí non hai autonomía municipal nin hai nada, reparten como queren con convenios que queren, e co escurantismo que acostuma o Sr. Feijóo.

Pero tamén é curioso que veñan esixir as competencias da Xunta ás Deputacións e ós Concellos, e fano en clave de país, ó mellor é porque están acostumbrados, porque sabe onde está unha parte do diñeiro que podía ir ós concellos?, pois son 4 millóns de euros para rescatar ós maiores da nosa provincia, facendo residencias e atendéndoos cando tiña que ser a Xunta de Galicia quen o fixera. E como están acostumbrados a que teñamos que ser os demais os que fagan o traballo que non fai a Xunta de Galicia, colleron a agulla de marear e sempre nos traen isto, pero



non é así sempre, o telepresidente non se pódese agochar detrás das cámaras da Televisión de Galicia, terán que responder; onde están as axudas a autónomos da Xunta de Galicia?.

Di que non podemos falar do que fan noutro lado, pois eu creo que en política o que está claro son os exemplos que se dan alí onde se goberna, e vostedes non están a ser moi claros. E aquí na Deputación sempre foron moi claros os convenios, sempre por necesidades dos concellos, e de feito dígame un que non o tivera asinado, é máis, neses catro millóns de euros que se aprobaron nos remanentes anteriores había varios acordos con concellos do Partido Popular e non houbo ningún problema para levalos adiante.

Polo tanto, señor García, o seu discurso non hai por onde collelo, se somos un exemplo de algo é do reparto obxectivo, e se somos un exemplo de algo é de protexer ás persoas, qué sector hai máis vulnerable que os maiores da nosa provincia?, canto diñeiro adica esta Deputación que debería adicarlle a Xunta de Galicia a protexer ós maiores da nosa provincia?; pois entón nós o que lle esiximos é que a Xunta de Galicia empece a facer un pouco o seu traballo, porque os fondos son limitados, e cando hai un problema se gobernan teñen que asumir a responsabilidade e non mirar para o resto de gobernos”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Indicarlle tamén, como di o Sr. Efrén, que cando vostede tivo responsabilidades de goberno non sei se recorda o diñeiro que destinaron a unhas horas da moción de censura, e con que concellos firmaron os convenios, porque foron preto de tres millóns de euros para concellos gobernados única e exclusivamente polo Partido Popular.

Entón leccións nese sentido ningunha, vostedes veñen aquí e levan toda a crise sanitaria intentando axudarlle a facer campaña ó Sr. Feijóo, e veñen con ese discurso, e a iso responde todo canto nos din tanto nas notas de prensa coma nos debates. Pero aquí hai unha realidade e unha diferenza moi clara, mire, na anterior crise, na crise do ladrillo, cando vostedes gobernaban, o Partido Popular, a quen rescataron foi ós bancos, e cando gobernamos os socialistas a quen rescatamos é precisamente ás persoas, ás PEME, ós autónomos, porque a día de hoxe son moitos

os que están cobrando os ERTes, as axudas do Estado, e ós que se lles está devolvendo o diñeiro dos seguros sociais. Esa é a diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista cando gobernan”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Antes de someter a votación este punto, señor García, a verdade é que hoxe non teño pensado intervir moito porque prefiro os debates cando son presenciais ca telemático, que sempre hai inconvintes á hora de vernos todos e relacionarnos cos demais.

Pero, señor García, xa sei que a vostedes lles fastidia, pero se alguén está cerca da xente é xustamente a Deputación Provincial de Lugo. E eu preguntolle onde está a que ten as competencias?, onde está a Xunta?, cerca de quen?; pois xa verá despois nalgúns puntos onde haberá que debater algo disto; pero eu preguntolle: dígame onde está a Xunta de Galicia?.

E logo fala vostede moito de destinar fondos para a pandemia, tamén é certo que unha pandemia coma esta é a primeira vez que a hai, aínda que houbo algunhas anteriores como a gripe A, ou outras no ano 2016, ou a gripe aviaria, xa ten habido pandemias pero non coma esta; pero é a primeira vez que a Deputación de Lugo destina fondos que lle permiten ós concellos, dentro da súa autonomía, que destinen fondos para todo tipo de gastos derivados do coronavirus.

E eu vou deixar no aire unha reflexión señor García, haberá que ver moi ben para que solicitan os concellos o diñeiro do Plan Único, haberá que ver a que o destinan, dende logo vou estar moi atento ós concellos que goberna o Partido Popular, a ver canto gastan no coronavirus dese 50% de investimentos que poden destinar; vou estar atento para cando teñamos que aprobar o Plan Único de tódolos concellos, a ver que solicitaron os propios concellos, e sobre todo os que vostede representa, os concellos do Partido Popular.

En canto ós repartos obxectivos, si claro!, moi fácil, a Deputación si e a Xunta non, só hai que coller os datos e mirar o Diario Oficial de Galicia, ou mirar o Boletín Oficial da Provincia de Lugo.



Con respecto á regra de gasto que se sobrepasou co PEF, foi practicamente obra súa, ou esquecen vostedes ós pactos a que chegaban?, que obrigaban a eses pactos?, e para onde ían os investimentos?, pois vostede estaba aquí; así que non me estraña que ás veces din que botan de menos algunhas cousas, xa teremos tempo ó mellor de falar diso.

E mire, para liderar ímolo fichar a vostede, non sei se recorda aquel anuncio de Camacho que dicía “fíchalo”, “fíchalo”, pois vouno fichar a vostede que xa vexo que lidera moito e que propón cousas moi interesantes, aínda que se lle vaia cabrear o señor Jorge Castiñeira, pero como vostede o soluciona todo pois ímolo fichar lóxicamente.

Sr. García, xa sei que somos un desastre, e ten vostede toda a razón, pero acaba de dicir agora a compañeira que, vostedes que son tan bos, en catro meses asinaron máis de trinta convenios, e non se equivocaron, case todos para o mesmo lado, eses si que son criterios obxectivos, iso si, miran cun ollo só porque para o outro lado non ven, só ven para o lado que lles convén.

Así que, señor García, de verdade, creo que puido disparar por outro camiño porque por onde disparou case conclúo que non o imos fichar. Polo tanto imos someter a votación estes puntos”.

Rematado o debate, efectuada a votación da proposta de declaración de non dispoñibilidade de crédito en 2020, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta de declaración de non dispoñibilidade de crédito en 2020.

A continuación procédese á votación da proposta de modificación do orzamento da Deputación 2020, vía suplemento de crédito, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados

do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta de modificación do orzamento da Deputación 2020, vía suplemento de crédito.

6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2020, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

A presente proposta foi debatida conxuntamente co punto número cinco, sendo aprobada por maioría.

--oo0oo--

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Imos debater conxuntamente, e votar por separado, os puntos número sete e número once da Orde do Día, porque versan sobre o mesmo asunto, sendo un deles unha proposta de Goberno de apoio ás traballadoras e traballadores da factoría de Alcoa San Cibrao e, especialmente ao persoal das empresas auxiliares; e outro é unha moción do Grupo Provincial do Partido Popular en apoio da competitividade de Alcoa-San Cibrao e do futuro dos seus traballadores”.

7.- PROPOSTA DE GOBERNO DE APOIO ÁS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DA FACTORÍA DE ALCOA SAN CIBRAO E, ESPECIALMENTE AO PERSOAL DAS EMPRESAS AUXILIARES.

Logo de ver a proposta de Goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O deputado Provincial, Don Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo e, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno de apoio ás traballadoras e traballadores da factoría de Alcoa San Cibrao e, especialmente ao persoal das empresas auxiliares.

Nas pasadas semanas a dirección da multinacional anunciou, e puxo en practica, a suspensión das tarefas de rebrascaxe das cubas de electrólise.



A decisión de Alcoa provocou nas empresas auxiliares o anuncio de Ertes, que afectarán a uns cincuenta traballadores, e supón unha seria ameaza a súa viabilidade; xa que dependen en boa medida dos contratos anuais da alumineira. Ademais, os sindicatos coinciden en valorar a medida como unha ameaza para a continuidade da propia factoría cervense xa que, na práctica, a paralización das tarefas de rebrascaxe supón a paralización de entre 5 e 7 cubas ao mes.

A actividade da alumineira supón, en condicións normais, un terzo do PIB da provincia e na actual situación de crise provocada pola Covid 19, na que moitas actividades económicas están paradas, a produción da factoría, considerada actividade esencial nos decretos que acompañaron o Estado de Alarma, ten unha importancia aínda maior.

Atendendo ás reivindicacións que a Plataforma de empresas auxiliares -que aglutina preto dun milleiro de traballadores de 21 empresas – ven de trasladar aos grupos políticos, o goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Corporación dos seguintes acordos:

- Rexeitar a medida anunciada pola multinacional de non rebrascar as cubas
- Manifestar o apoio da institución ao persoal afectado polos Ertes
- Solicitar da Xunta de Galicia a súa inmediata intervención para que a multinacional non deixe morrer a factoría, que esta recupere o 100 % da actividade, e que non se perda ningún posto de traballo.
- Solicitar o compromiso e colaboración do Goberno do Estado para evitar que sexa efectiva a decisión da multinacional e se busque unha solución para que non paren as cubas, así coma para que ningún traballador/a de empresas auxiliares perda o seu posto de traballo”.

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, EN APOIO DA COMPETITIVIDADE DE ALCOA-SAN CIBRAO E DO FUTURO DOS SEUS TRABALLADORES.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en apoio da competitividade de Alcoa-San Cibrao e do futuro dos seus traballadores

Exposición de Motivos

No contexto da crise xerada pola pandemia ocasionada polo coronavirus Covid-19, ponse de manifesto a fortaleza das economías que teñen a súa base en tecidos industriais. Polo tanto, queda claramente demostrado que todo o que se signifique apostar pola industria significa apostar polo emprego e polo desenvolvemento económico e social.

Lamentablemente, o Goberno de España, presidido polo socialista Pedro Sánchez, dá as costas á industria e non afronta as necesidades que ten o tecido industrial en Lugo, en Galicia e no conxunto do país.

A situación en Alcoa - San Cibrao complícase cada día máis e o Goberno central continúa sen adoptar as medidas necesarias para garantir o futuro desta empresa fundamental para economía da Mariña, en particular, e da provincia, en xeral. O Executivo, presidido por Pedro Sánchez, segue sen aprobar un estatuto para empresas electrointensivas que propicie as condicións que garantan o futuro desta e outras industrias. E lamentablemente non está claro cal vai a ser a súa decisión. Non está claro se o Goberno vai a asumir as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia, polo propio sector e polo resto de C.C.A.A. que fixeron unha fronte común para que se aprobase un estatuto que estableza un prezo competitivo para a industria electrointensiva.

É necesario, tal e como manifestamos dende este grupo, en anteriores e múltiples ocasións, que o Goberno de España garanta un marco estable de prezos asumibles para que Alcoa - San Cibrao poida seguir adiante e xogue o papel determinante que ten na economía da Mariña e da



provincia. Pero o certo é que, a data de hoxe, os lucenses seguimos agardando a que o Goberno reaccione e asuma a súa responsabilidade de aclarar o que está acontecendo coa industria electrointensiva en xeral, e con Alcoa en particular, que leva tempo advertindo de que precisa dun prezo eléctrico estable para poder competir co resto de Europa.

O Grupo Provincial do Partido Popular ten manifestado o seu apoio á continuidade da actividade de Alcoa -San Cibrao e aos seus traballadores directos e indirectos en numerosas ocasións:

Recentemente, o pasado 23 de abril este grupo foi o primeiro en falar co presidente do comité de empresa de Alcoa – San Cibrao e poñer enriba da mesa o afondamento dos problemas desta industria que afectan directamente aos traballadores das E.T.T. motivados pola falta dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que fixe un prezo eléctrico estable e competitivo, e polo feito da baixa produción derivada da crise provocada polo Covid -19.

Posteriormente, mantivemos unha xuntanza cos representantes da plataforma dos traballadores das empresas auxiliares que nos mostraron a súa profunda preocupación, logo do anuncio realizado pola multinacional e que inclúe a parálise das cubas que xa están a piques de rematar a súa vida útil, sen que se lles realice a rebrascaxe para o seu posterior arranque; medida que implica unha redución considerable na produción e, por tanto, supón un aumento no risco de peche da planta de San Cibrao.

Tras estas reunións, este grupo quere manifestar, unha vez máis, o seu apoio á continuidade de Alcoa - San Cibrao; o seu apoio ás demandas do comité de empresa e o seu apoio ás demandas dos traballadores contratados a través das E.T.T . e dos traballadores das industrias auxiliares.

A inestabilidade que sofren as empresas e traballadores, desde hai meses, está medrando de maneira exponencial sen que o Goberno tome medidas e sen atender as alegacións presentadas para desbloquear o Estatuto de consumidores electrointensivos, tras ano e medio de promesas incumpridas.

O borrador do Estatuto é insuficiente: non ofrece un prezo competitivo que baixe a 25 – 30 €. MWh; non ofrece estabilidade, como si o fai por exemplo o sistema italiano; e incrementa o número de posibles empresas beneficiarias favorecendo a rexións como Cataluña e País Vasco e perxudicando a outras como é o caso de Galicia.

O Grupo Provincial do Partido Popular apoiará todas as medidas que conduzan ao mantemento da actividade e o emprego; do mesmo xeito que non deixará de solicitar ao Goberno central que recapacite, porque de continuar con esta inacción o único que vai conseguir é o desmantelamento industrial da provincia.

Entendemos que o goberno provincial, que ata agora nada conseguiu, ten que deixar claro que co futuro da produción de aluminio en Lugo e, por tanto, co futuro dos postos de traballo non se xoga. Debe actuar con contundencia e ser firme na defensa da actividade industrial e dos traballadores e, polo tanto, ten que reclamar ao Goberno de España que dea prioridade á industria, que evite o seu desmantelamento e que aprobe o estatuto electrointensivo, coas alegacións consensuadas entre Xunta, patronal e sindicatos para garantir que en España, en Galicia e en Lugo se poida producir aluminio primario.

Se non se dá unha resposta clara e o Goberno non reacciona podemos atoparnos coa destrución da produción de aluminio primario e co que sería peor, co peche de Alcoa - San Cibrao.

Esperamos que o Goberno asuma os seus compromisos e estableza un documento final do estatuto que recolla as alegacións do sector e das C.C.A.A. e que, polo tanto, lle dea un futuro ao sector electrointensivos en Galicia, aos traballadores e ás cinco mil familias que neste momento na Mariña dependen da súa decisión. E, precisamente, por iso entendemos que o Sr. presidente da institución provincial ten que poñer fin á súa actitude contemplativa e pasar á acción.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación provincial a presente moción e propón a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro.- O pleno da corporación provincial insta ao Goberno de España a:



- Que aprobe o estatuto electrointensivo, coas alegacións consensuadas entre Xunta, patronal e sindicatos, que fixe un prezo eléctrico estable e competitivo que permita estar en igualdade de condicións que o resto de países europeos.
- Que dea prioridade á industria e adopte medidas para evitar o seu desmantelamento, de maneira que permita a Alcoa – San Cibrao operar nun escenario de certeza para garantir a súa competitividade e manter os empregos.
- Que leve a cabo a convocatoria inmediata da Mesa de Alcoa.

Segundo. - O Pleno da corporación provincial:

- Declara a súa decidida vontade de defender o emprego en Alcoa – San Cibrao e o seu apoio aos seus traballadores, aos das empresas das auxiliares (en particular aos afectados polas solicitudes de E.R.T.E.) e aos dos contratados por medio de E.T.T. afectados pola baixa da produción.
- Solicita a Alcoa – San Cibrao que cumpra os acordos, anteriores a crise provocada polo Covid -19, referentes aos traballadores contratados a través das E.T.T. e restableza as labores de desbrascaxe paralizadas que afectan principalmente a traballadores de empresas auxiliares e reducen a produción de alumino primario.
- Solicita que a Xunta de Galicia continúe mediando co goberno do Estado, empresa e Sindicatos para que se manteña a produción de aluminio primario na factoría de San Cibrao e se promovan inversións que axuden á viabilidade da fábrica.
- Acorda dar traslado do presente acordo ao Goberno central, a Alcoa – San Cibrao e aos representantes dos traballadores”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG, preséntase a seguinte emenda:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo e Don Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte emenda de substitución relativa á moción do Grupo Provincial do Partido Popular en apoio da competitividade de Alcoa-San Cibrao e do futuro dos seus traballadores.

O Grupo Provincial Socialista e o Grupo Provincial do BNG propoñen nesta moción substituír os acordos pretendidos polos seguintes acordos:

1. Instar ao Goberno de España a que aprobe o estatuto electointensivo, coa maior celeridade posible co fin de establecer un marco competitivo, coas alegacións consensuadas entre Xunta, patronal e sindicatos, que fixe un prezo eléctrico estable e competitivo que permita estar en igualdade de condicións que o resto de países europeos.

2. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España, en base as súas competencias, a que dean prioridade á industria e adopten medidas para evitar o seu desmantelamento, de maneira que permita a Alcoa – San Cibrao operar nun escenario de certeza para garantir a súa competitividade e manter os empregos.

3. Instar ao Goberno de España a que leve a cabo a convocatoria inmediata da Mesa de Alcoa.

O Pleno da corporación provincial:

4.1. Declara a súa decidida vontade de defender o emprego en Alcoa – San Cibrao e o seu apoio aos seus traballadores e traballadoras, aos das empresas das auxiliares (en particular aos afectados/as polas solicitudes de ERTE) e aos dos contratados e contratadas por medio de ETT afectadas pola baixa produción.



4.2. Solicita a Alcoa – San Cibrao que cumpra os acordos, anteriores á crise provocada polo COVID-1, referentes aos traballadores e traballadoras contratadas a través das ETT e restableza as labores de desbrascaxe paralizadas que afectan principalmente a traballadores e traballadoras de empresas auxiliares e reducen a produción de aluminio primario.

4.3. Solicita que a Xunta de Galicia e o Goberno de España, continúen mediando traballando coa empresa e sindicatos para que se manteña a produción de aluminio primario na factoría de San Cibrao e se promovan inversións que axuden á viabilidade da fábrica.

4.4. Acorda dar traslado do presente acordo ao Goberno Central, á Xunta de Galicia, a Alcoa – san Cibrao e aos representantes dos traballadores e traballadoras”.

O Sr. Presidente maifesta que para comezar o debate destes dous puntos, en primeiro lugar ten a palabra o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, no nome do Partido Popular.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“No día de hoxe Alcoa vén de anunciar que chamou ós representantes sindicais para trasladarlle a información de que se van tomar medidas laborais nos próximos días. A verdade é que é moi mala noticia; quizá o que debatamos hoxe é posible que non valia para solucionar nada dos próximos días. A verdade é que me sorprende moitísimo que traian unha proposta das auxiliares, o cal respectamos e nós imos apoiar esa petición das auxiliares, pero que non sexan máis concretos e máis completos co verdadeiro problema que ten a día de hoxe Alcoa.

Vostedes ben o saben porque tivemos un pleno no mes de febreiro, aquel famoso pleno do estatuto electointensivo; aquel famoso pleno das alegacións porque o estatuto non valía absolutamente para nada; e aquel famoso pleno das manifestacións que non lle vou recordar o que lle dixeron ós socialistas lucenses, pero estou seguro de que teñen a cabeza atronada. Podía cambiar a situación en tres meses?, pois efectivamente cambiou e para moi mal, e aí están as noticias que estamos a dicir no día de hoxe.

O Goberno do Estado segue sen ter aprobado o estatuto electointensivo, e non sabemos absolutamente nada das alegacións; a Deputación de Lugo non fixo absolutamente nada nestes tres meses, e de feito non fixo absolutamente nada porque parece que non lle interesa para nada o tecido económico e empresarial. E porque digo isto?, ó Partido Popular evidentemente claro que lle interesa e por iso lle ofrecemos no seu momento que chamase ós representantes das empresas, de PEMES, e doutros autónomos, para saber cales eran as problemáticas do sectores, e nese caso tamén estaban os representantes dos traballadores de Alcoa, vostede non quixo montar esa mesa, e vostede non quere enterarse do que pasa nas empresas por moito que presuma con plans pre-Covid, porque todos eses de que falan son plans pre-Covid.

Despois digneime eu a chamalos, o primeiro que me dixeron foi que non os chamara o Presidente da Deputación e que os sorprendía que os chamara eu, o cal agradeceron. O segundo que me dixeron, entre eles o representante do comité de empresa, o señor Zan, é que a situación estaba moi mal por dúas cuestións, a primeira é que a empresa segue sen saber nada do estatuto electointensivo nin das alegacións, que está dando malos números, e evidentemente estanos avisando de que vai haber accións como da que hoxe desgrazadamente acabamos de ter noticia. Por outro lado evidentemente a situación do Covid está mermando o consumo, especialmente o consumo interno en Amorebieta, e iso está baixando a súa produción.

Con esa dinámica nós evidentemente nos comprometemos co presidente de Alcoa a tratar de dar solución a eses problemas; había problemas que estaban afectando precisamente tamén ós traballadores das ETTs; había tamén problemas que estaban afectando a traballadores das auxiliares; e polo tanto iso é o que traemos nós na nosa moción.

Entendo que o Presidente da Deputación descoñece absolutamente Alcoa, non sei se a visitou algunha vez, pero representa o 30% do PIB da provincia de Lugo. Eu creo que descoñece o que significa Alcoa para a provincia, e descoñece dende logo o que significa para a Mariña de Lugo. O estatuto é fundamental, vostedes na súa moción non traen absolutamente nada do estatuto, se non aprobamos o estatuto electointensivo dende logo que imos ter moitísimos problemas como xa case nos están dicindo.



As incompetencias do Partido Socialista levan a que traballadores das ETTs perderan o seu dereito a incorporarse na plantilla nestes últimos días; a incompetencia dos socialistas de Lugo e de Madrid leva a que 43 traballadores das auxiliares estean agora mesmo nun ERTE, e dende logo coas noticias de hoxe as incompetencias do Partido Socialista é probable que traian graves consecuencias para tódolos traballadores e para tódalas familias da Mariña.

De verdade que me sinto moi mal ao ter que debater hoxe isto aquí. Vostedes saben cal é o problema e non deron solución, o Goberno acaba de lanzar a Lei do cambio climático, unha Lei que prexudica a Alcoa, e entendo que isto ata incluso podería ter bastante relación cunha lei que acaba coas Pontes, vostede sabe que ten traballadores e transportistas, señor Tomé, en Vilalba que aínda seguen protestando porque quedaron sen o seu posto de traballo. Non o sabe, e é todo por esa teoría fundamentalista da intransixencia que leva o Partido Socialista.

Non cumpriron co pactado cos traballadores e as consecuencias están aí, vostede non fixo absolutamente nada, dixo que ía mandar a moción a Madrid, pois claro que a ten que mandar porque esa é a súa obriga, pero ten que facer moito máis e poñer enriba da mesa os problemas que ten a industria lucense, entre elas Alcoa San Cibrao. Vostede será recordado coma o Presidente da Deputación que menos fixo por Alcoa San Cibrao nos momentos en que o necesitaba”

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Dende o BNG o que queremos en primeiro lugar é amosar o noso apoio e solidariedade con tódalas traballadoras e traballadores da factoría de Alcoa en San Cibrao, especialmente aos das empresas auxiliares despois de que por parte da dirección de Alcoa se anunciase o recorte das tarefas de rebrascaxe e reparación de maquinaria de electrolise. Isto suporía perder entre 6 e 7 cubas mensuais, o que significaría a perda duns 50 postos de traballo en empresas auxiliares, empresas que supoñen na práctica o 50% do total de empregados que traballan na factoría de San Cibrao.

En datas pasadas o BNG mantivo unha reunión telemática coa plataforma de auxiliares, así como tamén co comité de empresa de Alcoa, na que tamén participaba a nosa deputada autonómica

Olalla Rodil e a nosa voceira nacional Ana Pontón, e na que nos quedou claro que a actitude do PP na Xunta negándose a reclamar a Alcoa que manteña a reparación de cubas tal e como dixo o Conselleiro Conde, amosa claramente a nula preocupación desta xente pola delicada situación que se está a vivir na Mariña, onde o desemprego avanza sen que dende a Xunta se adopte ningunha medida ou solución adicándose únicamente a botarlle as culpas ó Goberno Central.

Atendendo ás reivindicacións da plataforma coordinadora de traballadores e traballadoras de auxiliares, o BNG fai súas as súas demandas; deste xeito o que estamos a pedir a través desta proposta presentada como goberno, é a adopción das seguintes medidas: en primeiro lugar rexeitar a medida anunciada pola multinacional de non rebrascar as cubas. Apoio institucional ós 50 traballadores e traballadoras afectados que xa entran en ERTE. Solicitar a mediación da Xunta para evitar que sexa efectiva a decisión da multinacional, e se busque unha solución para que non paren as cubas, así como para que ningún traballador desas auxiliares perda o seu posto de traballo. E por último solicitar do Goberno do Estado a súa inmediata intervención para que a multinacional non deixe morrer a factoría e que non se perda ningún posto de traballo.

E eu persoalmente, como deputada provincial mariñá, tamén me quero pronunciar ó respecto manifestando a miña preocupación polo que está a acontecer na factoría de San Cibrao e o perigo que para a comarca supón a perda de emprego deste importante enclave industrial cuxa actividade ven supoñendo un tercio do PIB da provincia, pero que na situación actual que estamos a vivir pola crise do Covid-19 pode supoñer agora realmente un 50% ao estar parada a maioría da actividade económica na provincia.

Deste xeito traemos estas demandas ó Pleno da Deputación, agardando que o apoio a estes traballadores sexa unánime por parte de tódolos Grupos Políticos”.

Intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Tanto dende o goberno da Deputación como os diferentes Alcaldes e Alcaldesas do Partido Socialista, concelleiros, sempre se respaldou a reclamación dos traballadores de Alcoa e das auxiliares, e incluso lle transmitimos ó Goberno de España a preocupación existente que



estamos a vivir pola situación de Alcoa. A secretaria xeral do Partido Socialista en Lugo, o Alcalde de Foz, e eu mesma como Alcaldesa de Viveiro, reunímonos a semana pasada cos representantes das auxiliares e nos transmitiron a súa preocupación xa que hai traballadores en ERTes e a ameaza de pechar as cubas.

Tódolos Deputados e Deputadas que estamos hoxe aquí estou convencida de que nos sentimos preocupados ante esta situación, sobre todo aqueles Deputados da Mariña porque nos queda máis cerca, temos amigos, familiares, coñecidos, e veciños, que traballan en Alcoa ou nalgunha das empresas auxiliares. Pero tamén creo que con respecto á moción do Partido Popular e as declaracións que están a facer continuamente nos medios de comunicación e nas redes sociais, fanse afirmacións que cando menos faltan á verdade.

O Goberno de España e a Deputación de Lugo no dan as costas ós traballadores de Alcoa e ás auxiliares, e non hai máis ca repasar a hemeroteca; a Ministra foi a Alcoa e escoitou ós traballadores, e tamén estaba a Subdelegada do Goberno; o comité de empresa foi recibido en Madrid tamén pola Ministra e polo secretario xeral de transición ecolóxica. Hai tres meses, e o recordaba o señor Castiñeira, houbo unha manifestación en Lugo onde a actitude do Presidente da Deputación foi impecable e exemplar; recibiu e acompañou ós traballadores a rexistrar as alegacións do estatuto ante algunha situación que por momentos se sobrepasou; iso é dar as costas ós traballadores de Alcoa?.

Nós sabemos cales son as competencias do Goberno Central, que son as competencias de enerxía, por iso no estatuto haberá que modificar, engadir, e suprimir cousas; houbo un prazo de alegacións, onde tanto os sindicatos coma o comité de empresa presentaron as súas alegacións; certamente estamos nun estado de alarma, levamos dous meses, os trámites non son iguais tanto nos concellos coma no Goberno coma na Xunta de Galicia. Isto fíxoo un goberno que estivo gobernado dous anos, tres meses en funcións, e que fixo o goberno do PP en sete anos que estivo gobernando en España?, onde se vía ó Sr. Feijóo tan reivindicativo e tan taxante defendendo os postos de traballo?, como foi agora incluso nun ton de crispación.

Vou citar a moción do PP que di que nestes tempos de coronavirus “ponse de manifesto a fortaleza das economías que teñen a súa base en tecidos industriais”, e non era sen tempo que se

decatasen diso, porque os Presupostos da Xunta para 2020 non recollen en ningures a suposta preocupación da Xunta pola industria, senón que fian o crecemento ó impacto do Xacobeo e o turismo, e desgrazadamente son os setores máis castigados como consecuencia da pandemia.

Outra cita literal da moción do PP: “o Goberno de Pedro Sánchez dá as costas á industria e non afronta as necesidades que ten o tecido industrial en Lugo, en Galicia”, parece que o PP esquece que as competencias de industria tenas a Xunta de Galicia; como dixen antes, as competencias en enerxía son do Goberno Central, pero as de industria son competencia da Xunta de Galicia, art. 3.2 do Estatuto. A visión industrial de Feijóo queda posta de manifesto polos recortes no presuposto da IGAPE, un presuposto que aínda que recurtado, queda en boa parte sen casar.

Nós presentamos unha emenda á moción do Partido Popular, como vé somos conscientes das competencias do Goberno de España, por iso pedimos ó Goberno Central que aprobe con celeridade o estatuto e que se cree a mesa de Alcoa; agora vostedes, que non foron capaces de esixirlles nin á Xunta de Galicia nin ó Goberno do señor Rajoy, que levaba sete anos no goberno e non se fixo absolutamente nada no tema da industria e no tema de Alcoa.

Por iso nós demostramos que tamén lle esiximos, cando estamos gobernando, ós nosos representantes, tamén vostedes deben esixirlle á Xunta de Galicia a súa competencia en industria. Por tanto esperemos que aproben a nosa emenda, e dese xeito votariamos a favor. E con respecto á proposta do goberno, que a defendeu Mónica, nós estamos completamente a favor”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Voulle dicir unha cousa ás dúas compañeiras, á Sra. Freire e á Sra. Loureiro, que sei que coñecen a repercusión que ten Alcoa na nosa provincia, porque unha delas é Alcaldesa e outra é Concelleira; por iso que non podo estar escoitando cousas agora mesmo e estar calado, de verdade llelo digo, vostedes escoiten, xa non ó Partido Popular, ós representantes sindicais, escoiten ós traballadores, porque lles están dicindo que única e exclusivamente o problema de que Alcoa sexa competitiva en Europa é a aprobación do estatuto coas alegacións pactadas entre Xunta de Galicia,



patronal, e traballadores. Tal e como vostedes presentaron o estatuto non vale absolutamente para nada, e de feito os problemas graves que están chegando e dos que hoxe temos noticia é precisamente por todo iso.

De verdade, non se cingan só ó problema da xente das auxiliares, que sabemos ese problema, eu traballei nunha delas dous anos e sei cal é o problema. Pero tamén hai un problema coa xente das ETTs que perdeu os seus dereitos para poder entrar na plantilla de Alcoa. Pero é que agora mesmo hai un problema moitísimo maior, en primeiro lugar xa vai ser imposible renegociar o convenio novamente coa empresa nesta situación, pero o peor de todo é que están anunciando problemas laborais.

De verdade llelo digo, o Presidente Feijóo hai unha semana que se reuniu cos traballadores; os traballadores teñen moi boa sintonía para acatar un estatuto coa Xunta de Galicia; o propio Conselleiro de Industria se comprometeu a facilitar, como se fixo xa noutra etapa, a modernización de certas infraestruturas que o favorezan, pero lóxicamente só hai un asunto que hoxe podemos debater. Como nos presentan a nós unha emenda cando vostedes traen aquí unha moción?, completen a súa moción, trabállena. Pero ademáis hai outra cousa, a emenda que vostedes presentan é simplemente para xustificarse politicamente, porque ven dicir practicamente o mesmo que nós dicimos.

Polo tanto se a vostedes lles interesa loitar por Alcoa voten a favor da moción do Partido Popular porque vén moi ben postiña aí; e ademáis non llelo vai agradecer o Partido Popular senón que llo van agradecer os traballadores e as súas familias, familias de Viveiro señora Loureiro, e as familias de Ribadeo e de toda a Mariña.

E dígolle ó Presidente, veña un día pola fábrica e verá como lle vai gustar; aínda que a verdade é que na situación na que estamos non é moi bo prato, pero debería acercarse á fábrica, e estou seguro de que non a coñece e así coñecería tamén o que significa para toda a Mariña, Recórdolle, Alcoa é o 30% do PIB provincial, e vostede descoñece o que significa Alcoa para a Mariña”.

Intervén a Sra. Deputada dona Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Mire señor Castiñeira, o que vostede non pode facer é mentir; non pode dicir que o problema central é a falta de estatuto eléctrico porque iso agora mesmo, coa situación que estamos a vivir, non o é.

O estatuto contemplaba un prezo do megavatio de 40 euros, actualmente o prezo do megavatio é de 20, é dicir que a perda de actividade en Alcoa non está orixinada polo prezo da enerxía senón que é algo que está premeditado por parte da empresa para deixala morrer; é a mesma estratexia que seguiu coas factorías da Coruña e de Avilés.

Dende o BNG temos clara unha cousa, que a responsabilidade sobre a situación actual de Alcoa se estende tanto ó PP coma ó PSOE, e así o estamos reclamando tanto á Xunta de Galicia coma ó Goberno do Estado. O feito de que en Galicia haxa actualmente miles de empregos en xogo polo custe da luz está no marco enerxético que ten o sector, pero tamén está na irresponsabilidade da Xunta de Galicia porque está actuando de perfil, é a que ten as competencias en industria e é quen ten que asumir esa responsabilidade.

E nesta situación dende o BNG consideramos que sería inexplicable que coa crise industrial que soporta Galicia actualmente non houboese unha mobilización das Administracións Públicas para salvar o emprego; e nisto ten que estar a Xunta e ten que estar o Goberno Central, que ata agora foron incapaces de buscar unha solución a este problema. O que estamos a ver por un lado é que Feijóo se limita a poñerse de perfil, con toda a pasividade do mundo en lugar de buscar solucións sen ningún tipo de capacidade de liderazgo e incapaz de xestionar nada; é máis, parece que a súa posición natural é a de esperar a que outros lle solucionen as papeletas.

Estamos diante dun goberno autonómico que está de brazos cruzados mentres podemos perder centos de postos de traballo, nunha comarca como é a Mariña que xa de por si está moi azoutada pola crise industrial; e necesitamos nestes momentos, máis ca nunca, un goberno que se responsabilice e que sexa capaz de porse á fronte, porque o que é inútil e non lle soluciona absolutamente nada nin ós traballadores nin ás traballadoras de Alcoa é a política de botar balóns



fóra, mais a pasividade que está a ter o señor Núñez Feijóo de non responsabilizarse da política industrial en Galicia, que é o que ten que facer, nin máis nin menos.

E por outro lado, dende a nosa organización tamén pensamos que existe unha responsabilidade que o Goberno Central ten que asumir, iso está claro, e así o estamos a pedir a través do noso Deputado Néstor Rego que presentou unha pregunta e pediulle ó Presidente do Goberno que interveña para evitar que Alcoa pare a rebrascaxe de cubas e recupere a plena capacidade, que non deixa de ser unha escusa que pon a empresa para acabar cerrando. E neste sentido consideramos necesaria esa intervención do Goberno para que non se deixe morrer a factoría”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A nosa postura é tamén moi clara, o dixemos na proposta do goberno e tamén na emenda que presentamos á moción do Partido Popular. Nós non evadimos as nosas responsabilidades, e tamén lle pedimos ó Goberno Central que aprobe coa maior celeridade posible o estatuto; pero tamén lle pedimos á Xunta de Galicia que, aparte das súas competencias en industria que están moi clariñas, artigo 30.2 do Estatuto, e que deixe a un lado o dobre raseiro do Partido Popular, porque non pode ser que cando goberna diga unha cousa e cando está na oposición outra, porque nestes días vimos vídeos e declaracións dalgún Alcalde de concellos veciños onde cando estaba o Ministro Soria en Alcoa dicían unha cousa, e agora, na mesma situación, cando está a Ministra din outra.

Por tanto creo que debemos deixar a un lado o dobre raseiro, porque todos estamos preocupados e sabemos a situación de Alcoa, sabemos o que significa Alcoa para a comarca da Mariña, porque é un motor económico fundamental, e por iso creo que debemos reivindicarlle a cada Administración o que é seu, a materia de industria á Xunta de Galicia e a materia de enerxía ó Goberno Central. Creo que está moi claro que non debemos evadir competencias e a cadaún o que é de cadaún”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Nós na nosa moción tamén instamos á Xunta de Galicia a que continúe mediando co Goberno do Estado, empresa e sindicatos, para que se manteña a produción de aluminio primario en San Cibrao, e se promovan inversións que axuden á viabilidade da fábrica; claro que o estamos facendo, pero cadaún na súa xusta medida.

Pero é que non o di o Partido Popular, repito, senón que o din os representantes dos traballadores. Estamos nun momento moi crítico, teñen que aprobar o estatuto das empresas electrointensivas coas alegacións que nós presentamos, a día de hoxe vostedes non fixeron absolutamente nada dende aquel Pleno, un pleno moi doloroso, doeunos a moitos porque moitos veciños nos viñeron recriminar que actuásemos. Sr. Presidente, vostede non fixo absolutamente nada, daquela pasou un mal momento, despois dixo que ía mandar a moción, pois claro que a tiña que mandar, pero non fixeron absolutamente nada, porque agora seguimos con máis problemas e non sabemos nada do que vostede fixo.

Polo tanto, e agora que vai intervir, dígame se neste momento que vostede leva de Presidente visitou algunha vez a fábrica ou falou co representante dos traballadores nestes últimos tres meses despois daquel Pleno, eu creo que non falou con el porque non ten constancia do gravísimo problema que estamos a vivir”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu só quero rematar recordando a gravidade da situación que estamos a vivir. Acabamos de coñecer que a empresa Alcoa vén de convocar para este xoves ós representantes dos traballadores para informalos sobre, e cito textualmente o que di o email: “a situación insostible á que se enfronta a planta de aluminio e as medidas que están sendo consideradas polo grupo, incluíndo medidas laborais”.



Como digo, a situación é grave, non pinta nada ben para os traballadores nin para a comarca da Mariña, e se isto non é suficiente para que a Xunta considere que é o momento de facer política e de actuar, apaga e vámonos. O que ten que facer a Xunta neste momento é coller a súa responsabilidade, asumir as súas competencias de industria, porque agora sería o único que podería salvar a actividade de Alcoa. Eu así llelo pido dende aquí, que teñan esa responsabilidade e esa altura de miras neste momento tan importante”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“É certo señor Castiñeira, o que se anuncia hoxe por parte da empresa é unha mala noticia; pero tamén me sorprende que coincida a convocatoria con este pleno, seguro que vostede non sabía nada disto, é unha coincidencia. Todo o mundo sabe, polo que acaba de dicir vostede, que Alcoa é competencia da Deputación, de entre as competencias da Deputación están as electrointensivas ou empresas como Alcoa, todo o mundo o sabe.

Así que señor Castiñeira, sexa vostede mínimamente serio porque aínda hoxe non estamos en campaña electoral, estamos en precampaña, e aquí estamos para solucionar problemas e non para crealos. E se quere mandamoslle flores á Xunta, a calquera dos despachos que ten o Presidente da Xunta, porque lóxicamente quen ten que arranxar o problema non é a Xunta, é a Deputación, Alcoa é competencia da Deputación.

E seguro que imos ter ocasión de falar máis veces, pero eu coñezo Alcoa, estiven alí, visitei Alcoa, e estiven reunido cos que vostede parece que descoñece, representantes dos traballadores. Aquí nesta Casa, por certo cando vostedes escaparon para atrás porque entraban moitos e tiñan medo, este Presidente estivo á fronte recibíndoos a todos, co seu cabreo, co cabreo de todos, pero vostede ben que se foi para atrás non fora ser que o pisaran. E esa é a diferenza entre vostede e máis eu señor Castiñeira.

Así que eu, e xa sei que son retóricas, pregúntolle a vostede a que foi a Alcoa o outro día o Sr. Feijóo?, xa sei que foi máis veces, pero o outro día a que foi?, foi alí porque lle tocaba sacar a foto do día, pero aportou algunha solución?, propuxo algo?, algunha axuda económica ou doutro tipo?; porque non miran vostedes xa que están tan da man do señor Urkullo para as eleccións,

amparándose nel para xustificar as de Galicia, nunha irresponsabilidade terrible, que xa veremos como acaba todo isto, se están tan da man con eles porque vostedes non se reflicten no goberno vasco e fan o mesmo coa industria galega?, aprendan deles, non teñen moito que inventar, copien, e deanlle utilidade a eses fondos que deixan tódolos anos do IGAPE, un montón de millóns de euros sen utilizar; mire, a un bo gobernante non lle sobran moitos millóns de euros, senón que inviste o presuposto que ten no tecido produtivo, e elabora un plan industrial para Galicia que despois de tres mandatos aínda non existe, non se coñece o plan industrial da Xunta de Galicia para Galicia, para a provincia de Lugo, e para A Mariña, sobre todo neste momento.

Así que de verdade, con toda a tranquilidade do mundo lle digo que coñezo tan ben Alcoa coma vostede, eu non necesito desinfectarme nin lavarme despois de ver unha explotación porque cheira a silo, eu non necesito nada diso; eu coñezo os sectores produtivos de Galicia, e o mesmo vou a unha fábrica, que a unha explotación, ou que a calquera lado, vou a onde é necesario, como xa fun; vostede di que non é así porque descoñece que eu estiven alí e o que pasou aquí na Deputación; en todo o que nós poidamos axudar, sabendo que non son as nosas competencias, ímolo facer, pero imos esixirlle a quen ten as competencias, que é o Goberno de Galicia, que para iso está, e para iso ten dez mil millóns de presuposto fronte a noventa da Deputación de Lugo, imos esixirlle que exerza as súas competencias que para iso as ten e están no Estatuto de Autonomía de Galicia, lea vostede o artigo 30 do Estatuto e verá o que di.

Así que señor Castiñeira, se vostede o que pretende é sacarme a mín das miñas casillas vaino ter complicado; eu estou aquí para traballar pola provincia de Lugo, non veño aquí facer méritos como parece que quere facer vostede agora en pouco tempo, dease un pouco máis de tempo a ver se lle vai un pouco mellor”.

Rematado o debate, en primeiro lugar procédese á votación da proposta de Goberno de apoio ás traballadoras e traballadores da factoría de Alcoa San Cibrao e, especialmente ao persoal das empresas auxiliares, e efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

A continuación procédese á votación da moción do Grupo Provincial do Partido Popular, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos



polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE O REFORZO DA SANIDADE PÚBLICA ANTE A SITUACIÓN XERADA POLO COVID-19.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre o reforzo da sanidade pública ante a situación xerada polo Covid-19.

Pasados xa dous meses dende a chegada da epidemia do covid-19 ó noso país, é de xustiza recoñecer o esforzo realizado polos profesionais da Sanidade Pública para minimizar, na medida do posible, os efectos da enfermidade. O traballo abnegado, continuado, sen limitar esforzos, de médicos e persoal sanitario, foi o gran escudo que axudou ós galegos e ós lucenses a afrontar un reto imprevisito, de dimensións descoñecidas.

Pero o carácter excepcional da pandemia, recoñecido polos expertos e expertas, non nos debe facer esquecer as condicións previas nas que os e as profesionais sanitarias galegas desenvolveron a súa tarefa. Unhas condicións marcadas pola precariedade laboral, o recorte de servizos médicos, dun xeito moi notable no rural, e a perda de camas hospitalarias. Unha situación que ten xerado unha continuada situación de alarma e protesta entre a cidadanía, ca aparición de plataformas como SOS Sanidade Pública ou as mobilizacións deste inverno arredor do peche do paritorio de Verín.

A loita contra a pandemia esixiu unidade e colaboración. Cidadáns e persoal sanitario nos deron un exemplo de responsabilidade, civismo e traballo, e rechazaron calquera postura partidista. Pero agora que está a concluír, afortunadamente, a primeira oleada da crise; agora que coñecemos mellor os efectos do virus e a súa elevada capacidade de contaxio, e tamén o momento de tomar medidas de cara a un posible rebrote no outono e inverno próximo.

E é tamén o momento de esixir á Xunta de Galicia, titular das competencias en Sanidade, que modifique as súas políticas de deterioro dos servizos públicos en xeral e da sanidade en particular. Esta epidemia demostrou que, ante unha crise sanitaria global, a resposta eficaz só pode vir dunha sanidade pública universal, de calidade, ben planificada e dotada de recursos financeiros apropiados.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista quere mostrar unha vez máis o seu apoio ós profesionais da sanidade pública galega; o recoñecemento do traballo que veñen realizando para facer fronte á pandemia, e o noso rexeitamento das políticas de recortes, precarización e desmantelamento da sanidade pública que ven desenvolvendo a Xunta de Galicia, políticas que poñen en risco a saúde dos galegos e obrigan ó persoal sanitario a traballar nunha situación de sobreesforzo e risco para a súa propia saúde.

Polo exposto anteriormente, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que:

A Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a deseñar un plan de reforzo da sanidade pública dirixido a afrontar posibles rebrotes da epidemia do covid-19, e que contemple os seguintes puntos:

- Medidas de reforzo de persoal nos centros sanitarios, dun xeito especial no que fai á Atención Primaria, cunha axeitada dotación de médicos/as, enfermeiros/as e persoal auxiliar.
- O deseño dun plan específico que cubra os desprazamentos de persoal médico ós fogares de afectados que permanecen nas súas casas durante a enfermidade, para que estes desprazamentos non deixen servizos sen cubrir, como ten acontecido en moitos PAC.
- Un plan específico de reforzo para as UCI, que contemple tanto as necesidades de persoal, necesidade de camas suplementarias, dispoñibilidade de material sanitario e de protección ou respiradoiros.



- O fin do modelo de precarización nos contratos que leva a que, mesmo no medio da crise, se sigan firmando contratos por días.
- A adopción de medidas que garantan a atención médica das persoas maiores en residencias de maiores.
- O reforzo do número de consulta sanitaria gratuíta que poda responder ás dúbidas dos cidadáns.
- Poñer en marcha accións concretas para reverter a política de perda de servizos sanitarios do rural, poñendo en marcha medidas que permitan deseñar un mapa sanitario racional, que prime a igualdade na prestación de servizos en todo o territorio”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que hoxe pasaron xa máis de dous meses dende que chegou a epidemia do Covid-19 ó noso país, e a estas alturas resulta máis que de xustiza recoñecer o esforzo feito polos profesionais da sanidade pública galega para minimizar os efectos desta enfermidade.

O traballo destes profesionais, a súa dedicación sen descanso, sen limitar esforzos, foi o escudo que no noso caso, como galegas e galegos, como lucenses, nos permitiu afrontar este reto imprevisto de dimensións descoñecidas, xunto ás características que ten a nosa Comunidade Autónoma, pero o carácter excepcional da pandemia non pode facer que esquezamos as condicións á chegada desta, á chegada do coronavirus Covid-19. Condicións en precario nas que os profesionais galegos da sanidade pública desenvolvían, e desenvolven hoxe tamén, a súa tarefa, porque salvo a dedicación e esforzo destes profesionais nada mudou na nosa sanidade nos últimos dous meses; condicións que están marcadas pola precariedade laboral, o recorte de servizos médicos, dun xeito moito máis notable no rural, e a perda tamén de camas hospitalarias.

Uns recortes que na sanidade pública galega levan consigo o nome do PP; unha situación que ten xerado unha continuada situación de alarma e protesta entre a cidadanía, e de aí a aparición de plataformas como “SOS Sanidade Pública”, ou as mobilizacións deste inverno arredor do peche do paritorio de Verín.

E creo que debemos recordar que foron 10.000 persoas as que se manifestaron o domingo 9 de febreiro na capital de Galicia, desafiando choiva e vento, contra o deterioro e desmantelamento da sanidade pública galega implantado polo goberno de Feijóo durante once anos de mandato. Dez mil persoas protestando contra os recortes do Partido Popular, contra as mortes nas urxencias do CHUS, contra o peche do paritorio de Verín; dez mil persoas que poñían en evidencia o mal resultado do modelo do Partido Popular; dez mil persoas baixo un berro unánime: “Feijóo, escoita, Galicia está en loita!”, un berro que defendía a nosa sanidade pública, un berro que respondía ás dificultades para acudir ós centros de saúde con cita de dez a quince días vista, á precarización a que están sometidos os profesionais, pasando sempre polos recortes e a discriminación que sufrimos a poboación do rural e as listaxes de espera opacas con miles de persoas en listas estruturais.

Nos días seguintes a esta importante mobilización de persoal da sanidade pública e da sociedade en xeral irrompiu nas nosas vidas, nas vidas de todos, o Covid-19. E agora, que afortunadamente está concluíndo esta primeira oleada da crise, agora que coñecemos mellor os efectos do virus e a súa elevada capacidade de contaxio, e que tamén se considera o momento de tomar medidas para un posible rebrote no outono e inverno próximo; agora é o momento de esixir á Xunta de Galicia, titular das competencias en sanidade, que modifique as políticas de deterioro dos servizos públicos en xeral, e da sanidade en particular, porque máis alá dun reparto escaso de máscaras por parte da Xunta de Galicia, que por certo en moitos concellos tiveron que achegalos ata os centros médicos, e mesmo a Deputación de Lugo colaborou tamén con algún destes concellos, e tamén outros achegaron máscaras e reparto de material mesmo ata os hospitais, a Xunta de Galicia non fixo moito máis traballo.

Esta epidemia demostrou e deixou ben claro que ante unha crise sanitaria global a resposta só pode vir da sanidade pública universal, de calidade, ben planificada, e por suposto dotada de recursos apropiados. Vostedes isto é difícil que o entendan porque a sanidade para vostedes non supón o mesmo que para nós, non compartimos o mesmo ideario, vostedes equiparan pacientes con clientes e ven a sanidade coma un negocio.



E por todo isto que lles acabo de explicar, dende o Grupo Provincial Socialista amosamos o noso apoio ós profesionais, á sanidade pública galega, e recoñecemos o traballo que veñen facendo sempre, e singularmente para enfrontarse a esta pandemia; e manifestamos aberta e públicamente o noso rexeitamento ante as políticas de recortes, de precarización, e de desmantelamento da sanidade pública que está desenvolvendo o goberno de Feijóo, políticas que poñen en risco a saúde dos galegos e galegas.

Tódolos puntos que recollemos nesta proposta, e que vostedes coñecen, o que piden é que se deseñe un plan de reforzo da sanidade pública, dirixido a afrontar posibles rebrotes da pandemia do Covid-19; entre outras cuestións pedimos que se establezan medidas de reforzo de persoal nos centros sanitarios, dun xeito especial no que fai referencia á atención primaria.

Que a Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias en sanidade, deseñe un plan específico que cubra os desprazamentos que fai o persoal sanitario para atender a pacientes de coronavirus nas súas casas e que moitas veces ocasiona que queden servizos sen cubrir nos PACs.

Que a Xunta de Galicia desenvolva ese plan específico de reforzo para as UCIs, que pasaría en Galicia se tiveramos un brote de 500 persoas infectadas por coronavirus e que tiveran que acudir ás urxencias?, que tiveran que ingresar nunha UCI?, cantas camas de UCI temos en Galicia?, non chegamos as duascentas; e non sería unha situación que ningún de nós poda ter en mente.

Polo tanto pedímoslle responsabilidade á Xunta de Galicia e que afronte o que nós lles pedimos nesta moción; e como é para defender os intereses da provincia de Lugo, e xa vemos durante todo este pleno que vostedes veñen aquí defender os intereses dos cidadáns desta provincia, evidentemente pedímoslles o apoio para esta proposta”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Tócame hoxe responder neste pleno a outra moción sobre a sanidade pública galega. Se na anterior ocasión comezaban pedindo desculpas por pedir que se cubrira un posto concreto que nada

tiña que ver co servizo do que tratábamos, agora agradecen o traballo dos sanitarios, eses que vostedes mesmos defendían que se contaxiaran na casa cos familiares ou nas viaxes que facían.

Vaíamos ó que piden. En primeiro lugar piden medidas de reforzo do persoal nos centros sanitarios; a Xunta levou a cabo un reforzo do persoal no ámbito de urxencias sanitarias, nos servizos de medicina interna, e para a creación de equipos hospitalarios de atención domiciliaria necesarios para o seguimento dos pacientes e a toma de mostras, 251 efectivos só para o seguimento domiciliario, medicina preventiva e urxencias 061, e outros 1164 efectivos entre DUEs, médicos e outros postos para o reforzo de unidades de hospitalización e urxencias.

En segundo lugar piden un plan específico que cubra os desprazamentos do persoal médico ós fogares de afectados; a Xunta presentou o pasado 9 de maio o plan para a reactivación progresiva da asistencia en atención primaria, e establece o conxunto de medidas coas que se pretende optimizar o funcionamento dos centros de saúde durante a pandemia; plan que xa recolle medidas ó respecto do que piden, pois a atención primaria xoga un papel relevante dentro da fase de recuperación da normalidade que será estratéxica na reacción ante posibles rebrotes. Sen esquecer o plan de reactivación asistencial flexible que permitirá ós centros de atención primaria adaptarse de acordo á situación epidemiolóxica existente en cada área ou territorio, contando con diferentes escenarios segundo sexan as necesidades; outros en cambio din que non existen os plans B.

En terceiro lugar piden un plan específico de reforzo das UCIs; aínda que en Galicia non tivemos problemas de falla de camas de hospitalización ou en UCIs, a Xunta, coa previsión acostumada ó longo da presente situación, fixo un investimento de máis de sete millóns de euros en material: ventiladores, aparatos portátiles de raios X, monitores, ecógrafos, desfibriladores; e adquiriu material de protección por máis de vinte e dous millóns de euros: máscaras, batas, solucións antisépticas; ademáis de estar prevista unha nova adquisición de diferentes subministros de ventilación e de equipos de raios X por outro millón de euros máis; e un importante desembolso na adquisición de luvas, de batas, de desinfectantes, de máscaras, de kits de diagnóstico, e que ascende a algo máis dos quince millóns de euros que o Goberno Central destinou ás canles privadas de televisión, porque para loitar contra o virus hai medidas e medidas.



En cuarto lugar piden vostedes o fin dun suposto modelo de precarización nos contratos; a Xunta de Galicia está a mellorar a situación dos profesionais sanitarios coa recuperación de retribucións, co recoñecemento da carreira profesional, co contrato de continuidade, coas convocatorias e ofertas públicas de emprego anuais, co concurso de traslados aberto e permanente co fin de facilitar a mobilidade voluntaria sen esquecer a necesaria cobertura das necesidades existenciais, e ademáis coa mellora das ferramentas a disposición dos profesionais: receita electrónica, historia clínica electrónica, consulta telefónica.

Por certo, que neste asunto das convocatorias da oferta pública de emprego poderían vostedes falar cos seus Partidos sobre a eliminación da taxa de resposición, que nesta vida non é todo pedirlle á Xunta. E sobre a precarización, lembrarllas que plantexar recortes no soldo dos empregados públicos tamén afecta ó soldo dos empregados sanitarios.

En quinto lugar piden vostedes medidas que garantan a atención médica de persoas maiores en residencias de maiores; imos aclarar unha cousa, a Xunta está a adoptar xa medidas que garanten a atención de persoas maiores, e non maiores, vivan en residencias ou non, aclaralo para que non presenten unha moción no próximo pleno neste sentido.

Específicamente no eido das residencias de maiores as áreas sanitarias supervisan as residencias de maiores, e outros centros sociosanitarios, para avaliar o estado de saúde das persoas residentes e anticiparse a unha posible infección polo Covid. As medidas son coordinadas pola Consellería de Política Social para actuar ante a aparición destes casos, evitar a aparición de brotes e xestionar eses brotes de xeito axeitado se aparecen.

Establécense medidas de intervención en residencias con casos confirmados nas que o Servizo Galego de Saúde asume o control sanitario delas, e creáronse as residencias integradas destinadas ó seguimento e tratamento das persoas positivas en Covid-19 que non sexa necesaria a súa hospitalización, preservando ós residentes do centro de orixe de novos contaxios, e garantindo un tratamento continuado polo Servizo Galego de Saúde ós veciños afectados. Aproveito para salientar o magnífico traballo dos profesionais das residencias dependentes desta Deputación que acadan bos resultados a pesares da dirección que teñen.

En sexto lugar piden vostedes o reforzo dun número de consulta sanitaria, número dispoñible dende finais de febreiro, algúns dicían que non se podía saber en marzo; e foi reforzado precisamente en marzo, cunha dotación de case cen teleoperadores, así como tamén se incrementou o persoal na central de chamadas do 061, pilar fundamental da nosa sanidade. Por último, poden vostedes poñer en marcha accións concretas para reverter a política de suposta perda de servizos no rural que permitan deseñar un mapa sanitario racional.

Penso que todos somos conscientes de que pedir medidas concretas sen aportar ningunha medida concreta debe ser que vostedes, aparte de repetir a falsa idea de que a sanidade pública galega non é boa, non teñen medidas concretas que propoñer para a mellora da sanidade pública galega, propostas que, por outra banda, dona Pilar, poderían presentar os seus deputados no Hórreo, pero vese que non ten moita confianza neles, e mes tras mes semella sentirse na obriga de traer a este pleno cuestións que non son competencia da Deputación.

Como remate á miña quenda de palabra, ata aquí os feitos, na miña segunda intervención valorarei que presenten vostedes unha moción para pedir cousas que xa están en marcha”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sigo estando abraiado coas intervencións do Partido Popular.

En primeiro lugar quero comezar, como é de xustiza, agradecendo a tódolos profesionais da sanidade pública que loitaron contra esta pandemia e están a loitar nunhas condicións que non son esixibles; fixeron un esforzo sobrehumano poñendo en risco a súa saúde, e incluso tendo que estar lonxe da súa familia para non poñer en risco a saúde da súa familia. Polo tanto o noso recoñecemento.

Entendo que o Partido Popular está en campaña, o seu Presidente non deixou de estar, incluso despois de desconvocar, e agora que se convocaron está máis. Pero este mítin que nos acaba de soltar o Sr. Poy está cheo de non sei se chamarlle mentiras pero digamos que non verdades.



Falaba das melloras do persoal sanitario, eu son de Sarria, e alí hai unha rapaza que é enfermeira e que se fixo viral nos medios de comunicación de todo o Estado, chámase Alba, e que leva en nove anos catrocentos contratos; iso é a estabilidade e as melloras laborais que di a Xunta que teñen as enfermeiras e enfermeiros do noso sistema de saúde público. Iso é do que presumen, e en mans desa xente, eses mesmos, despois de tratalos así, son os que nos salvaron e estiveron loitando aí; e encima con outras cousas agravadas, di vostede que compraron non sei cantas luvas e traxes, e onde está a planificación?, porque chegou a crise e non tiñan EPIs para traballar en boas condicións, ou é que vostedes non vían as imaxes facendo EPIs con bolsas de basura?, só vían as conexións do telepresidente.

E presumir de que a Xunta compra material de protección para o servizo de saúde pública, e que só faltaría!, pero digolle tamén que os comprou tarde, chegaron tarde. Incluso prohibíronlles protestar pola falla de material, prohibíronlles poñer fotocopias nos tablóns de anuncios e ó día seguinte puxeron vostedes nas pantallas publicidade institucional dicindo o boa que é a Xunta de Galicia.

Despois ten a desfachatez de falar do trato ás persoas maiores; este é un tema moi serio, e a min non me gusta facer política con desgrazas, pero os números están aí, mire a onde levou o modelo de privatización das residencias de maiores do Partido Popular, mire onde acabaron esas famosas residencias e que pasou cos residentes. Eu non quería entrar nese tema, pero é que mo saca presumindo, e non se fai política das desgrazas pero alo menos non nos faga tragar de como tratan vostedes ós maiores, porque están aí os números, mire o que pasou na provincia de Ourense e na de Pontevedra, e como trata o Partido Popular ós maiores; faga un pouco de autocrítica, e alo menos aquí, que non o tiña que sacar, non o saque porque senón temos que sacalo nós tamén.

E o que hai, Sr. Poy, é que saímos desta crise cun esforzo sobrehumano dos profesionais, e porque tampouco afectou coma noutras zonas do Estado español, pero non porque teñamos unha gran sanidade pública porque xa había un montón de protestas antes da crise, e seguen; é máis, outro trato deses que di que melloraron as condicións dos traballadores, tiveron a desfachatez de despedir aos que contrataran para loitar contra o coronavirus, e algúns estaban contaxiados, e cando houbo un escándalo mediático envainárona, como fixeron co paritorio de Verín.

Pero presumir de como tratan ós profesionais da sanidade é unha cousa que, claro señor Poy, vostede traía aí un escrito, e a mín paréceme ben, son os modelos de campaña do Partido Popular, pero a realidade é outra, a realidade é que a cidadanía galega xa estaba na rúa antes do coronavirus, e agora está moito máis preocupada; e eu entendo que estean preocupados porque ademáis o que puxo en valor o coronavirus foi o importante que son eses servizos públicos esenciais, cando nos protexen cando veñen as cousas mal dadas.

E tamén ten claro toda a cidadanía galega quen privatizan e recurtan na sanidade pública e quen a defendemos; o BNG vén sempre defendendo un modelo público de calidade da sanidade, e vostedes o están recurtando día tras día. Resúmollo, póñolle un exemplo, unha enfermeira, que é só un exemplo, fíxose viral porque era a que representaba un caso de miles, en nove anos catrocentos contratos; e iso é como queren vostedes que sexa unha sanidade de calidade. E logo como son vostedes moi fiables, veñen cos datos das listaxes de espera e temos que crelo, eu teño que crer que saia o Conselleiro ou o Sr. Presidente dicindo que non hai, e non teño que crer a un veciño que me trae unha cita para un ano e medio despois; pois ó mellor eu fíome máis do veciño que trae o documento. Polo tanto, señor Poy, eu entendo que estean en campaña e preocupados pero dedíquense a mellorar a sanidade pública porque é o noso paracaídas”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Señor Poy, a verdade é que escoitandoo, e créame que o fixen con atención, o seu é máis ben o papel de Feijóo nun deses telexornais eternos de mediodía que duran unha hora coa publicidade do Partido Popular. Pero as súas palabras, se as poñemos en contraposición con aquelas que pronunciou o Conselleiro de Sanidade no Parlamento, perden todo o contido; recórdolle o que dixo: “la sanidad en este país ha evolucionado mucho con el descenso de la estancia en los hospitales, por lo que a día de hoy las camas son más importantes en los hoteles y no tanto en los hospitales”, isto foi previo á crise do coronavirus, porque hoxe as dos hoteis por desgraza tamén foron importantes.



Nós xa llo dixemos no mes de febreiro entorno ás manifestacións en defensa da sanidade pública, é vergoñento en pleno século XXI que a cidadanía, máis de dez mil galegos, nos teñamos que botar á rúa para pedirlle a Feijóo que mellore a nosa sanidade pública. É vergoñento que despois destes dous meses e medio a Xunta de Galicia se adicara a facer publicidade dos repartos, e únicamente a insultar as políticas que facían aqueles que non son da mesma cor política ca eles. Pero nós non imos entrar no mesmo debate e na mesma demagogia que vostedes pretenden, onde tódalas competencias e responsabilidades son dos demais e nada lles toca a vostedes alí onde gobernan, a pesares de que a lei llelas adxudique.

E vostede, dixo ben, todo o que dixo, pero o papel ten conta do que lle poñen, e os números son os que son, e os datos son os que temos, e eu voulle dicir que os galegos e galegas valoramos o traballo dos nosos profesionais sanitarios cunha cualificación moi alta; pero, pola contra, valoramos negativamente o conxunto da sanidade galega, e isto non o di o Partido Socialista senón que estes son os datos do barómetro sanitario anual. E esa pésima valoración que ten a cidadanía da nosa Comunidade Autónoma é por algo, esa mala valoración é porque levan vostedes unha década castigando á sanidade pública cos seus motivos ideolóxicos tratando ós doentes por clientes.

Esa mala valoración é porque hoxe hai 1100 profesionais menos neste setor sanitario con respecto ó ano 2009, porque en dez anos de goberno de Feijóo o que temos son 900 camas hospitalarias menos, porque o orzamento sanitario no 2009, por certo último ano do goberno progresista en Galicia, non foi superado polo goberno de Feijóo ata o 2018, tiveron que pasar dez anos, ou sexa que durante dez anos de goberno de Feijóo tiveron menos orzamento para sanidade, e porque Galicia conta cunha taxa de 5,5 enfermeiras por cada mil habitantes cando o conxunto de España é de 6,5, e a media europea case 9.

E tamén é mala a valoración que facemos porque a Consellería non adica o 25% recomendado do orzamento sanitario a atención primaria do Sergas e só adica o 12%. Polo tanto esta mala valoración ten un motivo que eu creo que os galegos e galegas non estamos fóra do sensato cando así o facemos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Tendo en conta que me teñen pedido encarecidamente que sexa suave nas miñas respostas ó señor voceiro do Bloque, que polo visto ten a pel moi fina, non tiña pensado dicirlle nada, pero si que lle vou dicir que eu non estou en política para resolver os problemas persoais dos meus amigos de estudos.

Dona Pilar, a diferenza da Administración nacional, a Xunta dende o primeiro momento adiantouse e tomou medidas dentro do seu ámbito de competencias; súmense vostedes ós plans e medidas que está adoptando a Xunta de Galicia en vez de reclamar accións que xa están postas en marcha.

Galicia sairá deste crise sanitaria porque temos os mellores profesionais sanitarios, boas infraestruturas e equipamentos, un goberno previsor e traballador volcado cos pacientes, e unha sociedade implicada nun obxectivo común, unha implicación na que só se botan a faltar os Partidos que se atopan na oposición autonómica”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Mire señor Poy, teña eu a pel como a teña e que me falte a mín dame igual, pero que lle falte ó respecto a unha enfermeira, que só comentei a modo anecdótico que estudara comigo, púxena de exemplo porque foi a bandeira de loita de moitos enfermeiros, foi a bandeira do colectivo, porque se só lle pasara a esa rapaza de Sarria era un problema anecdótico, pero o problema é que son todos así, tódolos contratos que hai coas enfermeiras son así; entón non a mesture a ela, fálteme a mín ó respecto se quere porque eu con iso non teño problema, se se quere facer o tonto fágase, pero todos sabemos de quen falo porque saíu en tódalas televisións e en tódolos medios escritos do Estado porque era escandaloso e porque era exemplo.

Vostede mesmo se cualificou con esa resposta, e xa leu o argumentario, xa deu o seu mitin, e non teñen nada máis que dicir porque está claro que vostedes recurtaron na sanidade pública, que a sanidade pública empeorou neste decenio, e teñen que facer unha fuxida cara adiante. E eu xa llo teño dito a algún compañeiro meu, eu quedo abraiado cando sacan datos de que invisten na



sanidade pública, e que compren cousas para os hospitais, claro e que quen as ten que comprar?, a Deputación tamén?. Porque presumir de que manteñen os hospitais, pois se queren déxenos caer; presumen de darlles EPIs ós sanitarios, é que presumen dunhas cousas que teñen a obriga de facer.

Por tanto veñan con cousas serias, eu entendo que é difícil porque dez anos de recortes son moi malos de agochar. A poboación estaba cansa de como ía a sanidade pública antes do coronavirus, e agora teñen un problema moi gordo porque incluso o que non tiña presente o importante que era a sanidade pública agora teno; entonces vostedes teñen que facer cortinas de fume para agochar tódalas deficiencias que ten a sanidade pública, e maiormente no que din os expertos, que é unha das claves para previr novos rebrotes e novas pandemias, que é a atención primaria, e é onde máis recurtaron, calquera dos que vivimos en vilas como Sarria, ou calquera outra, sabemos como funcionaba a sanidade hai uns anos e como estaba dotada, e como funciona agora, calquera que vaia a unha consulta simple non hai que tirar de datos, porque se ve nas listaxes de espera, cando non hai médicos, cando saen facer unha visita nas urxencias e queda o PAC baleiro, e iso pode velo calquera veciño ou veciña, e vostedes non o poden agochar con eses argumentarios”.

Intervén a a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Despois de descubrir neste Pleno que a Deputación ten competencias en Alcoa, pero a Xunta de Galicia parece ser que en sanidade non ten moitas, e comparto con Efrén que se adican a vender fume e a espallar as obrigas como iniciativas políticas, entendo tamén porque o fan; porque, como lles dicía antes Galicia conta co número tres no ranking de Comunidades Autónomas peor valoradas polos cidadáns en canto á sanidade pública; sen embargo temos unha valoración dos profesionais moi por enriba da media de España.

E ademáis atrévome a dicirlles que tivemos moita sorte en Galicia coa expansión do coronavirus, e esta situación lonxe de mellorar e aprender durante esta etapa que acabamos de pasar, non se fixo nada, e a xestión da crise derivada do Covid-19 non nos trouxo ningunha modificación, non houbo un plan de atención sanitaria para maiores nas residencias, nin se prevé

que o vaia haber, e o único que fixeron foi espallar fume e propaganda como con eses hospitais de campaña que desapareceron en canto marchou a prensa.

Polo tanto agardemos que non teñamos moita incidencia do coronavirus se é que existe un rebrote, porque moito me temo que as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia se non teñen en conta a nosa proposta non van ser moi útiles”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA UN PLAN DE REACTIVACIÓN INTEGRAL PARA A PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia un plan de reactivación integral para a provincia de Lugo.

Exposición de Motivos:

As medidas de loita contra a epidemia do covid-19 teñen deixado unha forte pegada na provincia de Lugo. Como no conxunto de España e de Galicia, todos os colectivos sociais e todos os sectores produtivos se viron afectados en maior ou menos medida, co cambio nas rutinas vitais e alteracións no traballo que, en algúns casos, chegaron á completa paralización.



Unha situación sanitaria inédita obrigou a adoptar medidas excepcionais, que xeraron unha resposta cívica exemplar e solidaria. A cidadanía reclamou tamén das administracións un esforzo de coordinación e colaboración leal que esquecera as liortas e posturas partidistas. Este foi o espírito co que traballamos dende a Deputación de Lugo.

Afortunadamente, o esforzo colectivo terminou dando os seus froitos, e, coa prudencia que aconsellan as opinións dos expertos sanitarios, é agora o momento de traballar para reactivar o tecido socioeconómico. Un traballo no que cada administración ten que recuperar o papel que lle marca o noso ordenamento legal e esforzarse por cumprir as súas competencias.

É por iso o momento de ter presente que o noso Estatuto de Autonomía recolle que lle corresponde á Comunidade Autónoma as competencias exclusivas en materias como o “fomento e planificación da actividade económica” (artigo 30.I.1), a industria (art. 30.I.2), o comercio interior (art.30.I.4). Así mesmo, o artigo 30.I.7b, recolle a competencia autonómica á hora de desenvolver e executar “programas xenéricos para Galicia, estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas”. E que os artigos 31, 32 e 33.1 recollen as competencias en ensino, cultura e sanidade.

Por iso é o momento de que a Xunta de Galicia dispoña dun plan integral de reactivación social, económico e cultural para a provincia de Lugo. Este plan ten que ter en conta os efectos xerados pola epidemia no emprego, na situación dos autónomos e autónomas, na hostalaría, no turismo, na cultura, la agricultura, na gandería, na pesca, no comercio.... Tamén debe ter en conta o que aprendimos dela, como é a necesidade de consolidar a sanidade pública e os servizos sociais, que foron as grandes defensas dos galegos ante esta situación.

O plan debe lembrar tamén a situación previa da provincia. É certo que o covid-19 plantexou unha ameaza inédita. É certo que agora empeza un tempo novo. Pero non podemos esquecer outras demandas ou ameazas que xa estaban connosco antes da chegada do virus; ameazas que a epidemia non fixo senón incrementar. O comercio local necesita axudas en tecnoloxía ou distribución para poder competir ca venta on line. E antes da chegada do virus, a provincia de Lugo estaba a esperar por un plan de industrialización que paliase as inquiredanzas que xorden arredor do futuro de centros como a factoría de Alcoa ou a central de As Pontes.

Polo exposto con anterioridade, propoñemos a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1.- Reclamar á Xunta de Galicia que dispoña dun plan de reactivación integral, económico, social e cultural, que permita á provincia de Lugo recuperarse dos efectos negativos xerados pola loita contra a epidemia do covid e que contemple os seguintes puntos:

- Dar a coñecer canto antes como planifica a volta a clase no comezo do curso 2020/2021, cun plan de medidas de apoio a centros e mestres para que poidan desenvolver o seu traballo coa maior normalidade posible. Así mesmo, reclamar que a información anterior se traslade canto antes a pais e nais para que as familias poidan planificar con tempo suficiente o desenvolvemento das súas rutinas.
- Diseñar un plan de reactivación que teña en conta as perdas sufridas polo sector cultural.
- Elaborar un plan específico de apoio ó emprego que teña en conta a sectores como a mocidade, as mulleres ou os maiores de 45 anos, para que o efecto do covid non incida especialmente en sectores nos que o desemprego é tradicionalmente máis elevado.
- Elaborar un plan de industrialización baseado nas novas tecnoloxías e a sostibilidade. Un plan que preste atención especial á situación de zonas como A Mariña e o norte da provincia, que vivían a incerteza derivada da situación de Alcoa e As Pontes.
- Diseñar un plan específico de apoio ó pequeno comercio, con axudas específicas tanto no eido da aplicación de novas tecnoloxías como no apoio á distribución a domicilio, que permita a estes establecementos manter a actividade en caso de novas restricións e, sobre todo, competir coas plataformas de venda on-line.



- Presentar un paquete de medidas de apoio á hostalaría, que teña en conta a diversidade dos establecementos deste sector e as singularidades da provincia de Lugo.
- Adoptar medidas de promoción para a recuperación do turismo na provincia. Estas medidas deben ter en conta as condicións creadas pola pandemia e apostar dun xeito especial pola comunicación (Galicia e Lugo como destinos seguros) e polo fomento do turismo interior, con Galicia e o conxunto de España. Así mesmo, este plan debe coordinarse cas medidas de reactivación da hostaleira, dada a relación de simbiose que manteñen ambos sectores.
- Acometer un plan de reforzo da Sanidade Pública Galega que permita afrontar un posible rebrote do covid-19 no vindeiro outono. Este plan debe contemplar medidas de reforzo de persoal, tanto nos PAC como nos hospitais, que garantan tanto a atención presencial como a necesidade das visitas domiciliarias. Así mesmo, finalizar ca precarización do persoal sanitario e rachar ca práctica de firma de contratos por un día o mesmo unhas horas de duración.
- Diseñar con carácter urxente un plan de atención médica específico para os maiores das residencias de terceira idade, que foron os grandes esquecidos durante a pasada crise.
- Adoptar medidas de promoción do consumo de produto de proximidade, singularmente enfocado no sector primario da agricultura, gandería e pesca.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Pois continuamos, como na moción anterior, dicindo que as medidas de loita contra a pandemia do Covid-19 teñen deixado unha forte pegada en Galicia, e tamén na nosa provincia, igual ca no conxunto de España, en tódolos colectivos sociais, e en tódolos setores produtivos que

se viron afectados en maior ou menor medida chegando nalgúns casos a unha situación máis grave cunha completa paralización.

Esta situación sanitaria dende logo inédita obrigounos a adoptar medidas excepcionais, e o que trouxeron consigo foi unha resposta cívica exemplar e solidaria, por iso a cidadanía tamén hoxe reclama das Administracións un esforzo de coordinación e colaboración, leal e que esqueza as liortas e posturas partidistas, a cadaún o que lle toca, que é algo que vimos falando ó longo deste Pleno.

O esforzo que dende logo terminou dando os seus froitos, alo menos ata o día de hoxe, coa prudencia que ademáis aconsellan as opinións dos expertos, nos leva a concluir que agora é o momento de traballar para reactivar o tecido socioeconómico. Agora cada Administración ten que recuperar o papel que lle marca o noso ordenamento legal, esforzarse por cumprir coas súas competencias.

Agora tamén é o momento polo tanto de ter presente o Estatuto de Autonomía, do que xa falamos nalgún punto de debate anterior neste Pleno, un Estatuto de Autonomía de Galicia que recolle que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materias como poden ser o fomento e a planificación da actividade económica; a industria, da que xa levamos falando ó longo deste Pleno, aínda que algúns parece que están empeñados en transferirlle esta competencia á Deputación de Lugo; en comercio interior; a competencia á hora de desenvolver e executar programas xenéricos para Galicia estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas; literalmente así o recolle o Estatuto de Autonomía, e tamén as competencias en ensino, cultura, e sanidade.

Polo tanto é o momento de que a Xunta de Galicia dispoña dun plan integral de reactivación social, de reactivación económica e cultural tamén para a provincia de Lugo e o conxunto de Galicia. Ata agora, e tamén saíu xa neste Pleno, en Galicia xunto con outra Comunidade Autónoma máis, somos os únicos que non temos axudas directas a fondo perdido para as empresas, aquí dámoslles créditos, téñenos que devolver, é certo que é unha medida pero dende logo non é comparable ás medidas que se están tomando noutras Comunidades Autónomas.

E nese sentido nós o que queremos é que a Xunta de Galicia cumpra coas suas obrigas, que a Xunta de Galicia faga os deberes que lle corresponden, que a Xunta de Galicia exerza as competencias que por lei lle corresponden. A Xunta de Galicia ten que elaborar un plan que debe ter en conta os efectos que se xeraron a causa da epidemia no emprego, na situación dos autónomos e autónomas, na hostelería, no turismo, na cultura, na agricultura, na gandeiría, na pesca e no comercio. Ese plan que ten que facer a Xunta de Galicia, e que nunca fixo, ten que ter en conta o que tivemos aprendido desta pandemia, como é a necesidade de consolidar a sanidade pública e os servizos sociais.

Non pode esquecer tampouco este plan a situación previa, o que xa acontecía antes da crise do Covid-19. É certo que agora comeza un tempo novo, pero tamén é certo que hai outras demandas ou ameazas que xa estaban connosco antes de que chegara o virus, ameazas que a epidemia o único que fixo foi incrementar e poñer en evidencia.

Antes da chegada do virus a provincia xa estaba esperando polo plan de industrialización da Xunta de Galicia, que ten obrigas para facelo, un plan que preste especial atención á situación de zonas como A Mariña, tal e como falamos na moción que debatemos hai un anaco, e ó norte da provincia, que por certo leva moito tempo vivindo con incerteza.

Antes da chegada deste virus o noso comercio local xa demandaba axudas para competir coa venda on line. E antes da chegada deste virus o sector primario xa necesitaba medidas para promover o consumo de produtos de proximidade. Antes da chegada do virus o sector cultural xa pedía máis inversións, e a hostelería e o turismo da nosa provincia demandaban medidas reais que teñan en conta a diversidade dos establecementos deste sector e tamén as singularidades da nosa provincia. E antes de que chegara este virus as mulleres, os maiores de 45 anos, xa pediamos medidas de fomento de emprego; e os mozos que están traballando fóra xa querían volver e pedíanlle á Xunta de Galicia, e necesitaban dela, para que fixera un plan de emprego para eles.

Antes de que chegara este virus o ensino na nosa provincia, e en Galicia, xa necesitaba e pedía máis medios e tamén máis docentes, agora o único que queren é que haxa unha planificación para volver a clase no curso 2020-2021. E antes da chegada deste virus a sanidade pública, como

lles dixen nunha moción anterior, tiña unha manifestación pronunciándose contra as políticas de recorte de Feijóo, con máis de dez mil pesoas na rúa.

Eu creo que o que facemos é atinado, e ademáis facémolo sen ruborizarnos, pedímolos sen dobre cara, sen demagogia, a cadaún o que lle toca, a Xunta de Galicia neste caso ten competencias en materia de sanidade, ten competencias en materia de industria, ten competencias en materia de emprego, ten competencias en definitiva sobre todos e cadaún dos sectores produtivos da nosa provincia, de aí que nós lle reclamamos que dispoñan dese plan de reactivación integral para a nosa provincia, que permita que se recuperen os efectos negativos xerados pola loita contra o coronavirus, pero sen esquecer que a nosa situación de partida era a que era antes de que chegara esta pandemia”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Todas estas medidas foron e están sendo adoptadas por parte da Xunta de Galicia nos distintos ámbitos, polo que carece de sentido aprobar algo que xa está posto en marcha. Chegan tarde os socialistas da Deputación, ademáis lean vostedes o contido dos distintos Consellos da Xunta para non meter a pata cando traen as mocións a Pleno.

Pero é curioso, ou cando menos sorprendente, que pida a adopción de todas estas medidas precisamente a Institución que no primeiro mes e medio da pandemia, dende que se decretou o estado de alarma, esqueceu ós concellos da provincia, a Institución que nos deu a primeira entrega de mascarillas cando a Xunta de Galicia xa nos tiña feito cinco entregas de mascarillas e de material de protección; pero en todo caso despois de que os Alcaldes lle pediramos reiteradamente que non nos deixara tirados, e que copiase doutras Administracións.

Preguntaba antes o Sr. Presidente onde estaba a Xunta de Galicia, pois a Xunta estivo ó pé dos concellos dende que se decretou o estado de alarma, e vostede ben o sabe; pero quen non estivo con nós foi a Deputación Provincial, nin unha soa chamada telefónica do Presidente da Deputación; pero, insisto, a primeira entrega de material cando a Xunta xa nos tiña feito cinco entregas. Isto non é unha falacia, é unha realidade.



Pero é curioso tamén que pretendesen confundir ós concellos da provincia dicindo que aplicasemos a metade do Plan Único á loita contra o coronavirus, que é tanto coma dicir: “non che dou nada extraordinario pero déixoche gastar o que xa che ía dar”. Imaxinen vostedes que a Xunta de Galicia lles dixera ós concellos que non lles ía dar nada extra para loitar contra a pandemia pero que lles deixa gastar nela o fondo de cooperación local, seguramente non lles gustase.

É curioso tamén que tódalas propostas da Orde do Día deste Pleno teñan por título “instar á Xunta”, “instar a outros”, instense a vostedes mesmos que con 63 millóns de euros de remanentes de tesouraría ben poden traballar pola provincia se teñen intención; fagan o que fai a Deputación Provincial de Cáceres, gobernada tamén polos seus compañeiros socialistas, da que máis tarde falarei.

Pero o que sucede é que nesta Institución o que se vislumbra é o mesmo que sucede no Goberno Central, unha inmensa falta de coordinación entre socios de goberno con distinto proxecto; e salta á vista porque esta moción é idéntica á que presenta o Bloque Nacionalista Galego no seguinte punto da Orde do Día referida ó ámbito galego, o que pón de manifesto que o único que lles importa ós socios de goberno non é gobernar con seriedade senón xustificarse politicamente.

Pero afortunadamente a Xunta de Galicia, que é moito máis inmediata e eficaz na xestión, porque actúa a tempo, xa conta con plans de reactivación económica nos eidos que vostede sinala. Se observan o Consello da Xunta do día 20 de marzo xa fixo pública a Xunta de Galicia a inversión en materia de recuperación económica de 380 millóns de euros, 51 millóns e medio de inversión sanitaria a través dun plan de emerxencia, 270 millóns de euros en medidas económicas, 33 millóns en materia de política social, e máis de 25 millóns para os sectores turístico e cultural.

Se miran vostedes no Consello da Xunta do día 7 de maio, anunciouse precisamente esta inversión de máis de 25 millóns de euros en materia cultural. En total 27 millóns de euros en medidas transversais para apoiar ás empresas e profesionais afectados. Un plan que, como dixeran, foi anunciado nese Consello da Xunta de 7 de maio, que comprende nove bloques de execución

que suporán á súa vez unha inversión de 11 millóns de euros en actividade turística, 10,6 millóns de euros no sector cultural, e 5,1 millóns no Xacobeo 20-21.

No Consello da Xunta do 15 de maio adoptáronse medidas económicas, unha liña de financiamento a través de préstamos avalados que permitirá mobilizar 250 millóns de euros, convenios coas sociedades de garantía recíproca, Afigal, Esogarpo; anticipo de 1500 euros ós traballadores por ERTes; programa “Igape responde”. En canto a medidas en materia social, adianto do pagamento da RISGA, incremento de trescentos dez mil euros en axudas de inclusión social. E aprobouse a maior orde de axudas para as entidades sociais de inclusión da historia de Galicia, 18,3 millóns de euros. Iso si que é unha realidade señores socialistas e nacionalistas.

No Consello da Xunta do pasado 15 de maio tamén se adoptaron axudas extraordinarias ó alugueiro; axudas económicas, plan de transformación dixital das pequenas e medianas empresas e ó comercio galego, 23 millóns e medio de euros que mobilizarán outros 40 millóns co obxectivo de facilitar a reactivación e incrementar a competitividade. Reforzo do programa “Galicia Exporta Dixital” que contará cun orzamento de seis millóns de euros; e destinaranse catro millóns a impulsar a innovación e a dixitalización.

Todas estas son medidas reais adoptadas pola Xunta de Galicia, feitas públicas en distintos Consellos da Xunta de Galicia, e polo tanto creo que non temos nada que aprobar porque todo iso está aprobado. Chegan vostedes tarde como fixeron co asunto das mascarillas; e agora non len os contidos dos Consellos da Xunta e pásalles o que lles pasa”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“A verdade é que eu hoxe, supoño que o terei que atribuír á convocatoria electoral, pero non saio do abraio coas intervencións do Partido Popular. Agóchanse detrás dun argumentario, pero mire señor Balado, o que hai de realidade, e iso sábeno tódolos galegos e galegas, e autónomas e autónomos, e PEMES deste país, é que a Xunta de Galicia a día de hoxe aprobou cero euros en axudas directas; aprobou uns créditos, que non digo que non poidan axudar ou ser parte da axuda, pero iso téñeno que devolver, e para algúns será unha situación que pode amortiguar un



pouco a caída pero é negocio para os bancos e diñeiro que van ter que devolver autónomos e autónomas, iso sabémolo todos.

Ademáis poñen exemplos doutros gobernos, e que son os últimos, non quedan Comunidades Autónomas que non aprobaran algún tipo de axudas para eses sectores tan damnificados por esta crise sanitaria.

Despois fala das axudas ó sector cultural, eu volvo dicirlle coma na intervención do seu compañeiro, teñen que ter coidado do que presumen porque aprobárono e no mesmo día que o presentaron estaba todo o sector cultural galego rebotado coas medidas, porque non facían fronte ás necesidades do sector cultural, e deixaban gran parte dese sector fóra desas axudas. Entonces pode presumir do que queira pero se fan un plan de axudas que realmente non axuda ó sector, e o dan como por feito, a vostedes valeralles e sae o telepresidente anunciando, pero o sector cultural non está contento coa xestión da Xunta de Galicia, senón fale co sector xa que tanto presumen da conexión, pois falen co sector cultural; pero son cousas que a mín deixanme bastante abraído.

Despois presume do reparto de material que se fixo por parte da Xunta, eu entendo as dificultades e neses momentos creo que todos tivemos lealdade institucional, todos menos vostedes en Madrid, e eu coñezo o meu concello e algún máis pero o material que se enviou era o xustiño, iso si, cunha pegatina ben grande para que se soubera de onde viña.

Esta Deputación fixo unha aportación de material, sen ser as súas competencias, que non sei que problema ten con iso. E en canto a que tardamos, pois evidentemente non era fácil mercar no mercado, ou alo menos a vostedes custoulles, pois a esta Deputación tamén, pero chegaron, e chegaron en abundancia en comparación coa Xunta.

E polo que entendín da intervención do Sr. Balado, parece que vostedes xa fixeron todo e non teñen que loitar contra o Covid porque xa o fixeron; e eu o único que vin como galego é publicidade tanto nos medios coma nas intervencións do Sr. Presidente; senón dígame onde hai unha liña de axudas para autónomos e autónomas, que fixeron máis alá de falar do Xacobeo que xa estaba?, porque todo iso que dixo non é máis que fume.

Ímoslle financiar a débeda, vostedes cando hai crise sempre miran para os bancos, xa vimos os modelos, pero incluso os sectores máis liberais están dicindo que para esta crise non valen eses modelos, incluso o Fondo Monetario Internacional, porque non fan unha inxección de capital ó sector produtivo?, explíquenolo. E se fora verdade que o tiñan todo feito nin o Partido Socialista nin nós na outra moción, que por certo son parecidas nalgún punto pero non son iguais, recoméndolle que as lea, non traeríamos mocións para esixir cousas que están feitas; pero a realidade é que non están feitas, e senón onde están as mostras?, eu non as vexo e a sociedade galega tampouco, e vostedes están nunha fuxida cara adiante e nunha campaña que non rematou dende a primeira convocatoria electoral.

Pero os números son duros na sanidade pública, e son duros agora onde non fan máis que esixir ó resto de Administracións que fagan algo cando vostedes non están a facer nada; a cargarlle ás Deputacións e ós concellos as suas competencias; polo tanto temos que esixirlle á Xunta. Claro que se lle fai duro que veñan moitas esixencias á Xunta, pero non están reaccionando e polo tanto nós, como responsabilidade política, temos que facer esas esixencias”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que non saímos do noso asombro durante todo este Pleno, porque eu creo sinceramente que o Partido Popular que empezou a súa campaña o mesmo día que tiñamos todos constancia de que existía unha crise seria co coronavirus non a abandonou ata o día de hoxe. Aquí non está moi claro se veñen vostedes exercer como Deputados, Concelleiros, Alcaldes, en definitiva representantes desta provincia, ou veñen de padriños do Sr. Feijóo, eu creo que nos veñen dar os mitines que probablemente non podan ter en campaña ou ó mellor non poden ter coa afluencia de público á que vostedes están acostumados.

E despois fálannos dunha serie de cousas, e vir aquí tirarse flores co reparto de mascarillas que fixo a Xunta de Galicia, tendo en conta que en ningún momento dan os datos das que lle achegou o Goberno Central, a verdade é que me parece un pouco forte tendo en conta ademáis que as que repartían vostedes chegaban caducadas. E tamén saíu moi forte hai uns días o Sr. Castiñeira, o seu voceiro, dicindo que a Deputación de Lugo non facía nada e poñía como brillante exemplo á



Deputación de Ourense, pero o certo é que a Deputación de Lugo a día de hoxe está en condicións de cubrir ó 60% da poboación con mascarillas en canto cheguen as que están adquiridas que, por cuestións de reparto, aínda non chegaron ata a Institución provincial.

E falan vostedes de achegas ós concellos, non son vostedes un exemplo para falar de achegas ós concellos e reparto igualitario para todos e o que fai a Xunta de Galicia, nunca houbo ningún concello que non recibira nada da Xunta de Galicia, e da igual quen governe, vostedes fan un reparto para todos por igual; home!, eu creo que hai cousas nas que deberían ser un pouco máis prudentes porque máis alá dos boletíns ós que nos ten acostumados o Sr. Feijóo e que a vostedes lles gusta replicar hoxe neste pleno, máis alá diso a cidadanía parva non é; entón se fai unha lectura tamén da realidade que vivimos, e a realidade que vivimos como galegos non ten moito que ver coa que vostedes plantexan.

E nese sentido tamén me gustaría dicirlles que son vostedes, os señores e as señoras do Partido Popular, os que gobernando dende a Xunta de Galicia privan de determinadas inversións ós concellos e, como dicía a miña compañeira Mayra nunha das súas intervencións, retiraron achegas para gasto anticipado que xa tiñan os concellos. Creo que iso vostedes como Alcaldes e como Concelleiros tamén llelo deberían facer chegar ó seu goberno, ó mesmo tempo que os podían instar tamén a que resolvable dunha vez o Aprox Rural, ou que solucionen xa tamén as axudas do RISGA para os concellos, á vez que lle podían trasladar que teña axudas directas para as empresas e se deixe só de dar préstamos que pode ser un paliativo pero dende logo non van curar definitivamente a enfermidade.

O certo é que a Xunta de Galicia está baleira de contido, e un claro exemplo témolo nesta provincia co famoso “Plan Ribeira Sacra”, que non aprobaron, espuxérono, dixeron que estaba cheo de contido e o único que fixeron foi coller as partidas de cinco Consellerías, cambiarlles o título, e xuntalas nese paquete; e o mesmo fan agora co programa de promoción do turismo, xuntan os cartos que teñen diferentes Consellerías e cámbianlles o título, o propio Conselleiro o reconece, co cal non hai moito máis que dicir neste sentido”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente para retomar o debate, e para dicirlle ó Sr. Castro que eu vexo que o goberno provincial está acomodado; din que se asombran, que están abraiados, cando non queren entender; pero recoñezan que chegaron tarde nesta ocasión. Que a Xunta de Galicia anticipe 1500 euros ós traballadores afectados por ERTes que non cobran do Goberno Central, iso é unha realidade, e ademáis chámase eficiencia. Que a Xunta de Galicia destine 18,3 millóns de euros para entidades de inclusión social, iso é eficiencia. Que a Xunta de Galicia asuma os intereses de préstamos concedidos a PEMES e autónomos que non teñen liquidez, iso é eficacia. O que pasa é que vostedes son artífices na manipulación, o que lles preocupa neste mometo é arañar algún voto de cará a vindeira cita coas urnas; porque francamente vostedes teñen as cousas moi mal.

E mire, a cidadanía galega e española, a día de hoxe, ten claro que nin os nacionalismos nin os socialismos son a solución, porque están cansos das continuas contradicións ás que nos someten tódolos días dende o Goberno Central, que nos digan unha cousa á mañá e outra á noite, que rectifiquen continuamente, que os erros sexan a regra xeral e os acertos a excepción, iso á xente non lle gusta. Por iso eu digo que vostedes non están para dar exemplo.

Pero un exemplo claro do que eu lles dicía antes do que si fan outras Deputacións, e ademáis voullelo comparar cunha Deputación socialista; a Deputación de Cáceres, moi similar polo seu orzamento e pola súa dimensión, á de Lugo, ten un plan de reactivación económica ó que destinan no ano 2020 vinte millóns de euros, dos que 16 millóns proceden de remanentes e catro millóns de baixas de execución; no ano 2021, cincuenta e un millóns de euros, dos cales 12 millóns proceden do plan activa bianual e de endebedamentos; no ano 2022, dezanove millóns douscentos sesenta mil euros do plan activa bianual; en total noventa e un millóns de euros é o que destina a Deputación Provincial de Cáceres ó plan de reactivación económica da súa provincia.

Isto simplemente llo deixo caer ó Sr. Presidente para que vexa o que fan noutras Administracións; porque eu comprendo que vostede ten moita tarefa, evidentemente tamén é Alcalde de Monforte, e entendo que non lle quedarán moitas horas libres ó día; pero recoñeza que vostede se preocupou de Monforte e non da provincia”.



Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“O Sr. Balado agóchase detrás dunhas cifras; falou aí dunha Deputación, eu non coñezo a situación, pero as cifras de que falou entendo que é porque teñen un orzamento bastante maior que o desta Deputación, ou que non teñen un Plan Único, ou ámbalas dúas cousas; e do que estou seguro é de que non teñen un sistema de residencias públicas coma o que ten esta Deputación, que xa lle digo que o tivemos que asumir polo abandono da Xunta de Galicia ós maiores da provincia.

Polo tanto agóchanse detrás das cifras doutras Institucións, e vostede mesmo recoñeceu na súa intervención que o que fixeran foran créditos aos autónomos e autónomas e ningunha axuda directa; iso é o que está demandando a sociedade, o que están facendo outros gobernos autonómicos, e o que a Xunta se nega a facer porque sempre tivo outros modelos económicos que defender, nos que no seguinte punto da Orde do Día entrarei máis a fondo; e a realidade é a que hai.

Fala da presidencia desta Deputación, pero eu o que vin é que o Presidente da Xunta de Galicia durante toda a crise sanitaria do que estivo preocupado era de poder convocar unhas eleccións, que eu tamén considero que son unha grave irresponsabilidade convocar unhas eleccións nesta situación; e foi a súa máxima preocupación, minutos de televisión e convocar as eleccións; iso é no que traballou a Xunta do Partido Popular, e é no que está a traballar.

Polo tanto teñen unha fuxida cara adiante e non queren aceptar que lles toca gobernar o país. E que se non queren gobernar deixeno, pero se están e se os elixen para estar aí gobernen, e senón nós como oposición temos que esixirlles que gobernen e que axuden ó tecido produtivo dos galegos e das galegas. Polo tanto mentres sigan con esa inactividade, e sigan abandonando ós galegos e galegas, o noso Grupo vai seguir traendo medidas e apoiando ás que vaian nese sentido”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Deputación de Ourense miles de mascarillas; Deputación de Cáceres plan de reactivación; Deputación de Lugo, sen manipular nin terxiversar os datos, máis de 55 millóns de euros en recursos económicos para dinamizar os concellos e o tecido asociativo, social e económico desta provincia.

Sen terxiversar os datos señor Balado, porque vostede solta o que solta da Deputación de Cáceres pero evita dicir o resto de inversións que fai a Deputación de Cáceres. Polo tanto somos moi parecidos si, cambiámoslle o título ós diversos programas que temos. Polo tanto nós temos un Plan Único e a Deputación de Cáceres ten ese programa de reactivación da economía, ven sendo o mesmo.

Pero mire, a través do Plan Único da Deputación de Lugo, 21,3 millóns de euros; e só lle vou contrastar, porque non me chegan os segundos, un dato que daba vostede e do que presumía; Xunta de Galicia, 18,3 millóns en políticas sociais; Deputación de Lugo, só nas residencias máis de nove millóns de euros; non é comparable o esforzo dunha administración e da outra. Sexan rigorosos, non terxiversen as cifras, non utilicen e manipulen os datos”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E A DISPONIBILIDADE DE USO DOS RECURSOS ECONÓMICOS DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación



vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre a elaboración dun Plan Galego de Reactivación Económica e a disponibilidad de uso dos recursos económicos das Administracións Locais.

Exposición de Motivos:

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid-19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas atrevidas, valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos serán a banca e as grandes corporacións económicas.

As administracións locais non teñen competencias estruturais en materia económica e de política fiscal. As decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender das medidas lexislativas e executivas que se adopten polo Estado Español e pola Xunta de Galiza.

A reforma do art. 135 da Constitución Española, promulgada o 27 de setembro de 2011, estableceu o marco que determinaría nos seguintes anos os férreos límites ao gasto público, o endebedamento e a capacidade de investimento das entidades públicas. Na súa disposición adicional única establecía, entre outras cuestións, que antes do 30 de xuño de 2012 debería estar aprobada a Lei Orgánica á que se fai referencia no citado artigo 135.

A Lei Orgánica de 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, coñecida como Lei Montoro, no seu capítulo II establece tres regras fiscais básicas:

- Equilibrio ou superávit estrutural.
- Limite á ratio da débeda ao 60% do PIB. (3 % as entidades locais).

- Regra de gasto. Na que se dispón que o gasto computábel non pode superar a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo.

Dos datos que dispomos, a débeda viva dos concellos españois a 31/12/2018 era de 20.952 millóns de euros e a das deputacións de 4.472 millóns. No caso galego a débeda aínda é moito menor; abonda citar que a das catro deputacións non chega aos 22 millóns de euros 21,949 millóns e a de todos os concellos galegos non chegaba aos 252 millóns (251,488 millóns). Posiblemente a día de hoxe estas cantidades sexan substancialmente máis baixas dado que estes son datos de 2018. Este dato é transcendente, xa que implica que as entidades locais galegas compren sobradamente a ratio de débeda sen tan sequera chegar ao 0,5% do PIB.

O superávit dos concellos tense que destinar obrigatoriamente a amortización de débeda, aínda que, de xeito discrecional os orzamentos do estado permitan anualmente destinalo a investimentos financeiramente sostibéis, con toda unha serie de condicionantes moi difíciles de cumprir (resulta imposible utilizar as baixas nas adxudicacións, non computa o que non se executa dentro do período computábel...). Polo tanto os concellos foron amortizando débeda e moitos deles teñen débeda cero e non poden destinar o superávit a outros fins.

Son moitos os concellos que se ven obrigados a incumprir a regra de gasto, dada a especificidade dos concellos así como a lexislación específica na materia (LRHL), coas consecuencias no desenvolvemento dos seus orzamentos que isto implica.

Dado que aos concellos se lles imposibilitou, na práctica, a utilización do superávit orzamentario, é necesario que nestes momentos de grave crise se poidan destinar os remanentes orzamentarios de anos anteriores para aqueles fins que se consideren precisos, aínda que isto supoña incumprir a regra de gasto ou incorra en inestabilidade. É hora de rescatar ás persoas e non aos bancos.

Hoxe máis que nunca é necesario derrogar a Lei Orgánica 2/2012, ou cando menos a modificación nos seus aspectos máis substanciais, para que dende os concellos e as deputacións se poidan adoptar políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica, xa que esta



Lei é un grave obstáculo nestes momentos nos que o necesario é rescatar ás persoas, e non priorizar aos bancos

Asemade, están a ser cada vez máis preocupantes as informacións en distintos medios de comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos de remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría ás administracións locais sen ningunha capacidade de actuación.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa e o exercicio reponsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para isto faise preciso a elaboración dun plan galego de reactivación económica e social, consensuado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Este proceso debe estar dirixido polo Goberno galego e refrendado polo Parlamento galego.

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental. Os concellos galegos, que xa están nunha situación de infrafinanciación ao respecto da media do estado, van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.

Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas, complementarias das do estado, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha actuación urxente do goberno galego cara a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1.- Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensuado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais.

Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.

2.- Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e PEME.

3.- Solicitar do goberno do estado a derogación dos aspectos substanciais da lei de Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira: estabilidade e regra de gasto, uso superávit e remanentes e endebedamento, para que as administracións locais podan desenvolver toda a súa capacidade de gasto e investimento.

4.- No caso de que, por parte do Ministerio de Facenda, se incauten ou bloqueen os fondos das administracións locais, a corporación provincial manifestará a súa firme oposición.

Dar traslado deste acordo á FEGAMP, a Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular, preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituír, a proposta de acordos formulada de xeito que quede da seguinte forma:

1. Instar á Xunta de Galicia a seguir implementando medidas de apoio a autónomos e pemes. Estas medidas deben seguir adoptándose escoitando as propostas dos colectivos afectados, así como ás dos interlocutores sociais no proceso de Diálogo Social aberto e o Comité de Expertos



Económicos, creado para analizar o impacto da pandemia na economía galega e afrontar nas mellores condicións a nova situación e promover a recuperación económica.

2. Instar ao goberno de España a flexibilizar as regras para que as entidades locais poidan utilizar os seus superávits para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas Comunidades Autónomas e o Estado.

3. Instar ao goberno de España a non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o estado de alarma, nin outros subterfuxios legais, para apropiarse dos aforros das Entidades Locais, respectando a autonomía financeira das entidades locais”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Comezo a defensa desta proposta que ten varios puntos, pero un dos que cremos que é clave é unha discusión que vai máis aló incluso desa derogación ou modificación da chamada “Ley Montoro” que é un cambio de escenario, cambia o escenario de decisión de a quen se quere rescatar; outras crises económicas, que non se parecían a estas pero si que eran dun calado económico parecido, o que se decidiu foi rescatar ós bancos, utilizouse o diñeiro de todas e todos nós en rescatar ós bancos e agora o que cremos é que hai que poñer o rescate enriba das persoas, a política do BNG sempre foi por aí, xa non criamos no modelo nas anteriores crises e agora cremos que é máis necesario aínda.

Polo tanto é moi importante que os concellos podan dispoñer de fondos, e esta Lei Montoro o que fai é que os concellos e as Deputacións galegas non podan utilizar os remanentes ou teñan que utilízalos para pagar ós bancos. A realidade galega é que a débeda viva dos concellos e das Deputacións galegas é moi baixa, cando a data de 31-12-2018 as catro Deputacións galegas só tiñan a débeda viva de menos de 21 millóns de euros e os concellos no seu conxunto de menos de 252. Polo tanto aquí non hai un problema estrutural de débeda pública destas institucións, e en cambio estáselles a reter eses cartos e téñennos que adicar ou ben a amortizar débeda ou incluso ó aforro.

Nós cremos que é o momento dunhas políticas valentes que permitan que ese diñeiro entre en circulación e salve ás persoas; e dicíao antes, é curioso que incluso as institucións con políticas marcadamente liberais, como pode ser o Fondo Monetario Internacional, viñeron poñer de manifesto que as fórmulas antigas non valían, que había que poñer diñeiro público e que había que estimular a economía e salvar as empresas. Por iso nós queremos que se derrogue ou modifique para que os concellos e Deputacións podan usar ese diñeiro; a Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, que é a famosa Lei Montoro.

Tamén falabamos na anterior moción que cremos que é o momento de que a Xunta faga un plan, os compañeiros socialistas propoñían unha batería de medidas, e nós queremos tamén que se faga ese plan porque é o que dicíamos antes, a Xunta non está a facer nada máis que abandonar a todo o setor produtivo, nin defende a industria nin defende o sector cultural nin está a defender as autónomas e autónomos; entón claro, como país estamos abandonados.

Entón o que vén esta moción dicir é instar, aínda que antes se enfadaba o Sr. Balado porque só instábamos á Xunta, pois o que estamos reclamando é que se poñan a gobernar, e que elaboren con urxencia un plan galego de axudas, que complementen as medidas do estado, a autónomos e PEME. Todos temos familiares ou amigos ós que se lle reduciron ou se lle eliminaron tódolos ingresos durante estes meses; pois para iso están institucións como a Xunta de Galicia, para rescatar ás persoas.

Polo tanto cremos que non é pedir moito, que é o que están facendo outros gobernos autonómicos, que se faga ese plan; e a maiores tamén hai, non sabemos se é rumoroloxía, pero houbo noticias en prensa e circulou moito que o Estado podía ter a tentación de incautar remanentes de tódolos concellos e Deputacións para gastalo eles, e nós, aínda que non temos a seguridade de que iso se vaia producir, queremos que no caso de que iso se produza que saia un acordo de aquí no sentido de que esta Deputación está en contra de que iso sexa así.

Polo tanto, o que lles dicía ó principio, estamos ante unha grave crise e unha dialéctica onde temos que elixir se imos utilizar fórmulas antigas que era rescatar bancos ou se imos decidir rescatar ás persoas dunha vez; cremos que hoxe en día está claro que o que hai que poñer é o acento en rescatar ás persoas e un cambio de dialéctica, e xa lles dicía que incluso os organismos



completamente liberais están dicindo que hai que facer un cambio de paradigma para saír desta crise. E cremos que é básico para que estas Deputacións e os concellos podan introducir ese diñeiro no mercado en axudas para reactivar a economía, que se lles deixe usar, e polo tanto cremos que é razoable que esta Lei se modifique profundamente ou se derogue”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Eu creo que hai unha cousa que está resultando evidente co paso do tempo e que este Pleno acredita tamén plenamente, a falta de reflexo político do goberno provincial está a constituir á Institución, á Deputación, en algo absolutamente irrelevante na loita contra a pandemia, e na loita tamén contra os problemas provinciais, *versus* o caso de Alcoa.

Debatenos agora unha moción do BNG dividida en dous ámbitos de aplicación claramente diferenciados; un coincidente co tema que se debateu na moción anterior só que de ámbito distinto, un de ámbito provincial e outro de ámbito galego; e unha segunda parte relativa á dispoñibilidade dos fondos das Corporacións Locais. Coa primeira parte nós discrepamos, coa segunda coincidimos substancialmente, aínda con diferenzas de matíz, e por iso presentamos unha emenda para tratar de chegar a unha transacción.

En relación coa primeira parte o señor Castro di sentirse abraiado pola intervención dos voceiros do Grupo Popular. Sr. Castro, nós tamén nos sentimos abraídos porque esta cuestión ponnos de manifesto que as dúas partes contratantes do bipartito provincial adoececen por certo do complexo de Boabdil, aquel rei moro de Granada, é dicir chóranlle a outros o que un non é capaz de facer por si mesmo. Piden vostedes á Xunta de Galicia que faga un plan xeral, tratan de poñerlle deberes, cando, como xa explicou o Sr. Balado, a Xunta de Galicia xa está a facer os deberes de maneira axeitada e está mellorando día a día a nota.

E saben vostedes, falouse aquí tamén, de liderazgos e do Presidente Feijóo, gran parte desa actuación da Xunta de Galicia débese a unha cousa elemental, a adversidade é a pedra de toque das persoas de valía, esta crise do coronavirus pon de manifesto que o Presidente Feijóo é unha persoa con capacidade de liderazgo, fixo o que había que facer en momentos coma este; en primeiro lugar

tivo clarividencia para anticipar o diagnóstico; e en segundo lugar tivo anticipación na toma de decisións, tivo dilixencia na execución desas decisións, e tivo eficacia nos resultados obtidos, de aí que ten tamén a confianza da xente de Galicia.

Fronte a esa capacidade do Presidente, que é o que opón a Deputación Provincial?, pois opón dúas cousas absolutamente negativas; en primeiro lugar unha absoluta falta de dilixencia na actuación; miren, nos primeiros tempos da pandemia vostedes estiveron pechados nunha torre de marfil, absolutamente ausentes, e sen tomar decisión de ningunha clase; pero despois foron incapaces de mobilizar os recursos propios da Deputación, e aínda hoxe andamos a voltas con esas historias.

Pero tampouco foron capaces de crear sinerxias coa sociedade civil, ou coas entidades económicas e sociais, para xerar recursos de loita contra esta pandemia. Tomaron medidas completamente illadas e rutineiras, de certo a única medida importante que tomaron non é outra cousa que a trampa saducea do Plan Único que, como xa explicou o Sr. Balado, en realidade non é máis que desvestir un santo para vestir outro santo distinto.

Pero se a inactividade é importante, eu creo que vostedes cometeron aínda un pecado moito peor, o pecado da prepotencia e da falta de diálogo. Todos sabemos que loitar contra esta crise é difícil, calquera goberno tería problemas, certo que se cometen erros, pero a xente entende o erro, incluso o desculpa e o perdoo, o que a xente non perdoo é a prepotencia; vostedes pediron consenso, e acertaron en pedir o consenso, pero botárono a perder total e absolutamente porque confundiron o consenso coa submisión, o consenso coa imposición, botárono a perder porque caeron no pecado da autosuficiencia, de crer que vostedes sós podían resolver o problema, e o que conseguiron é que non só non teñen a ninguén con vostedes senón que incluso ata os seus aliados os abandoaron, e aí temos as recentes votacións no Congreso para demostralo.

E esa mesma falta de diálogo estana mostrando vostedes a nivel provincial, rexeitaron a oferta que dende o primeiro día da pandemia lles fixo o noso voceiro de colaboración, de reunión da Xunta de Voceiros, de reunión de Grupos Políticos; pero non só rexeitaron a oferta do Partido Popular, rexeitaron a dos sectores sociais cos que non quixeron dialogar; rexeitaron tamén a colaboración, a coordinación, a actuación cos concellos. Quen sementa ventos recolle tempestades.



Por iso agora, antes de pedir á Xunta de Galicia que faga o que xa está facendo, o que hai que ter é humildade e poñernos a facer dende a Deputación o que nos corresponde, que é elaborar ese plan estratéxico que non temos realizado. Imos ter a oportunidade a través do pleno extraordinario de falar desa cuestión, espero que teñan a humildade de recoñecer que non se pode camiñar en solitario senón que fai falta o apoio de todos.

En relación á segunda parte da moción do BNG, xa dixen que coincidimos no substancial, na necesidade de mobilizar os recursos dos concellos, na necesidade de evitar que sexan expoliados polo Goberno Central; temos algunhas diferenzas de matiz no que se refire ó ámbito da Lei de Estabilidade Presupostaria, e na seguinte intervención explicarei a nosa posición para tratar de chegar a un acordo co BNG respecto da mesma”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar comparto completamente a exposición que fixo o Sr. Castro, a crise do Covid requiría de unidade de acción entre Administracións, tanto Goberno do Estado, Xunta, Deputación e Concellos, e en Galicia fallou a Administración autonómica, o Goberno Central e as administracións locais si respondemos con eficacia.

A incapacidade da Xunta para dar resposta ás necesidades económicas e empresariais, e de emprego, plantexadas por esa crise queda patente cando se consulta a propia web oficial do goberno galego, non aparece por ningures ningún plan de reactivación económica, ou un plan de emprego, ou un plan de industria; teñen tódalas ordes de axudas de emprego para os concellos sen resolver, Aprol Rural, Cooperación, Risga, Obradoiros de Emprego; cando chegamos ó Portal da Consellería de Emprego as novas medidas económicas contra o coronavirus aparecen agochadas nun menú xenérico que cambia, e que as pode facer pasar de forma totalmente inadvertida, e case mellor non parar moito nelas porque a data do 22 de maio as novas medidas económicas para a industria só contemplaban incentivos para a fabricación de material de protección.

En canto ó resto da industria galega ou do tecido produtivo nin unha soa palabra, nin unha axuda, nin un plan de futuro, practicamente dende o 27 de marzo cando se anunciou una liña de axudas para PEMEs e autónomos a Xunta non fixo nada concreto que non fora propaganda e xeneralidades, iso si videoconferencias para darlle protagonismo ós delegados territoriais ou ós directores xerais; e o único que fixo a Xunta foi facer acordos con entidades bancarias para anticipar eses 1500 euros a persoas acollidas a ERTes, que tiveran o ERTE aprobado polo Goberno do Estado, cun tope mensual de 750 euros ou aprazar préstamos, pero ningunha axuda directa, porque ese diñeiro hai que devolvelo.

Aquí quen estamos axudando precisamente ás pequenas empresas e ós autónomos somos directamente os concellos habilitando crédito para establecer axudas, ou en moitos casos precisamente coa facilidade que nos dan dende a Deputación a través do Plan Único, engadido a eses anticipos, como xa dixeran noutro punto da Orde do Día, de once millóns de euros que lles fixemos ós concellos da súa recadación ata o mes de xuño. Polo tanto eu creo que é o momento de que a Xunta asuma as súas competencias, teñen as oficinas de emprego pechadas, e non hai nin tan sequera unha axuda directa para o tecido empresarial.

O que está a pasar entorno ó turismo exemplifica ben a capacidade de planificación de Feijóo, cómpre lembrar que o Xacobeo é ou era a principal aposta turística e de desenvolvemento dos Orzamentos. E ante a inquedanza suscitada o concelleiro Román Rodríguez presentaba hai uns días á Deputación permanente do Parlamento un paquete de ata 24 medidas por un total de once millóns de euros, e son medidas que xiran entorno á promoción de Galicia como un destino seguro, saudable e sostible, a costa de quitarnos, como dixeran, 4,2 millóns de euros ós concellos e ó sector do turismo.

E cinco días despois desta presentación, falando das eleccións Feijóo dicía que había que facelas nesta data porque despois ía haber un rebrote derivado precisamente dos turistas que puideran chegar a Galicia xa que o 80% era de fóra do territorio galego, e polo tanto habería un maior risco de infección; é dicir que o turismo vai provocar, segundo Feijóo, un rebrote deses casos, e que os turistas que veñen corren o risco de infectarse entre eles. Esta é a planificación económica e turística da Xunta, e o traballo coordinado do Presidente e dos seus Conselleiros.



A Xunta non exerce as súas competencias, o artigo 30 do Estatuto de Autonomía di moi claro que son competencias exclusivas da Xunta, entre outras, fomento e planificación da actividade económica en Galicia, industria, agricultura e gandeiría, comercio interior, desenvolvemento e execución en Galicia dos plans establecidos polo Estado para a reestructuración de sectores económicos, programas xenéricos para Galicia estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas, así como programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise. E eu preguntolle cando vai exercer a Xunta de Galicia as súas competencias.

Por outra banda engadir que evidentemente nós estamos a favor de que se modifique a Lei Montoro, esa Lei que trataba ós concellos coma se fosemos inferiores, coma se tiveramos que estar tutelados por outras Administracións dentro dunha visión centralizadora e de desconfianza, e cremos que é o momento de modificar precisamente estes parámetros que dificultan que os recursos que teñen as entidades locais podan destinarse para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Vou comezar por unha das cousas que dicía a Sra. Mayra, esta Lei viña tratar ós concellos non sei se como malos xestores, e a realidade, cando menos a realidade galega non era esa, non había un problema de débeda dos concellos e das deputacións galegas, polo tanto un motivo máis polo que é inxusta. Pero nós considerámola inxusta por un debate de fondo, é unha lei pensada para rescatar ós bancos e ó capital financeiro, e nós cremos que hai que dar un cambio de paradigma e hai que poñer en primeira plana de a quen hai que rescatar e onde ten que ir o diñeiro público que son as persoas.

E consideramos que as administracións coma os concellos, e as deputacións apoiando ós concellos, son as administracións máis cercanas ás persoas e que máis capacidade teñen de incidencia directa e inmediata nos galegos e galegas. Polo tanto cremos que é o momento de que todo ese diñeiro público dos impostos dos galegos e galegas poda estar en mans dos xestores dos concellos, e con iso axudar a saír desta crise.

Polo tanto é un debate que para nós xa era unha Lei inxusta, incluso fóra desta crise, pero é claramente dun carácter de ideoloxía política de que poñemos no foco?, que é o máis importante?, se rescatar persoas ou rescatar os bancos, nós cremos que é rescatar ás persoas e polo tanto danos igual chamarlle derogación como modificación substancial sempre e cando iso permita que os concellos teñan liberdade dentro dunha xestión eficiente. Pero, como din os datos, os galegos non son moi malos xestores.

En canto ó plan, refírese a que a Xunta faga algo, non ven ser máis ca un grito de socorro da sociedade galega para que a Xunta actúe. E volvo poñer de manifesto que hai moitas cousas que teñen que facer, pero hai unha ben sinxela e que están a facer moitas outras Administracións autonómicas que son as axudas directas a autónomas e autónomos, e polo que vemos non hai moita disposición a facelo, non o fixeron e polo que están a comentar os compañeiros do Partido Popular parece que iso lle supón algún problema á Xunta de Galicia.

Polo tanto cremos que é unha moción necesaria, que de darse este paradigma da derogación da Lei Montoro axudaría moito ós concellos de Galicia e con iso a tódolos veciños desta provincia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Antes que nada, moi brevemente, en relación coa intervención da portavoz socialista, agradecerlle alo menos o ton da intervención alonxado da prepotencia, pero recordarlle, señora García, que a súa intervención cárganos de razóns no que dicimos.

Fala vostede, e fala ben, do que están facendo os concellos; fala vostede, non tan ben, pero fala, do que non está facendo a Xunta de Galicia; pero non fala nada vostede, porque non pode falar, do que está facendo a Deputación; vostede, señora García, está recoñecendo que a Deputación non ten ningún plan de actuación en relación co Covid.



Con respecto á súa iniciativa señor Castro, e da emenda que nós presentamos xa lle digo que coincidimos plenamente no criterio xeral da necesidade de dotar ás administracións locais da posibilidade de utilizar os recursos de que dispoñen, e tamén na negativa a que eses recursos sexan incautados polo Estado central.

Discrepamos na forma, por unha razón moi simple; vostedes, na esquerda, utilizando iso que Beiras chamaba a brigada de munición, queren demolelo todo; falan de derrogar a reforma laboral, falan de derrogar a lei de estabilidade, falan de ir a un cambio de sistema. Miren, a Lei de Estabilidade, señor Castro, nin é xusta nin é inxusta, é unha Lei que está ditada para resolver problemas dun momento determinado, dicían os romanos aquilo de: “dura lex sed lex”. A Lei de Estabilidade naceu nun momento de crise precisamente para resolver un problema de déficit, problema que axudou a resolver; é certo que agora plantexa un rigor excepcional e que ese rigor é necesario modifícalo para poder chegar a esta posibilidade de utilización dos recursos, pero máis ca ir a unha derogación da lei, que plantexaría outro problema maior que sería o de abordar a financiación das Corporacións Locais, o que nos embarcaría nun proceso longo e complexo, pois non teríamos nun espazo curto a posibilidade de utilización dos recursos.

Por iso nós o que lle propoñemos é a posibilidade de transaccionar o punto cuarto da súa iniciativa fundamentalmente sobre esa base de que se adopten polo Goberno Central as medidas necesarias para que as Administracións Locais podan dispoñer dos remanentes de tesourería e dos fondos propios que están á súa disposición. E naturalmente estamos plenamente de acordo na necesidade de blindarnos contra a posibilidade de que o Goberno Central que, aínda que non o dixo expresamente a señora Ministra de Facenda, xa está ameazando con esa cuestión, se poda incautar deses fondos das Corporacións Locais.

En canto ós dous primeiros puntos nós mantemos a nosa postura de que a Xunta xa está facendo o que se lle solicita, e polo tanto se non quere aceptar a emenda si alo menos a posibilidade de votar por puntos se vostede acepta algunha destas modificacións que lle digo”.

A continuación intervéñ a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Pois digo, e repito, que dende a Deputación de Lugo anticipamos once millóns de euros ós concellos precisamente para facilitar que tiveran liquidez para facer fronte ós gastos extraordinarios que tiveron derivados desta crise do Covid; e ó mesmo tempo, como saben, a través do Plan Único outros dez millóns que os concellos poden destinar precisamente para facer fronte a estes gastos.

Pero non só nisto, eu creo que é importante, e non me gusta presumir, pero si que temos que poñer en valor a boa xestión que estamos a facer nas residencias de maiores, porque nin un só caso de afectados, e ademáis o trato e o ben atendidos que están os nosos maiores nestas residencias. Eu dende logo preguntárame se noutras residencias, nas da Xunta, ou en residencias que se xestionan de forma privada, poden valorar tanto ese servizo e presumir de que a día de hoxe non houbera ningún contaxio, efectivamente froito do gran traballo e do gran esforzo feito por tódolos traballadores e traballadoras, pero tamén pola boa xestión política que se fixo e se fai para dar o mellor dos servizos a quen máis o necesita, que son os maiores da nosa provincia.

Eu creo que queda bastante claro o que fixo tanto a Deputación coma o que fixo o Goberno, temos os datos polos cales se destinaron douscentos trinta e oito coma tres millóns de euros en prestacións sociais a máis de 272.000 traballadores que solicitaron ERTes; 45,3 millóns de euros en prestacións por cesamento de actividade a máis de 68.500 autónomos que tiveron que cesar a súa actividade; 17 millóns de euros do fondo social extraordinario; e 1,9 millóns en becas de comedor. Iso si, mándannos unha carta onde dende a dirección xeral de inclusión, de política social, informándonos ós concellos de que imos poder ter diñeiro para solicitar a través dos servizos sociais comunitarios estas axudas. Olvídaselles dicir de onde vén o diñeiro, do Goberno do Estado, iso non o din, simplemente mandan unha carta dirixida ós concelleiros de servizos sociais, porque os Alcaldes agora non pintamos nada, dicindo e informando que imos dispoñer de máis fondos, pero eses fondos chegan do Estado. Os 271,7 millóns de euros máis para gasto sanitario engadido a 1378,2 millóns en avais ICO a 7393 empresas.

Estes son os datos do Goberno de España, e os datos anteriores son os da Deputación Provincial de Lugo; gustárame ter un dato, unha cifra concreta, das axudas da Xunta de Galicia e a quen lle chegaron”.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Nós non podemos aceptar a emenda do Partido Popular en primeiro lugar porque fala de que “a Xunta continue” e nós consideramos que non está a facer nada, só publicidade, ou cousas que xa estaban comprometidas vendelas doutra maneira, e créditos.

En segundo lugar polo que xa lle dixeran, vostede falaba de demoler ou non, pero é que estamos nas antípodas políticas, entón nós cremos que esta Lei era un erro no seu momento, e cremos que agora se agravou; pero eu entendo que son diferentes puntos de vista, vostedes son o Partido Popular e nós o Bloque; nós queremos salvar á xente e vostedes poñen o punto en primeira vista de salvar ás entidades financeiras. Polo tanto son dúas visións que se contraponen, toda a sociedade o sabe, non a podemos aceptar, e pedímoslle ó Presidente que se vote tal e como está presentada a nosa moción”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, EN APOIO DA COMPETITIVIDADE DE ALCOA-SAN CIBRAO E DO FUTURO DOS SEUS TRABALLADORES.

A presente moción foi debatida conxuntamente co punto número sete, sendo rexeitada por maioría.

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA O CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ASINADO O 11 DE XUÑO DE 2018 ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE XOVE PARA O ARRANXO DAS ESTRADAS PROVINCIAIS NESTE MUNICIPIO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para o cumprimento do protocolo xeral de actuación asinado o 11 de xuño de 2018 entre a Deputación e o concello de Xove para o arranxo das estradas provinciais neste municipio.

Exposición de Motivos:

O 11 de xuño de 2018 a Deputación e o Concello de Xove asinaron un “protocolo xeral de actuación para mellorar, xestionar e entregar a rede viaria provincial no termo municipal de Xove”. Coa sinatura do protocolo quedou constancia de que a finalidade do mesmo era acadar o interese común de mellorar a actual rede viaria provincial ao seu paso polo dito municipio (que suma un total de 44.997 km.) e cedela ao dito Concello, en tanto que as estradas que a conforman, supoñen arterias de comunicación esenciais para os intereses municipais e xerais e para a seguridade e calidade de vida dos seus veciños.

No propio documento faise constar que as ditas estradas provinciais son importantes non só para as veciños de Xove, xa que ademais de dar servizo a distintas parroquias, constitúen os únicos accesos ás praias e a outras zonas da costa, así como á planta Pescanova, Portiño de Morás, Porto de Portocelo e empresas auxiliares de Alcoa. Feito, este último, que fan que soporten unha densidade de tráfico importante durante todo o ano; tráfico que no verán chega a duplicarse.

E, concretamente no devandito protocolo maniféstase que:

Se executará a reparación completa, no ano 2018, con fondos provinciais, cun firme de 6 metros de ancho, en aglomerado en quente, incluída sinalización vertical e horizontal da estrada provincial LU- P 2601 “Xove - Portiño de Moras”. e



- Se executará a reparación completa, en aglomerado en quente, incluída sinalización vertical e horizontal da estrada provincial que une Xove con Viveiro - LU P 2604 “Xove – Monte - Valcarría” no tramo de 13,593 km. correspondentes ao termo municipal de Xove, nos exercicios económicos 2018 e 2019, con fondos provinciais, tratando de mellorar tanto o seu ancho como o trazado de curvas perigosas.

Hai que subliñar respecto ao estado desta última estrada (intermunicipal Xove - Viveiro) a que a mesma conta con dous tramos ben diferenciados:

- Por unha banda, o tramo que discorre polo concello de Xove, cun firme en rego asfáltico, que se atopa moi deteriorado e con abundantes fochancas .
- E, por outra banda, o tramo que discorre polo concello de Viveiro, cun firme en aglomerado en quente, que se atopa en boas condicións.
Este último tramo foi o único que se arranxou fai poucos anos a pesar de que se atopaba en mellores condicións que o tramo arriba descrito, o correspondente ao municipio de Xove que discorre por varios núcleos de poboación.

Cómpre sinalar que, no mesmo, asemade faise constar que:

- O Concello de Xove levará a cabo, de xeito urxente, con fondos municipais a licitación e contratación para a realización das obras necesarias para reparar o resto de estradas provinciais ao seu paso polo mesmo tan pronto como a institución provincial lle entregue os proxectos redactados para tal fin (data prevista segundo o establecido no protocolo 30 de xullo de 2018).

O concello de Xove é coñecedor de que ditos proxectos xa están redactados polo servizo de vías e obras da deputación aínda que, a data de hoxe, non lle foron entregados.

- Unha vez que a Deputación levase a cabo as actuacións comprometidas o Concello asumirá a titularidade de todas as estradas provinciais que atravesan o

municipio contraendo deste xeito a obriga futura da súa conservación e reparación.

A data de hoxe, transcorridos case 2 anos, a Deputación unicamente licitou e aínda se acaban de empezar as obras correspondentes á mellora tan so da 1ª. fase dunha das dúas estradas ás que se comprometera, concretamente 2,450 km. (p.k. 0+400-2+850) dun total de 5,5 km. da estrada LU- P 2601. Así, actualmente, está pendente por parte da Deputación a:

- Licitación e a contratación das obras de mellora da estrada LU - P 2601 Xove (LU-862) Portiño de Morás (LU-P-2602) correspondentes á 2ª. Fase (3, 05 quilómetros), obras de máis fácil execución que as correspondentes á fase 1; para completar o arranxo desta estrada.
- Licitación e a contratación das obras de mellora da estrada LU - P 2604 Xove (LU 862 – Monte – Valcarría (LU - P 6607) correspondentes ao tramo de 13,345 quilómetros que transcorre polo termo municipal de Xove.

A finais do ano 2019, tras un ano e cinco meses dende a sinatura do protocolo, á vista de que o equipo de goberno provincial non cumpría co establecido no mesmo, este grupo plantexou no pleno, celebrado o 26 de novembro de 2019, unha pregunta ao Sr. presidente se tiña previsto cumprir co acordado.

Para sorpresa deste grupo, para sorpresa do alcalde de Xove e, en suma para sorpresa dos veciños xovenses, que son os que máis transitan polas ditas estradas e consecuentemente os que máis sofren a demora no acondicionamento das mesmas, o presidente na súa resposta fixo alusións a extremos que pouco ou nada tiñan que ver co preguntado como por exemplo a referencia á suposta riqueza do concello. E, así mesmo, fixo referencia a datos que non son certos. Como matización ao manifestado polo presidente cómpre aclarar que:

O custo da actuación que está en execución - 1ª. fase LU P 2601 - é de 271.645 €. – tal e como se pode comprobar na propia *plataforma de contratos del sector público* - e non de 339.500



€. como afirmou o presidente. Polo tanto o custo no que incorre a Deputación para cumprir co acordado na práctica é menor debido á baixa de licitación producida e ás que poidan producirse no futuro no resto de actuacións.

O concello de Xove non é o máis rico da provincia – como sinalou o presidente - e aínda que o fora, isto non é motivo para que o equipo de goberno da Deputación non cumpra coas súas obrigas establecidas por lei, isto é, arranxar as estradas provinciais e non cumpra co acordado co concello mariñá fai case 2 anos.

O Concello de Xove é, senón o que máis, un dos maiores contribuíntes á Deputación de Lugo á vista só en concepto de recargo provincial de IAE, imposto que non está delegado e recada o Concello. Transfire anualmente á Deputación máis de 350.000 euros (no ano 2019 = 370.000 euros). Polo tanto a Deputación ingresa de Xove moito máis do que inviste no Concello.

Se a pretensión do presidente é que Xove no futuro asuma o custo do arranxo da totalidade das estradas provinciais que transcorren polo municipio o que debe facer o goberno provincial é precisamente cumprir co citado acordo no que se manifesta, tal e como máis arriba se indica, que o organismo provincial asumiría o custo das obras de dúas das estradas e o Concello asumiría o custe do resto das estradas provinciais, acordo, a todas luces, beneficioso, dende un punto de vista económico, para o organismo provincial.

Cómpre lembrar que, o Sr. Alcalde de Xove tentou, dende agosto de 2019, ata en cinco ocasións, reunirse co presidente da deputación, dirixíndose ao gabinete de presidencia, tal e como lle indicara incluso o propio presidente, para solicitar a fixación dunha data para a celebración dunha reunión co obxectivo de analizar a maneira de dar continuidade, á maior brevidade posible, ao acordado polas dúas entidades locais e de cumprir co establecido no devandito protocolo. A data de hoxe esta solicitude de celebración de reunión continúa pendente de resposta por parte da presidencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao pleno da corporación provincial a presente moción para o cumprimento do protocolo xeral de actuación

asinado o 11 de xuño de 2018 entre a Deputación e o Concello Xove para o arranxo das estradas provinciais neste municipio e propón a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao goberno provincial a que cumpra co acordado no protocolo xeral de actuación asinado o 11 de xuño de 2018 entre a Deputación e o Concello de Xove e consecuentemente:

- Tramite, tal e como se establece no protocolo xeral de actuación asinado o 11 de xuño de 2018, a formalización coa maior celeridade posible, e en todo caso no prazo máximo de dous meses dende a aprobación do presente acordo, dun convenio de colaboración entre a deputación e o Concello de Xove, que ordene, instrumente e formalice o fin común e a vontade expresada no dito protocolo.
- Complete, no ano 2020, a actuación relativa á reparación da estrada “LU - P 2601 Xove (LU-862) Portiño de Morás (LU-P-2602)” e polo tanto proceda a levar a cabo a licitación, contratación e execución da obra correspondente a 2ª. fase xa que na actualidade tan só está licitada e empezada a obra correspondente á 1ª. Fase.
- Leve a cabo, na anualidade 2020 e no primeiro semestre da anualidade 2021 a licitación, contratación e execución da obra relativa á reparación da estrada provincial “LU - P 2604 Xove (LU 862 – Monte – Valcarría (LU - P 6607))”, estrada que une os concellos de Xove e Viveiro, concretamente nos quilómetros que transcorren polo municipio de Xove que están nun estado de deterioro tan alarmante que supón un risco elevado para a seguridade”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Voy comezar por algo que ó mellor non está dentro da propia moción, pero de verdade que eu si que estou abraiado hoxe, gustoume a palabra do Sr. Efrén, e pareceume algo tan extraño que en tódalas intervencións por parte do Partido Socialista e do BNG nunca escoitei a palabra que viña sendo habitual nos plenos anteriores: “cando gobernemos”, agora xa parece que vostedes non van gobernar a Xunta de Galicia, non os vexo eu decididos; vostedes dicían en plenos anteriores que a partires dunha data ía cambiar o goberno de Galicia; non lles escoitei iso en todo este pleno a



ningún de vostedes, e estiven prestando atención, dicir que a partires do día 12 de xullo vai cambiar o goberno de Galicia. Iso tamén lle convén a vostedes porque se cambia con quen van pelexar?. Tiña pensado dicilo no último minuto da miña intervención, pero para non xogar con vantaxe e para que lles dea tempo a responder dígoos agora.

Logo hai cousas como a que dixo a Sra. Porto de que estamos no número tres peor valorados, eu non sei se estamos no tres pero a Sra. Porto e máis eu non vivimos en Galicia porque eu teño outras informacións totalmente distintas, non se de onde sacou iso.

En canto á moción que presentamos, como recordarán, e por unha pregunta que se fixera nun pleno do ano pasado, hai un protocolo asinado entre a Deputación de Lugo, naquel momento presidida polo señor Darío Campos, e o concello de Xove, do día 11 de xullo de 2018, En dito protocolo a Deputación comprométese a redactar os proxectos para as dez vías que hai no concello de Xove, e arranxar dúas; unha delas é a 2601 que vai a Portiño de Morás, e ten máis ou menos o 50% que se está executando agora mesmo, que son un total de cinco quilómetros e pico.

Por outra banda comprometíase a arranxar outra que vai á parroquia de Monte, vai a Valcarría, e enlaza cunha de Viveiro. Por certo invito ó Presidente, e perdoo que xa sei que non lle gusta moito intervir nestes plenos telemáticos, pero é o delegado de vías e obras e espero que me conteste algo, porque é totalmente competencia súa non só por ser o Presidente da Deputación senón tamén por ser o delegado da área. Como dicía, invítoos, o día ese que vaia a Alcoa, e que veña acompañado da señora María Loureiro, a que vaia por Valcarría e segundo termina o límite vexa vostede como está a carretera.

Esa carretera en concreto da que falamos ten unha lonxitude de 13 quilómetros e pico, é moito gasto para a Deputación lóxicamente cos miles de quilómetros de vías provinciais eu entendo que adicarlle a un concello trece quilómetros por un lado, máis os que faltan polo outro, e noutros non incluír nada ó mellor non é o mesmo raseiro; pero agora vén o quid da cuestión, que é concretamente que o concello de Xove ten un total de case corenta e oito quilómetros de vías de titularidade da Deputación Provincial, e neses preto de 48 quilómetros vostedes con arranxar os preto de dezaioito quilómetros, vostedes pagarían iso e o concello de Xove faríase cargo de todo o

resto dos quilómetros da Deputación, comprometéndose tamén a arranxalas e asumindo todo o mantemento que levaría consigo, das dez de titularidade provincial.

Se vostedes botan números, non hai que ser moi intelixente para ver que é un aforro importante para a Deputación; e se vostedes contan cunha inversión dun millón e pico de euros, e supoño que lle custa moito á Deputación, pero olvídanse vostedes de preto de 49 quilómetros de carreteras. Creo que iso, con números, é un bo negocio”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Moitas grazas por cingirse á cuestión señor Novo. E a diferenza que hai entre vostedes e nós é que nós pensamos na xente e vostedes pensan en arrebatarlles os votos. E ademáis non descarte vostede as sorpresas, xa falaremos o día 13 de xullo a ver que pasa, eu xa vin cousas que se fiaba un moito delas e despois ó final saía outra; así que o partido hai que xogalo, e se ían perder antes do Covid non creo que a xente cabiara de opinión”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Vaia papel que lle acaban de asignar señor Novo!, un Alcalde dun concello pequeno defendendo que a Deputación meta cartos nun dos concellos máis ricos da provincia, non deixa de ser curioso.

Eu nesta primeira intervención o que quixera é aclararlle unha serie de puntos señor Novo. O que eu vexo é que o que está a facer o seu Grupo é construír un relato sobre falacias, dando a sensación de que ou ben os seus compañeiros de Xove non lle trasladaron unha información verídica, ou ben o que persegue é enganarnos dunha forma bastante incauta a tódolos demáis.

Mire señor Novo, un protocolo, como seguro ben sabe vostede, ou como ben sabe o señor Presidente da Deputación, e como tamén ben sei eu, non é nada, nin é un acordo, nin é un compromiso, nin dende logo é un convenio como nos está a vender nesta moción, por non ter non ten nin regulación específica; de feito mire o importante que era ese documento no que basea a súa



intervención que ocupaba menos da cuarta parte da moción que presentan hoxe. E isto tamén o sabía o propio secretario do concello de Xove cando o señor Demetrio Salgueiro o presentou nun pleno logo dunha pregunta sobre as vías do noso voceiro municipal do BNG naquel momento, onde ese técnico municipal recoñeceu que ese protocolo non tiña ningunha validez xurídica senón que era únicamente unha declaración de intencións, e como tal o temos que tratar.

En segundo lugar, na moción dinos que o concello de Xove é un dos maiores contribuíntes da Deputación de Lugo, isto é totalmente falso, lémbrolle que o Imposto de Actividades Económicas é un imposto que pagan as empresas non os concellos; o concello de Xove neste caso ten a sorte de que no seu territorio tributa unha empresa importante, e que ó mesmo tempo ten o dereito de vol mariña de alta tensión que lle da subministro; e o aporte do concello de Xove ás arcas da Deputación non é tal senón que o fan estas empresas.

En terceiro lugar efectivamente a Deputación ten que arranxar as vías da súa titularidade, nós estamos de acordo; a Deputación debe cooperar cos concellos, niso estamos de acordo; pero tamén é ben certo que os recursos non son infinitos e habitualmente os recursos son menos que as necesidades de xeito que temos que establecer prioridades, e temos que priorizar aqueles concellos que contan con menos recursos; e un concello coma o de Xove, que ten catorce millóns de euros de remanentes, 14 millóns de euros sen usar, 14 millóns de euros dispoñibles, para que se dea conta con esa cantidade podería arranxar oito veces os quilómetros desas vías, pois un concello coma o de Xove non semella moi necesitado de dita cooperación.

E para rematar a miña primeira intervención, en cuarto lugar, o señor Demetrio Salgueiro, Alcalde de Xove, foi no ano 2015 Deputado de Economía, Recadación, e Facenda nesta Deputación Provincial, pódeme dicir vostede que fixo daquela o Alcalde de Xove para arranxar as vías que tanto lle preocupan agora?, dígollo eu, non fixo nada, bueno algo si que fixo, o primeiro que fixo logo de ter responsabilidades de goberno foi rebaixar a asignación da aportación ó servizo de axuda no fogar da Deputación ó concello de Xove. Esa é a gran xestión deste compañeiro seu como Deputado Provincial para os veciños e veciñas de Xove”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar quero dicirlle ó meu veciño, Suso Novo, unha expresión moi galega que é “amodiño”, porque a soberbia nunca foi unha boa compañeira, e vostedes están en campaña constantemente, sobre todo nunha crise tan grave, aproveitaron isto para facer campaña; por tanto “amodiño”, e imos á moción.

A moción do Grupo Provincial do Partido Popular ten un pequeno erro, a rede viaria provincial en Xove non suma case corenta e cinco mil quilómetros senón corenta e sete con novecentos trinta e un, que é o que recolle o protocolo de xuño de 2018; e imaxino que o Partido Popular non pretende que a Deputación asuma a reparación de corenta e cinco mil quilómetros de estradas, isto é un erro de transcripción que nos pode pasar a calquera, só unha anécdota.

O que xa non é unha anécdota é o modo erróneo e interesado co que o Partido Popular quere facer interpretar o protocolo xeral firmado en 2018, porque un erro de transcripción de metros en quilómetros non ten importancia, pero confundir interesadamente protocolos con convenios si que a ten. O Partido Popular vén aquí botarlle en cara á Deputación un suposto incumprimento dunhas obrigas recollidas nun protocolo, pero é que os protocolos, como ben saben, non recollen obrigas, e se non hai obrigas non pode haber incumprimento.

Un protocolo recolle unha declaración de intencións non unha obriga, podemos confundir nun momento metros e quilómetros pero non podemos darlle as costas ás normas legais. Como se recolle no punto dous do documento de 2018, “a natureza xurídica deste documento é a dun protocolo xeral de actuación que expresa a vontade da Deputación de Lugo e o concello de Xove”. O protocolo de 2018 engade no punto tres que “ó presente protocolo aplícaselle o réxime xurídico previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Setor Público”; No que fai referencia ós protocolos xerais de actuación o artigo 41 desa Lei di que “no tienen la consideración de convenios los protocolos generales de actuación o instrumentos similares que comparten meras declaraciones de intención, de contenido general, o que expresa la voluntad de las administraciones y partes suscriptoras para actuar con un objetivo común”.

Así que só apelando ó ordenamento xurídico do setor público poderíamos desbotar a moción presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular porque non existía ningunha obriga.



Pero ademáis, e no espírito de colaboración marcado polo protocolo a Deputación non deixou de traballar para mellorar as estradas, e se quere resúmolle o feito: a LU-P-2609 e 2610 xa conta con firme de mezcla bituminosa en quente; na LU-P-2601 estáse traballando entre os case dous quilómetros e medio, proxeto redactado da segunda fase; na LU-P-2602 están redactados os proxectos; na LU-P-2603 via urbana, firme en adoquín, e unha estrada de Xove; LU-P-2605, 06, 07 e 08, proxetos redactados; a única con traballo pendente é a LU-P-2604. Estarán de acordo comigo en que para ser un protocolo xeral tense traballado bastante.

A moción do Partido Popular empeza cun erro, segue cunha interpretación errónea da lexislación, e remata cunha mentira, porque non é certo, como dicía tamén a deputada do BNG, que a Deputación reciba do concello de Xove máis do que inviste nel; se o concello ingresou 360.000 euros á Deputación en 2019, recibiu desta máis de 579.000 euros, e deles 470.000 destinados a infraestruturas. En todo caso entendo que ó seu Grupo lle gusta a filosofía de darlle máis ó que máis paga, dende este goberno imos impulsar sempre o principio de solidariedade territorial, buscando o equilibrio nos servizos públicos e infraestruturas en tódolos concellos da provincia, sexan da cor política que sexan.

E por último, como aludiu ó concello de Viveiro, teño que dicirlle que tamén vostede, que vai moito ó concello e eu tamén vou ó Vicedo porque somos veciños, pode ver que o concello de Viveiro carece dunha vía de alta capacidade que fomos totalmente esquecidos en época de bonanza económica en que gobernaba o Partido Popular, afastouse do concello de Viveiro; a autovía do cantábrico que pasou por Vilalba e fomos totalmente abandonados; tamén iso se pode ver señor Novo”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Como vexo que lle falla un pouco a memoria voulle respostar en primeiro lugar á señora Loureiro con respecto á LU-P-2610; efectivamente a 2610 que é a carretera que vai á praia de Esteiro, unha estrada que no verán, como ben sabe, ten bastante tráfico porque a de Esteiro é unha praia con bandeira azul e ten moita afluencia. Esa carretera, non sei se vostede o sabe, senón dígollo eu, pagouse ó 50% entre Concello e Deputación, e claro que está aglomerada, pero pagado

ó 50%. Os proxectos das demais, agás dunha, xa sabía eu tamén que estaban redactados, por iso digo que xa teñen vostedes o traballo feito.

Con relación á intervención de dona Mónica, dicirlle que, supoño que saberá polos seus compañeiros do Grupo municipal de Xove, que hai mocións e hai preguntas, e teñen acordos plenarios en relación con este protocolo. Por suposto que eu sei o que é un protocolo, levo vinte anos na Alcaldía, como non vou saber o que é un protocolo se mos firmaron Conselleiros de tódolos Partidos!, claro que o sei, e nunca falei dun convenio sempre me referín a un protocolo, e sei o que é, un protocolo non obriga a nada porque é unha vontade política.

Pero estámoslle pedindo que leve a cabo este protocolo para beneficiarme a mín que son un concello pequeno, e tamén a outro concello pequeno. Lóxicamente non son 47 mil quilómetros, son 47.931 metros, ou sexa preto de 48 quilómetros como dixen ó principio, que se deixa de telos a Deputación ese diñeiro no mantemento, ese diñeiro na conservación, pode repercutir algo no meu concello; xa sei que Xove é un concello rico, tivo esa sorte, como hai algúns máis por aí, entón para que ese diñeiro poda repercutir en nós que mellor que se olvide dos 49 quilómetros de Xove, para tódolos demais sería un beneficio.

E encima non hai que esquecer que Xove arranxaría 29,063 quilómetros e a Deputación 18,8; se lle calculamos a 9,4 que adoita valer o metro cadrado de aglomerado, o concello de Xove poñería case setecentos mil euros máis cá Deputación. Eu creo que é un bo negocio para a Deputación. Eu enfócoo no sentido, e quérollo dicir ó señor Deputado da Área que coincide co Presidente, que faga ese bo negocio; eu por desgraza non lle podo ofrecer iso porque non teño diñeiro para facelo, pero se o tivera coma Xove claro que llo ofrecería”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Durante a pasada lexislatura a Corporación do Concello de Xove que estaba composta por concelleiros e concelleiras do PP e máis do BNG, ata en tres ocasións o voceiro do Grupo Municipal do BNG se ofreceu a acudir á Deputación xunto co Alcalde de Xove, con Demetrio, a



tratar o arranxo das vías. En ningunha desas ocasións o Alcalde aceptou este ofrecemento, respostando que el só se chegaba e se bastaba para xestionar dito arranxo.

Agora vemos o que conseguiu con esta espectacular xestión, un protocolo asinado polo anterior Presidente da Deputación, que non é máis ca papel mollado, propaganda electoralista, nin máis nin menos. E baseándose nese documento, que non ten ningunha validez xurídica, vén hoxe aquí esixir o arranxo dunhas vías que levan así máis de doce anos.

E vostede está a defender aquí e agora, na Deputación Provincial de Lugo, que a propia Deputación asuma o arranxo dunhas vías que transcorren por un concello que conta con 14 millóns de euros de remanentes. Vostede está a defender aquí e agora que a Deputación Provincial de Lugo asuma o arranxo dunhas vías que transcorren por un concello que no ano 2019 deixou sen executar un tercio dos seus Orzamentos, máis de tres millóns de euros. Vostede está aquí e agora defendendo que a Deputación Provincial de Lugo asuma o arranxo dunhas vías dun concello no que o seu Alcalde tivo responsabilidades de goberno na Deputación, e cando así o estivo non quixo asumir ese arranxo, é máis, nese momento adicouse a reducir as axudas da Deputación ó concello.

Vostede está a defender aquí e agora que a Deputación Provincial de Lugo asuma o arranxo dunhas vías que transcorren por un concello do que o seu Alcalde está tan preocupado polo benestar da súa veciñanza que vai sacar a foto ós tramos máis deteriorados das parroquias da Rigueira do Monte, máis prefire arranxar primeiro os tramos que pasan por diante do seu chalet.

Mire señor Novo, o que realmente está a defender aquí vostede é nin máis nin menos que a incongruencia e insidia do seu Partido; e eu non lle podo recordar máis que aquilo que dicía Benedetti: “El que hace trampa es porque no tiene coraje para ser honesto”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Reiterarme no que dixo a Deputada Mónica en todo. É un dos concellos máis ricos, que sempre ten superávit, e creo que a Deputación, que se ocupa de tódolos concellos da provincia de

Lugo, indistintamente da súa cor política, tamén ten que actuar naqueles concellos que teñan máis dificultades económicas.

Proba delo temos o Plan Único da Deputación, que lles gusta reivindicalo e dicir que foi grazas a vostedes, cando quen goberna é o Partido Socialista e o BNG que foi quen o propuxo. E a única Deputación que non ten Plan Único é a Deputación de Ourense que, como xa se dixo neste Pleno, está gobernada polo Partido Popular.

Tampouco escoitei a ningún Alcalde nin ningún concelleiro da oposición da provincia de Lugo demandarlle á Xunta de Galicia un plan único para os concellos, porque sería estupendo, porque desta maneira sería tamén equitativo, como fai a Deputación de Lugo; e eu falo con coñecemento de causa, os concellos que non están gobernados polo Partido Popular están totalmente abandonados pola Xunta, e poderíamos dar un montón de datos con respecto ó meu concello, pero tamén con respecto a moitos concellos da comarca da Mariña nos que está gobernando o Partido Socialista.

Por iso, repito, este é un protocolo non é un convenio; e a Deputación si que se preocupa de tódolos concellos da provincia de Lugo, indistintamente da súa cor política”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Á señora Loureiro non lle vou respostar, só dicirlle unha cousa, a 2601 estase amañado neste momento, e foi unha das máis demandadas, con respecto á de Monte á que chega a Valcarría, simplemente porque é unha vía que ten un tráfico diario de 800 vehículos, e teñen vostedes aí o estudo; ten moito tráfico porque é unha vía que une a piscifactoría e moitas empresas auxiliares de Alcoa.

Lóxicamente se o Alcalde é un bo xestor primeiro terá que amañar as vías onde hai moitos máis coches ca onde non os hai, e iso creo que faría vostede o mesmo. Creo que non ten razón no que di; efectivamente vai á de Monte quitar a foto porque hai cada buraco!. Eu xa non vou discutir



iso porque teríamos que falar de tódolos concellos menos os gobernados polo PSOE; en tódolos gobernados polo PP as estradas da Deputación non hai por onde collelas.

Pero eu viña propoñerlle un negocio ó Presidente, que parece ser que non mo quere aceptar, de verdade faga vostede ese negocio e o día de mañá aínda pode seguir na Deputación e vaimo agradecer; e estoulle falando ben, faga vostede o negocio”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Xa sei que vostede me está falando ben, o que pasa é que é vostede un pouco xeneroso nos prezos do metro cadrado, porque ademáis baixou o petróleo, así que debía estar un pouco máis baixo, non lle parece?”.

Rematado o debate, efectuada a votación da moción presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

13.- CONTA DOS INFORMES DO CUARTO TRIMESTRE DE 2019, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA, E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO, E INFORMES DOS MESES DE OUTUBRO, NOVENBRO E DECEMBRO DE 2019 DO RD 635/2014.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes do cuarto trimestre de 2019, relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010, da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA, e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo Contra Incendios e

Salvamento de Lugo, e informes dos meses de outubro, novembro e decembro de 2019 do R.D. 635/2014.

14.- CONTA DOS INFORMES DO 1º TRIMESTRE DE 2020 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA, E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO, E INFORMES DOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2020 DO RD 635/2014.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes do 1º trimestre de 2020 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010, da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA, e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de Lugo, e informes dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020 do RD 635/2014.

15.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2019.

Dada conta da liquidación do orzamento de 2019, o Pleno da Corporación queda enterado.

16.- CONTA DO INFORME DO ARTIGO 218 DO RDL 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS, DO EXERCICIO 2019.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do artigo 218 do RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, do exercicio 2019.

17.- CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS PAGOS A XUSTIFICAR E DOS ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2019.



Dada conta do informe anual de Intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar e dos anticipos de caixa fixa do exercicio 2019, o Pleno da Corporación queda enterado.

18.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 31 DE MARZO DE 2020.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 31 de marzo de 2020.

19.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 31 DE MARZO DE 2020 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2020.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria, e Sustentabilidade Financeira a 31 de marzo de 2020 e previsións a 31 de decembro de 2020.

20.- CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO DO SECTOR PÚBLICO PROVINCIAL DE LUGO.

Dada conta do Plan Anual de Control Financeiro do Sector Público Provincial de Lugo, o Pleno da Corporación queda enterado.

21.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE OS MESES DE FEBREIRO, MARZO E ABRIL DE DOUS MIL VINTE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres de febreiro ao trinta de abril de dous mil vinte, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0298 ao 1284. O Pleno da Corporación queda enterado.

22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

A S U N T O D E U R X E N C I A

Polo Sr. Presidente maniféstase que hai unha proposta de urxencia, se así a acepta o Pleno, polo que se procederá en primeiro lugar á votación da declaración de urxencia da mesma.

Proposta relativa á alteración da cualificación xurídica de bens inmoables desta Excma. Deputación Provincial.

Logo de ver a proposta a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“En relación co asunto de referencia a Secretaría Xeral Adxunta de 25 de Maio de 2020 informa do seguinte teor

“No libro Inventario de Bens e Dereitos desta Excma Deputación está inscrita ao número dezanove a denominada AREA RECRETIVA AS SAAMASAS, cuxa superficie parcialmente esta ocupada pola denominada Area Recreativa Los Robles e cualificado coa natureza xurídica de ben patrimonial e que describe con instalacións deportivas, piscina de adultos e de iniciación e con edificio anexo con vestiarios etc e cafetería restaurante.

En cumprimento do artigo 8 do Real Decreto 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais estímase a procedencia da alteración da cualificación xurídica do inmoable provincial e coa finalidade de unificar o réxime xurídico e de outorgar o mesmo tratamento xurídico a todos os bens inmoables de similares características que forman parte do patrimonio provincial e que xa figuran cualificados como de natureza xurídica demanial (Instalacións do Muíño do Río Rato, Mazo de Santa Comba, ambas no Concello de Lugo, Aguasmestas no concello de Quiroga ou a situada no Concello de Portomarín entre outras áreas

recreativas). Nestes inmobles a explotación dunha actividade por un particular, que tamén responde a un interese xeral, non impide tipificala de interese público.

Para estos efectos, a alteración xurídica prevista no artigo 8 do RBEL, e que se pretende da parcela e instalacións que ocupa a Area Recreativa Los Robles, consistiría en outorgar a un ben patrimonial a natureza e réxime xurídico dos bens de dominio público baseado no seu destino ao servizo público. A afectación ven determinada pola vinculación entre o ben e a función pública do inmovible. Outorgáselle unha protección especial fundamentada no destino público ao que queda sometido.

A afectación do complexo constituído polas piscinas provinciais, a cafetería e restaurante, cualificadas ata a data como ben patrimonial, enmárcanse no contexto xeral de promoción do medio ambiente, polo entorno no que se encravan, e na promoción da educación física e o deporte como mandato constitucional, disposto no seu artigo 43 “Los poderes públicos fomentarán la educación sanitaria, la educación física y el deporte. Asimismo facilitarán la adecuada utilización del ocio”.

E con esta finalidade e destino constan antecedentes dende que o Pleno Provincial de 27 de xuño de 1994 aprobara a xestión mediante concesión do edificio e instalacións da Area Recreativa Saamasas que xa contaba naquel tempo de zona de piscinas, cafetería e terraza e así sucesivamente: Acordo do Pleno celebrado o 25 de febreiro de 2002 relativo á adxudicación do concurso convocado para a contratación da xestión indirecta dos servizos de explotación do edificio e instalacións do Area deportivo Recreativo de Saamasas ou o Acordo do Pleno de 28 de maio de 2007 de similares termos como continua á data de hoxe. Atendese polo tanto unha finalidade pública e a un servizo público.

Na apreciación da conveniencia e oportunidade hai que ter en conta:

Os fins perseguidos, que non son outros que a da defensa do interese xeral que corresponde a esta Administración.

Outorgar o mesmo tratamento xurídico a todos os bens inmobles de similares características que forman parte do patrimonio provincial e que xa figuran cualificados como de natureza xurídica demanial (Instalacións do Muíño do Río Rato, Mazo de Santa Comba, Aguasmestas e demais áreas recreativas).

O servizo público está incluído no contido do artigo 4 do RBEL, RD 1372/86 de 13 de xuño, *“Son bienes de servicio público los destinados directamente al cumplimiento de fines públicos de responsabilidad de las Entidades Locales, tales como (...) piscinas, campos de deporte y en general, cualesquiera otros bienes directamente destinados a la prestación de servicios público (...)”*. De cuxa lectura dedúcese unha enumeración feita a título exemplificativo e cun criterio finalista da afectación ao destino indicado.

Quedaría por tanto incluído no réxime xurídico dos bens demaniais sendo necesaria a alteración da cualificación xurídica do ben para súa afectación e consecuente aplicación do réxime de demanialidade.

E xustificándose a aplicación deste réxime de demanialidade pola circunstancia que o ben concreto debe reunir (ben demanial); o destino ao cumprimento de fins públicos de responsabilidade do ente local; e a inherente protección especial baseada nas regras da inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade, así como na potestade de exercitar a acción de recuperación de oficio dos bens demaniais.

Ademais cabe subliñar que non obstante, neste caso, a alteración da cualificación xurídica prodúcese polo teor do artigo 8.4 b) de RBEL: *“No obstante, la alteración se produce automáticamente en los siguientes supuestos: b) Adscripción de bienes patrimoniales por mas de veinticinco años a un uso o servicio público o comunal (...)”*.

Polo exposto a pretendida alteración da cualificación xurídica prodúcese de forma automática segundo o artigo 8.4 do RBEL e nos mesmo termos que contén o artigo 81.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



No obstante, como corresponde ao Pleno desta Corporación á aprobación da alteración da cualificación xurídica dos inmobles mencionados por maioría absoluta (Art. 8 RBEL) e, en particular, en virtude do artigo 57.26 do Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial someterase a súa consideración, e no seu caso, proceder á modificación correspondente no Libro de Inventario Provincial”.

Polo exposto corresponde ao Pleno da Corporación:

Aprobar á afectación automática ao dominio público provincial o inmovible provincial Inscrito ao número 19 baixo a denominación de “Área Recreativa Saamasas”, en particular a actual Area Recreativa LOS ROBLES

Modificar a inscrición no Libro de Inventario do inmovible provincial Area Recreativa LOS ROBLES e en particular a súa natureza xurídica como demanio público destinado ao servizo público”.

En primeiro lugar procédese á votación da inclusión da proposta anteriormente transcrita na Orde do Día por vía de urxencia.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría absoluta a declaración de urxencia do asunto e polo tanto a súa inclusión na Orde do Día.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Moi brevemente porque é unha cuestión bastante técnica. Dicir que as actividades de restauración e piscina, que son as que afectan á explotación do inmovible provincial denominado “Área recreativa dos Robles” están nunha situación xurídica actual de explotación que se encontra en precario e pendente dun outorgamento formal por parte do uso da explotación.

Entonces, como está a piques de comezar a época estival na que fan a súa apertura ó público, e en especial as piscinas de uso xeral, demandan que a explotación desta área recreativa se reforce coas condicións que deben rexer esta xestión patrimonial, mediante o outorgamento dunha concesión demanial a cuxos efectos é preciso unha alteración na cualificación xurídica do ben. De aí que se traia este asunto ó Pleno para facilitar a apertura das mesmas no máis breve prazo posible”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Nós acabamos de recibir a documentación no día de hoxe, coma sempre tarde, mal e arrastro. Este é un tema complexo, polo que nós propoñemos que quede sobre a mesa, porque ademáis non sabemos se necesita ditame da Comisión Informativa, ó mellor a Secretaria nolo podía dicir, porque igual estamos avanzando para despois retroceder. Cremos que é un motivo bastante importante, é unha concesión, se estivera gobernando o Partido Popular chamaríanlle unha privatización, pero como vostedes son así isto é algo moi normal.

Polo tanto nós non podemos dar a nosa opinión porque nos acaba de chegar agora mesmo a documentación; e por outra banda porque entendemos que debería pasar pola propia Comisión e facelo co tempo que merece, ás veces as présas traen despois malos resultados.

Nós propoñemos deixalo encima da mesa, e discutir este asunto co tempo que é necesario para facelo, e non o mesmo día do Pleno. Creo que é un mal traballo por parte do equipo de goberno; e dende logo un tema tan importante entendemos que debe ser debatido polos órganos que así se outorgan na legalidade desta Deputación”

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que isto pode ser atribuíble a varios gobernos, incluído o seu, nesta Casa, señor Castiñeira; debería prestarlle un pouco máis de atención ós asuntos.



Dito isto, e tendo en conta que hai un informe relativo a esta alteración da cualificación xurídica de bens inmoables desta Deputación, é un informe do Servizo de Secretaría, nós non temos ningunha dúbida en canto ós aspectos legais.

Dende logo non imos seguir o seu xogo demagórico; a proposta tivémola todos ó mesmo tempo, eu mesma falei con vostede por teléfono para explicarlle brevemente en que consistía e para que tivese coñecemento da mesma; chégalles hoxe e vai como asunto de urxencia, porque se tivese estado antes iría dentro da Orde do Día do Pleno; pero a realidade é esta, que nós non queremos prexudicar, senón todo o contrario, favorecer a apertura desas instalacións, e alá cadaún coa súa postura”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Señora Porto, vostede chamoume hoxe mesmo pola mañá, os meus compañeiros non teñen a información, ademáis unha información que entendemos que é importante porque estamos a falar dunha concesión dunhas instalacións, só lle estamos a dicir iso. Se vostede quere que presentándonos hoxe esta documentación nós lles aprobemos esta proposta dende logo que o Partido Popular non funciona así.

E se tivese a suficiente previsión traeríano ó Pleno ordinario ou traballado antes, pero aquí como todo chega tarde, igual có plan único que chega tres meses despois e aínda non imos poder aprobalo nos próximos meses; coma os orzamentos, que tamén chegan tarde. Pois se todos temos que ser cómplices das súas ineptitudes, dende logo que o Partido Popular non o vai ser; recoñeza que me chamou hoxe, e polo tanto eu ós meus compañeiros non lles vou obrigir a que aproben sen consultar unha documentación de algo que entendemos que é necesario que veña ditaminado pola propia Comisión, para que siga o proceso natural, e non así por urxencia coma se fose unha moción calquera; o Covid-19 non acaba de saír agora, levamos setenta e cinco días do estado de alarma, e supoño que non lle botarán a culpa agora ó Covid-19”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Non teño ningún inconvinte en recoñecer que o chamei hoxe, todo o contrario, claro que o chamei hoxe para explicarlle que viña este asunto de urxencia ó Pleno.

E nós en ningún momento lle botamos a culpa ó Covid-19 de nada; pero vostedes fagan o que queiran cos seus votos, que xa o fan habitualmente, sen ter en conta os intereses desta provincia, continúen así que nós xa procuraremos cumprir ata coas esixencias que nos poñen para Alcoa”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Sr. Castiñeira, e señoras e señores Deputados, este é un claro exemplo de predicar ou dar trigo, de gobernar ou estar na oposición. Nestes momentos, Sr. Castiñeira, que é un asunto que descubriron os servizos do concello, que vén do ano 2015, e que está mal e hai que corrixilo, por iso se trae por urxencia, porque se se deran conta antes xa o tiveramos levado como un punto ordinario, iso enténdese por si só.

De todas maneiras faime graza vostede con iso de chegar tarde a todo, así que o día que cheguemos anticipados vai haber que facer unha festa.

Polo tanto, unha vez rematado o debate imos someter a votación a proposta”.

Por parte do Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, maniféstase que tendo en conta que se fixo unha proposta por parte do seu Grupo de que quede sobre a mesa, pide que a mesma se vote.

Efectuada a votación da proposta do Grupo Provincial do Partido Popular, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos



señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a proposta do Grupo Provincial do Partido Popular.

A continuación procédese á votación da proposta de alteración da cualificación xurídica de bens inmoables desta Excma. Deputación Provincial, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría absoluta a proposta presentada e anteriormente transcrita.

23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Esta mesma mañá por parte do Grupo Provincial do Partido Popular foron presentadas dúas Preguntas e un Rogo. En canto ás Preguntas, levan consigo recabar datos que agora mesmo aquí non teño, polo tanto non as vou respostar hoxe, aínda que vostedes poden formulalas. En canto ó Rogo, si que poden formulalo porque si que estou en condicións de contestarlle”.

ROGOS

Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo aos traballos de desbroce de maleza das estradas provinciais.

Intervén para formular o Rogo a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A Deputación Provincial de Lugo é a institución responsable de realizar as labores tanto de conservación como de mantemento na rede viaria provincial.

A falta de desbroce nas estradas provinciais nesta época do ano provoca riscos. Por un lado, para o tráfico rodado, dado que hai moitos sinais tapados, ou case tapados, pola maleza, o que constitúe un perigo para a seguridade vial. Por outro lado, é un risco no que se refire aos incendios.

Todo parece indicar que un ano máis, por parte da institución provincial, demórase o inicio das operacións necesarias para desbrozar a vexetación que crece nas marxes destas vías de comunicación, cos conseguintes riscos para a seguridade.

O Presidente é dobremente responsable de que a Deputación empece en tempo estes traballos. É dobremente responsable porque por un lado é Presidente da Deputación e, ao mesmo tempo, é responsable directo da área de Xestión Territorial, que inclúe Vías e Obras, Parque Móbil e a Unidade de Proxectos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte Rogo:

Que a Deputación comece os traballos de desbroce de maleza nas estradas provinciais, á maior brevidade posible, ao igual que xa o empezaron a facer outras administracións nas estradas da súa competencia”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Pois non sei de onde saca vostede esas suposicións que acaba de manifestar. Creo que este ano vai ser a primeira vez en moitos anos, incluídos eses meses que gobernaron vostedes durante o verán hai catro anos, que van empezar os desbroces o un de xuño; é dicir, a semana que vén estarán en tódalas zonas da provincia de Lugo desbrozándose as estradas provinciais. Así que dígalle vostede a quen lle dixo que ían tarde que se informen antes, e se é colleita súa poir cambie de colleita.

Por tanto a partires da semana que vén en toda a provincia estarán as máquinas funcionando desbrozando as carreteras, para que no mes de xuño e xullo estea totalmente rematado,

e o mes de agosto, que se supón que é o mes de vacacións por excelencia, en tódolos concellos da provincia estean desbrozadas as vías provinciais”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Esa é unha boa noticia, e o obxecto do Rogo era porque alo menos ata outubro nunca se desbrozaron as carreteras da Deputación en Courel. Por tanto é unha moi boa noticia se así son as cousas”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa aos traballos de mantemento realizados polo Parque Móbil na Rede Viaria Provincial.

Intervén para formular a Pregunta a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A existencia de infraestruturas viarias en bo estado resulta esencial tanto para os desprazamentos dos lucenses como para o desenvolvemento económico e turístico da provincia.

Unha das obrigas da Deputación de Lugo é a xestión da súa rede viaria provincial e a asistencia aos concellos, a través do seu Parque Móbil, para o arranxo e mantemento de vías municipais.

Precisamente, para levar a cabo actuacións neste ámbito o organismo provincial conta cos recursos económicos, materiais e humanos necesarios. Tal é así que, nos orzamentos, o Parque Móbil Provincial dispón de partidas específicas para acometer estes traballos, ademais dun amplo dispositivo formado, como é sabido, por equipos de rego e de limpeza, traillers, camións, pala cargadora de cadea, etc.

Sobre este servizo que, a priori, resulta indispensable para a mellora das comunicacións, descoñécese a súa planificación e os criterios de distribución, detectándose certa desigualdade por parte do goberno provincial á hora de poñelo a disposición das entidades locais. Varios alcaldes trasladaron a este Grupo a súa queixa neste senso, pois mentres algúns rexedores xa tiveron as máquinas no seu concello varias veces, outros, sen embargo, aínda as están agardando, algúns levamos máis de dez anos.

Así, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

- ¿En que concellos de forma detallada, realizou o Parque Móbil Provincial actuacións de mantemento da rede viaria durante os meses que transcorreron do presente ano e que previsións e planificación manexa o goberno provincial respecto ao mesmo para os vindeiros meses?”.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Como xa lle dixen, non conto aquí con esta información, pero recabarei os datos e terá vostede resposta no próximo Pleno”.

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ao arranxo da Ponte de San Estebo.

Intervén para formular a Pregunta o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A Ponte de San Estebo situada na estrada “LU P – 5101. Rábade (N VI) – Friol (LU 232)”); (intermunicipal Rábade, Begonte, Outeiro de Rei, Friol), é unha infraestrutura moi transitada e que une varias parroquias de Begonte e de Outeiro de Rei, ademais de servir de nexo con Rábade e con Friol.

Ante a ausencia de actuacións de conservación na mesma, por parte da Deputación Provincial, esta foi degradándose de tal xeito que unha vez constatada a perda dos requisitos

mínimos de seguridade o equipo de goberno provincial rematou prohibindo o tráfico de vehículos de máis de dez toneladas.

As consecuencias desta decisión son, por unha banda, a imposición de trabas na circulación dos vehículos afectos ás actividades económicas dos veciños que observan como experimentan un incremento nos custes temporais e económicos de transporte e de movemento na maquinaria o que repercute de xeito negativo na produtividade, competitividade e rendibilidade das súas explotacións.

E, por outra banda, a imposibilidade de que pola mesma circulen autobuses, sinaladamente os vehículos de transporte escolar o que conleva que os nenos e nenas teñan que dar un rodeo de varios quilómetros para ir á escola ou ás súas casas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

¿Ten proxectado o equipo de goberno provincial levar a cabo a redacción e execución dun proxecto de arranxo da Ponte de San Estebo situada na “LU P – 5101. Rábade (N VI) – Friol (LU 232)” ; intermunicipal Rábade, Begonte, Outeiro de Rei, Friol; que permita que a mesma se reabra ao tráfico rodado pesado e de autobuses en axeitadas condicións de seguridade?”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Como dicía antes, recabarei a información e no próximo Pleno terá vostede cumprida información”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e tres minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.